
Informe territorial dende a perspectiva de Xénero de Mulleres e Homes de Vigo 2012

Asociación de Mulleres
Progresistas de Vigo.

Marzo 2013



1.INTRODUCCIÓN	3
2.ESTRUTURA DA INVESTIGACIÓN. METODOLOXÍA	5
3.TERRITORIO E MEDIO	8
4.ESTRUTURA DEMOGRÁFICA	19
5.EDUCACIÓN E FORMACIÓN	46
6.MERCADO LABORAL	67
7.SAÚDE	80
8.BENESTAR E CALIDADE DE VIDA	108
9.DEPORTE	125
10.VIOLENCIA DE XÉNERO.....	136
11.CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL.....	168
12.PARTICIPACIÓN E TOMA DE DECISIÓNS.....	178
13.CONCLUSIÓNS.....	204
14.BIBLIOGRAFÍA.....	216
15.ENTIDADES E PERSOAS COLABORADORAS.....	226

1. INTRODUCCIÓN

O Informe que a continuación se presenta ten como finalidade reflectir a situación sociodemográfica das mulleres e homes de Vigo dende a perspectiva de xénero, co obxectivo de proporcionar á Administración Local unha panorámica acerca das diferenzas e desigualdades existentes entre mulleres e homes da cidade, coa finalidade de facilitar o deseño e planificación de programas públicos adaptados á realidade social do municipio.

Neste sentido, tamén as e os axentes sociais poderán beneficiarse dunha análise que lles permitirá valorar as diferentes condicións, situacións, necesidades e aspiracións de mulleres e homes, tendo en conta os efectos diferenciais que as políticas ofrecen a uns e outras, visibilizando as relacións e roles de xénero.

Dito informe é o resultado dun convenio de colaboración da *Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo* coa *Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado* dentro do *Plan de Emprego do Concello de Vigo 2012*. Plan que ten como finalidade a contratación de persoas desempregadas de Vigo, e reforzar a función das entidades beneficiarias mediante o desenvolvemento de convenios de colaboración.

A elección desta investigación ven determinada pola súa inclusión no *IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo 2009-2012*, que, concibido como instrumento de intervención política dirixida a favorecer e impulsar o proceso de transformación social das relacións de xénero na nosa cidade, establece no *Eixe de Empoderamento, Visibilización e Participación Social* a elaboración dun "*Estudo sobre a situación social das mulleres de Vigo*" coa finalidade de visibilizar a súa situación social e a súa contribución ao desenvolvemento das distintas sociedades, valorando, o traballo que tradicionalmente veñen realizando e recoñecendo a súa participación e as súas achegas aos distintos campos.

Os datos que se expoñen teñen como misión coñecer, analizar e visibilizar, a situación diferencial da poboación masculina e feminina en distintas áreas: Territorio e medio, Estrutura demográfica, Educación e formación, Mercado laboral, Saúde, Benestar e calidade de vida, Deporte, Violencia de xénero, Conciliación da vida laboral, familiar e persoal e Participación e toma de decisións.


2. ESTRUCTURA DA INVESTIGACIÓN. METODOLOXÍA

Dende unha perspectiva metodolóxica o *Informe Territorial dende a perspectiva de Xénero de Mulleres e Homes de Vigo 2012* é un documento descriptivo que combina información cuantitativa e cualitativa, combinación que permitiu analizar e reflexionar sobre as causas e procesos acontecidos na cidade de Vigo nos últimos anos.

Non obstante, a recollida de información cualitativa permitiu a combinación destas dúas metodoloxías, para así analizar e reflexionar sobre as causas e procesos acontecidos na nosa cidade.

Noutro orde de cousas, compre resaltar as dificultades e límites atopados para a elaboración deste informe dende a perspectiva de xénero, debido fundamentalmente á inexistencia de datos actuais desagregados por sexo a nivel municipal, polo que en ocasións houbo que recorrer a datos provinciais por ser o ámbito máis próximo, o que facilitou un achegamento á realidade da poboación obxecto de estudo. Establécense tamén comparacións co ámbito autonómico galego co obxectivo de analizar a situación das mulleres e homes de Vigo nun contexto máis amplo.

A seguinte gráfica amosa en modo esquemático os pasos para a realización deste informe:



A elaboración do deseño metodolóxico da investigación estrutúrase en varias fases:

Fase 1: Fontes de Información.

Nesta fase levouse a cabo unha recollida de información procedente de diversas fontes documentais para realizar o estudo e análise exhaustiva da mesma, coa finalidade de adquirir coñecementos sobre as diversas áreas temáticas a investigar e coñecer os datos actuais relativos á cada unha das áreas e a súa evolución a través de información documental e estatística.

As fontes de recollida da información cuantitativa pódense agrupar en: bases de datos procedentes do Instituto Galego de Estatística e do Instituto Nacional de Estatística; bases de datos da Consellería de Educación; de memoria e estudos descritivos e estatísticos elaborados por organismos ou entidades públicas e privadas, sindicatos, partidos políticos, asociacións sociais e profesionais, etc.

Fase 2: Identificación das áreas de investigación

Unha vez analizada a información, procédese ao establecemento das seguintes áreas de investigación: Territorio e Medio; Estrutura demográfica; Educación e formación; Mercado Laboral; Saúde; Benestar e Calidade de Vida; Deporte; Violencia de Xénero; Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal e Participación social e política.

En función destas áreas establécense os indicadores adecuados para cada unha delas. Comentar neste apartado a imposibilidade de realizar a indagación dalgúns dos indicadores que consideramos importantes analizar dende a perspectiva de xénero ao non existir datos desagregados por sexo.

Fase 3: Selección de técnicas de recollida de información. Elaboración de soportes.

Nesta fase defínense as técnicas de investigación que mellor se adaptan á cualidade das variables e indicadores a analizar. Esta selección de técnicas materialízase no deseño dos soportes para recoller información sobre as variables significativas. Elaboráronse tres entrevistas semiestructuradas coa finalidade de recoller información cualitativa e cuantitativa a: 2 mulleres deportistas destacadas do deporte vigués; a 2 organizacións non gobernamentais que traballan con mulleres prostituídas e a 47 asociacións pertencentes ao movemento asociativo de mulleres da cidade. Para o

tratamento dos datos obtidos no traballo de campo realizado co movemento asociativo de mulleres realizouse un soporte informático que facilitará a análise dos datos tanto cuantitativos como cualitativos.

Fase 4: Procesamento e Análise de datos

Nesta fase procésanse e analízanse os datos recollidos tendo en conta a súa clasificación: os datos secundarios procedentes dos Institutos de Estatística Oficiais; de organismos oficiais; de estudos específicos de cada ámbito; de memorias anuais de servizos e recursos...etc, así como de datos primarios procedentes da realización das entrevistas semiestruturadas administradas ás mulleres pertencentes ao colectivos antes mencionados.

Fase 5: Elaboración do Informe final

Una vez rematada a fase anterior, procedese a realizar a redacción definitiva do documento final que xorde como produto dun conxunto de feitos: os coñecemento adquiridos e a posterior reflexión de todas as fases anteriores.

3. TERRITORIO E MEDIO

A cidade de Vigo está situada ao sur da Provincia de Pontevedra, constitúe o municipio de maior poboación de Galicia e a cidade máis industrializada da Comunidade Autónoma Galega, sendo a cidade sen rango de capital con máis poboación do país.

Ten unha extensión aproximada de 110 quilómetros cadrados de orografía moi accidentada sobre a que se mestura gran cantidade de parroquias rurais, cunha ampla actividade e vida, co núcleo urbano. É unha urbe nova que tivo o seu gran desenvolvemento urbano e demográfico no século XX ao multiplicar por vinte a súa poboación, sendo a cidade galega que maior fluxo migratorio rexistrou en toda a súa historia.

O proceso de expansión do municipio foi de forma acelerada e sen orde; así, non se observa a secuencia característica de núcleo inicial, cinturón industrial, polígonos para obreiros, zonas residencias e selectas ...

Importante motor económico da autonomía, o concello ten como áreas significativas de creación de riqueza a Zona Franca, PSA-Citroën e Bouzas.

Neste apartado preséntanse as características territoriais e do contorno do Concello de Vigo.

3.1. SITUACIÓN, SUPERFICIE E CLIMA

A cidade de Vigo atópase na beira sur da ría de Vigo na provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma Galega. É un municipio costeiro das Rías Baixas que limita ao norte co Océano Atlántico, na ría á que dá nome, ao nordeste co concello de Redondela, ao leste co de Mos, ao sur cos concellos do Porriño e Gondomar e ao suroeste co concello de Nigrán.

Na mesma ría, atópanse as vilas de Cangas e Moaña, a 5 e 3,6 quilómetros de distancia, respectivamente. As Illas Cíes, a 14,5 quilómetros de Vigo e de 433,8 hectáreas, pechan a ría formando un arquipélago declarado en 1980 Parque Natural e Zona de Especial Protección para aves.

Situación: 42° 14' Norte, 8° 45' Oeste



Fonte: Google earth

A cidade presenta unha topografía variada na que se suceden áreas deprimidas e sectores elevados, zonas chás e outras en pendente, estando o seu centro no monte do Castro, con 149 metros de altura, o que provoca que moitas das rúas dos barrios centrais sexan pendentes pronunciadas.

Dende o punto de vista da súa situación, é unha cidade de costas e vales profundos, sendo os de maiores dimensións o Val do Fragoso, antigamente unha das comarcas naturais máis fermosas e fértiles. O municipio vigués asómase á ría nunha extensa fronte marítima, na que se poden diferenciar dous tramos. Un comprendido entre o monte da Guía e a punta de Alcabre, formado pola dobre baía de Guixar e Bouzas, que constituían áreas de acumulación mariña nas que se formaron grandes areais, de aí o nome de Areal co que se coñece o barrio que se formou na baía de Guixar. O segundo sector está formado por un anaco de costa baixa onde se formou

un areoso que comprende as praias de Samil, O Vao e Canido. A pequena Illa de Toralla está unida á terra por unha ponte e na entrada da ría ás Illas Cíes serven de abrigo ao porto e danlle ao espazo maior valor paisaxístico e ecolóxico.


Illas Cíes



Fonte: www.mardeons.es

A cidade está conformada por un anel de montes periurbanos con pequenas elevacións poboadas de vexetación que conforman os montes mancomunados e tamén os privados, pertencentes ás parroquias administrativas ao carón do Concello. Hai 12 parques forestais: Coruxo, Beade, Santo André de Comesaña, Zamáns , Bembribe, Bandeira-Cabral, Saiáns, Monte Alba-Cepudo, Teis-A Madroa, O vixiador-Candeán, Monte dos Pozos-Valadares e San Miguel de Oia.

Gráfica 3.1: Climograma de Vigo



Fonte: wikipedia

Vigo caracterízase por un clima tépedo, con escasas xeadas, moderados cambios de temperatura, precipitacións elevadas e con certa seca estival. Podemos dicir que é un clima oceánico de transición ao mediterráneo. Un clima privilexiado para as especies vexetais cuxo crecemento non ven limitado a causa do clima. O municipio de Vigo presenta unha diversidade de microclimas debido á morfoloxía do seu territorio

Flora e Fauna

A vexetación arbórea de carácter oceánico da fachada litoral da Europa Occidental, está constituída por especies atlánticas, sendo o seu xenuíno representante o carballo. Consérvanse agrupacións de carballos centenarios na Guía, San Roque e Quiñones de León. As ribeiras fluviais presentan unha frondosa vexetación e unha fauna que se distingue pola súa diversidade. O piñeiro é a especie máis numerosa xunto cos eucaliptos. Ademais das especies vexetais típicas dos bosque galegos, Vigo ten zonas de gran

diversidade como vexetación en húmidas ou en dunas e praias e en zonas rochosas.

O concello conta cun inventario de árbores singulares e masas arbóreas naturais de todo o termo municipal de Vigo que cataloga 226 especies máis 12 híbridos e un número total de exemplares que ascende a 4.259.

Existe unha gran variedade de hábitats: marismas, ríos e ribeiras, zonas arboradas, cultivos e praderías e zonas de matogueiras. Os ríos e encoros contan cunha gran diversidade de especies como: a troita, a anguía, gobio, perca sol, troita arcoiris, solla de río, etc. No mar a diversidade é aínda maior como así o proba a intensa actividade pesqueira.

En Vigo atopamos 11 especies de anfibios das 14 presentes en Galicia e das 25 existentes en España. Tamén conta con 13 especies de réptiles, dende a *cobra raspiñeira* ata a *lagarta galega*, e está catalogada a presenza de 29 mamíferos dos 60 que se poden atopar en Galicia.

Existe unha gran cantidade de especies de aves. Estas son o principal grupo faunístico indicador da importancia biolóxica dun espazo. Hai que distinguir entre as que nidifican en Vigo das que aparecen regularmente nos seus pasos migratorios. No municipio de Vigo nidifican 42 especies. Destacan o azor, o gabián ou o falcón peregrino ou a multitude de aves mariñas que nidifican nas Illas Cíes.

O arquipélago de Cíes posúe unha extraordinaria riqueza, tanto terrestre como mariña, en canto a vexetación e especies animais. As illas son internacionalmente coñecidas por albergar importantes poboacións de aves mariñas o que posibilitou a declaración das Cíes como ZEPA (zona de especial protección para as aves), por parte do Estado español e da Comunidade europea. A especie máis abundante no parque natural é a gaivota patiamarela con 1.000 parellas reprodutoras no arquipélago, por outra banda existen unha gran cantidade de paxaros que nidifican, hibernan ou descansan das súas viaxes migratorias nestas illas.

Entre os mamíferos silvestres, atopamos coellos, ourizos e, ocasionalmente, algunha londra. Entre os réptiles cómpre destacar o escáncer de cinco dedos, o lagarto arnal, a lagarta ou pequenas cóbregas, todas inofensivas e non venenosas. Os animais anfibios son infrecuentes.

3.2 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL: ENTIDADES DE POBOACIÓN

O Concello de Vigo ten un gran núcleo urbano, no que prima a división administrativa baseada nos barrios. Pero tamén posúe unha importante zona rural, onde a división tradicional en parroquias, formadas por aldeas e lugares, segue estando moi viva.

A parroquia é a unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio, que está constituída pola agrupación de entidades singulares e que goza de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica. As parroquias viguesas conservan aínda un forte carácter propio e gozan dunha activa vida asociativa.

Mapa das parroquias de Vigo



Fonte: hoxe.vigo.org

Táboa 3.1: Poboación por parroquias 2001

Entidades colectivas (parroquias)	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Diseminados
18	301	292	43

Fonte: INE

A táboa 3.1 relativa ás parroquias de Vigo reflicte que segundo o nomenclátor de 2011 o municipio de Vigo está formado por 301 entidades singulares agrupadas en 18 entidades colectivas (parroquias) denominadas: Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Freixeiro, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Sárdoma, Saiáns, Teis, Valadares e Zamáns; e as entidades singulares de poboación de Vigo e Cíes, que non están incluídas en ningunha.

No ano 1992 constitúese a *Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo* (MAIV), asociación de municipios limítrofes que forman unha entidade local de carácter supramunicipal, coa finalidade de prestar servizos mancomunados destinados á execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia, conforme establece o art. 44.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade co art. 44.2 da citada lei, dita entidade ten plena personalidade xurídica para cumprir os seus fins e réxese polos seus propios estatutos. A súa poboación estímase ao redor de 550.000 habitantes.


A *Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo* ten como obxectivos: Procurar o desenvolvemento xeral e harmónico de todos os concellos que a integran; Unir esforzos co fin de prestar á cidadanía un maior número de servizos e de mellor calidade; Reducir diferenzas sociais e económicas entre territorios limítrofes; Buscar solucións conxuntas para os problemas que son comúns aos concellos; Mellorar a calidade de vida e o benestar dos seus habitantes; Impulsar o desenvolvemento integral e sostido da área.

A *Área metropolitana de Vigo*, oficialmente defínese como unha entidade local supramunicipal, de carácter territorial, integrada polos municipios de

Vigo e os da súa área de influencia, entre os cales existe unha vinculación económica e social que fai necesarias a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras, para garantir a súa prestación integral e adecuada no ámbito de todo o territorio así como alcanzar a eficacia dos investimentos públicos

É unha zona urbana que se estende pola provincia de Pontevedra, ao redor da cidade de Vigo. Foi constituída como entidade xurídica, segundo a lei autonómica 4/2012 publicada no Diario Oficial de Galicia o 23 de abril de 2012, que no seu artigo 2, delimita o seu ámbito territorial aos seguintes municipios: Vigo, Cangas do Morrazo, Moaña, Soutomaior, Fornelos, Pazos de Borbén, Redondela, Nigrán, Baiona, Gondomar, Mos, Porriño, Salceda e Salvaterra de Miño. A poboación total ascende aos 480.459 habitantes no 2011¹.

Concellos da Mancomunidade



Fonte: wikipedia

As áreas de xestión competencial da área metropolitana son: promoción económica, emprego e servizos sociais; turismo e promoción cultural; mobilidade e transporte público de viaxeiros; medio ambiente, augas e xestión de residuos; prevención e extinción de incendios; protección civil e salvamento; ordenación territorial e cooperación urbanística; e coordinación nas tecnoloxías da información e da comunicación.

¹ A composición da Mancomunidade é variable durante este anos e depende da inclusión ou exclusión dalgún concellos.

3.3 INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN

Ademais de estar estratexicamente situada, a cidade de Vigo conta cunhas comunicacións óptimas tanto por terra coma por mar ou aire.

A nivel terrestre, o municipio de Vigo ten unha rede que facilita a súa comunicación co resto da Comunidade Autónoma, Portugal, e España. A Circunvalación de Vigo, VG-20: rodea a cidade e conecta coa AP-9; A Autoestrada do Atlántico, AP-9, liga a cidade con Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol, atravesando o oeste de Galicia conectando as provincias de Pontevedra e A Coruña, enlazando coa A-6 cara a Lugo; A Autoestrada do Val Miñor, AG-57: conecta a cidade ao sur cos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar; A Autovía do Atlántico, A-55: enlaza a cidade cos concellos de Porriño e Tui e co país veciño, Portugal; A Autovía das Rías Baixas, A-52: une a cidade ao leste con Ourense, Zamora, Madrid e España central e sur; finalmente, as Estradas nacionais: N-120 e N-550, saídas tradicionais da cidade cara Ourense e A Coruña respectivamente.

A cidade conta cun importante sistema de transporte a nivel urbano, interurbano e internacional. O Autobús urbano: actualmente, 39 liñas comunican as distintas parroquias de Vigo. O autobús interurbano: dende a estación de autobús de Vigo comunícase a cidade con localidades da Área Metropolitana, coas demais cidades galegas destacadas, con cidades relevantes do resto de España e principais destinos europeos. O tren: a Estación de Tren de Vigo conecta a poboación viguesa coas cidades de A Coruña, Madrid, Irún, Barcelona e Valença do Minho, en Portugal.

A nivel aéreo, o aeroporto de Peinador, situado a 9 km do núcleo urbano, está situado en terreos dos municipios de Redondela, Vigo e Mos.

Ofrece á cidade de Vigo destinos nacionais directos ás principais urbes do país e algún destino directo europeo. Respecto ao aeroporto en cifras², houbo 774.154 pasaxes anuais, 10.431 operacións realizadas e 523.743 Kg de carga transportada, como últimos datos.

² Aena Aeroportos

A nivel marítimo, o desenvolvemento dos municipios veciños e o do seus recursos veu ser favorecido polas comunicacións dende o Porto de Vigo que, xunto coas ferroviarias, favoreceron o seu proceso de industrialización. Así, Porriño asentou o comercio exterior do granito, Redondela afianzouse no sector téxtil e ampliáronse os mercados da actividade vinícola do Baixo Miño.

O Porto de Vigo foi líder mundial no 2.011 en tráfico de peixe e os seus derivados, por outra banda, o incremento da atracada de cruceiros turísticos potencia cada vez máis a economía da cidade. Está conformado por 2.572.577m² de superficie terrestre e 14.000 Ha de auga protexida, atopándose a maioría das infraestruturas e as instalacións portuarias para o transporte de mercadorías e de pasaxe e a pesca, no municipio de Vigo (2.048.854 m²).

Existe tamén un tráfico de pasaxe coa Ruta Vigo-Morrazo comunicando con gran frecuencia aos municipio de Cangas e Moaña coa cidade. A Ruta Vigo-Illas Cíes mantén comunicación, fundamentalmente no verán, coas illas. Por outra banda atopamos o peirao de transatlánticos, o peirao deportivo e puntos de atraque ou fondeo para embarcacións particulares.

O Transporte de mercadorías realízase a través da área portuaria de Bouzas con: zona destinada a terminal de transbordadores e o peirao de reparacións; area portuaria de Beiramar e O Berbés destinadas a estaleiros, peiraos e frigoríficos, ao atraque de barcos pesqueiros de altura e baixura, lonxas de altura, baixura, litoral e marisco; e a área de peiraos comerciais: peiraos do Areal, Comercial e Transversal, destinados á carga xeral e fluídos, con conexión ferroviaria; terminal de Guixar, peirao destinado ao tráfico de colectores, con conexión ferroviaria.

Mencionar tamén a contribución da fábrica de automóbiles Citroën-Hispania na posición do Porto de Vigo como un dos primeiros de España en tráfico.

Un dos piares básicos da economía galega, o grupo francés PSA-Peugeot Citroën, comeza a súa actividade en Vigo en 1958 como Citroën Hispania en

terreos do sector de Balaídos da Zona Franca, responsable do cinto que contacta Bouzas co interior de España, posibilitando a través do Porto o transporte de coches fóra de Vigo, e a recepción de materiais para a factoría. Supuxo a creación dun tecido industrial de provedores e industrias complementarias no entorno, co consecuente crecemento demográfico para Vigo, creando cerca de 8.000 postos de traballo.

4. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

A demografía permite analizar o estado e a dinámica dunha poboación, e para isto require da observación, o rexistro e a recolección dos sucesos acontecidos en dita poboación nun período de tempo e espazo xeográfico determinado. A dinámica poboacional de Vigo nas últimas décadas segue as tendencias experimentadas pola poboación galega e española, caracterizada por lixeiras oscilacións no número de habitantes e por unha alteración na súa estrutura etaria.

A continuación expóñense os datos relativos ás mulleres e homes da localidade de Vigo durante o período 1991-2011, que darán a coñecer a evolución da poboación e os factores que contribuíron ás transformacións demográficas acontecidas nos últimos vinte anos.

4.1 DENSIDADE DEMOGRÁFICA

A poboación total de Vigo a decembro de 2012, é de 295.623 habitantes, correspondendo 154.704 a mulleres e 140.919 a homes.

A extensión que ocupa a cidade de Vigo é de 109.06 quilómetros cadrados, sendo a súa densidade de poboación de 2.531,7 habitantes por quilómetro cadrado no ano 1991, aumentando ata 2.633,2 nos dez anos seguintes e acadando os 2.724,5 no ano 2011.


Táboa 4.1. Densidade de poboación Vigo, Provincia Pontevedra e Galicia

	Vigo	Prov. Pontevedra	Galicia
Ano 1991	2.531,7	199,6	92,4
Ano 2001	2.633,2	203,8	92,4
Ano 2011	2.724,5	214,4	94,5

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Este dato cobra relevancia se o comparamos cos datos provinciais e autonómicos, como se reflicte na táboa 4.1 onde a densidade de poboación de Vigo supera amplamente en todo o período de referencia á dos territorios analizados. No último ano, a densidade da cidade Olívica multiplica por máis de 12 á da Provincia de Pontevedra, e por 29 á da Comunidade Galega, constituíndo unha das máis elevadas da Comunidade Autónoma Galega.


Gráfica 4.1. Mapa de densidade poboacional na Comunidade Autónoma de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE 2011 e dos facilitados por Susana Freixeiro

O municipio de Vigo foi acadando a través dos anos cotas cada vez máis altas na súa densidade de poboación pero non segue unha constancia na súa progresión.


Gráfica 4.2. Evolución da densidade de poboación en Vigo



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Así nos anos 2004, 2006 e 2010 Vigo perdeu densidade como se pode apreciar na gráfica 4.2, perdendo entre o ano 2003 ao 2004, 507 habitantes, e no período 2005-2006 a redución foi de 470 persoas. Pola contra, o ano 2003 foi o de maior incremento (4.242 habitantes).

Gráfica 4.3. Densidade de Poboación e poboación desagregada por sexo de Vigo



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

4.2 POBOACIÓN SEGUNDO SEXO E GRANDES GRUPOS DE IDADE.

As mulleres viguesas amosan un peso demográfico global superior aos homes en todo o período analizado. A explicación a esta diferenza pode atoparse na mortalidade diferencial por sexo, que aínda que nacen máis nenos que nenas, nos intervalos de idade máis avanzada existe maior número de mulleres que homes.

Táboa 4.2: Poboación segundo grupos de idade no intervalo 1991-2011

Grupos de idade	ano 1991					ano 2001					ano 2011				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
-16	29.530	49	30.604	51	60.134	18.906	48	20.082	52	38.988	19.726	48	21.469	52	41.195
16-64	95.040	52	89.271	48	184.311	101.267	51	95.423	49	196.690	101.929	51	96.769	49	198.699
>64	18.821	62	11.306	38	30.127	25.962	61	16.865	39	42.827	33.052	59	22.682	41	55.734
Total	143.391	52	131.181	48	274.572	146.135	52	132.370	48	278.505	154.704	52	140.919	48	295.623

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

Explotando os datos da táboa anterior, no ano 1991 a poboación menor de 16 anos representaba o 22 %, dato que diminúe ata o 14% para o ano 2011. Trátase de persoas en idade estudantil que non forman parte do mercado laboral, é o único grupo que presenta maior porcentaxe de homes en todo o período analizado, superando na actualidade en catro puntos ás mulleres. Será a partir desta idade cando a situación se modifica e as mulleres superan aos homes.

O 67% da cidadanía viguesa sitúase entre os 16 e os 64 anos. Son persoas en idade activa, traballadoras potenciais ou efectivas, grandes manteñedoras das estruturas sociais. É o tramo de idade onde a presenza masculina e feminina está máis equiparada e mantense máis estable durante todo o período analizado.

Os grupo de persoas maiores de 64 anos que constituían o 11% no ano 1991, incrementáanse en 8 puntos no ano 2011 (19%). Se desagregamos este dato por sexo atopamos que é a franxa de idade que presenta maior número de mulleres en todo o período analizado, acadando o 59% no ano 2011. Na actualidade existe unha diferenza de 18 puntos entre mulleres e homes neste tramo etario, o que implica que case 6 de cada 10 habitantes de máis de 64 anos son mulleres.

A poboación de Vigo presenta unha clara inversión demográfica, existen máis persoas maiores de 65 anos que menores de 14 anos, nos últimos vinte anos aumentaron 8 puntos porcentuais. Este dato nos está a indicar un proceso de envellecemento da poboación que ten fortes implicacións para o funcionamento social, familiar, sanitario,.. que deriva nunha serie de cambios nas formas de convivencia familiar; na composición dos fogares; nas relacións de dependencia, convivencia e coidados interxeracionais; no sistema da Seguridade Social, ..etc.

4.3 POBOACIÓN POR PARROQUIAS E SEXO

Como xa se comentou en apartados anteriores, Vigo divídese nun gran núcleo urbano e unha importante zona rural, onde a división tradicional en parroquias segue estando presente. As parroquias aglutinan ao 31,07% da poboación viguesa -16,02% de homes e 15,05% de mulleres-

Segundo o nomenclátor de 2011 existen 18 parroquias e 2 entidades singulares de poboación. Estas últimas son: Vigo, núcleo urbano que con 203.773 habitantes, é a zona con máis poboación (68,93%), e; Cíes, que non ten poboación.

Táboa 4.3: Poboación 2011

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Parroquias	47.371	16,02	44.479	15,05	91.850	31,07
Vigo (entidade singular)	107.333	36,31	96.440	32,62	203.773	68,93
Total Vigo	154.704	52	140.919	48	295.623	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

Respecto ás parroquias, a táboa 4.4 indica que a máis poboada é *Lavadores*, con 17.984 habitantes, seguida de *Castrelos*, *Cabral* e *Freixeiro* con 8.047, 6.800 e 6.158 habitantes respectivamente. Pola contra, a que menos poboación posúe é *Zamáns*, tan só habitan 840 persoas, seguida por *Saiáns* con 1.159. O resto das parroquias oscilan entre os 2.000 e os 5.000 habitantes.

Ao comparar a distribución actual por parroquias da poboación viguesa coa relativa ao ano 2001, pódese apreciar que non houbo cambios significativos ao longo destes 10 anos xa que as parroquias máis e menos poboadas seguen sendo as mesmas.

Algunhas como *Cabral*, *Matamá*, *Coruxo*, *Teis* e *Valadares* viron cómo diminuíu o seu número de habitantes. O caso máis significativo é o de *Matamá* que perdeu un 7% entre o ano 2001 ao ano 2011.

No caso contrario temos a parroquia de *Navia* que duplicou a súa poboación debido á súa recente urbanización e, a parroquia de *Santo André de Comesaña*.


Táboa 4.4: Poboación por parroquias 2011

Parroquias	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Alcabre	1.830	51,81	1.726	48,19	3.556	100
Beade	2.815	51,18	2.632	48,82	5.447	100
Bembrive	2.396	53,26	2.006	46,74	4.402	100
Cabral	3.504	51,63	3.296	48,37	6.800	100
Candeán	2.485	51,54	2.372	48,46	4.857	100
Castrelos	4.111	50,82	3.936	49,18	8.047	100
Sto.A.Comesaña	2.631	52,01	2.507	47,99	5.138	100
Coruxo	2.671	52,03	2.590	47,97	5.261	100
Freixeiro	3.222	52,11	2.936	47,89	6.158	100
Lavadores	9.325	52,29	8.659	47,71	17.984	100
Matamá	2.008	51,66	1.913	48,34	3.921	100
Navia	2.241	53,06	2.154	46,94	4.395	100
Oia	2.061	51,59	1.954	48,41	4.015	100
Sárdoma	1.149	52,28	1.105	47,72	2.254	100
Saiáns	577	51,41	582	48,59	1.159	100
Teis	1.152	52,26	1.077	47,74	2.229	100
Valadares	2.766	51,47	2.621	48,53	5.387	100
Zamáns	427	50,73	413	49,27	840	100
Total	43.348	51,85	40.249	48,15	91.850	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

A gráfica 4.4 visualiza a composición das parroquias en relación á variable sexo, destacando *Lavadores* como a máis poboada e a que conta con maior poboación feminina. A este respecto, as parroquias manteñen a tónica xeral da poboación viguesa, no ano 2011 presentan maior diferenza entre o número de habitantes mulleres e o de homes: *Bembrive* con o 53,26 % de mulleres, *Navia* cun 53,06% e *Lavadores* (52,29%).

Gráfico 4.4: Mulleres e homes nas parroquias 2011:




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

4.4 POBOACIÓN ESTRANXEIRA SEGUNDO SEXO, NACIONALIDADE E LUGAR DE PROCEDENCIA.

A poboación estranxeira residente en Vigo é de 15.492 persoas, representando o 5% da poboación total, porcentaxe superior ao da Comunidade Autónoma (3,74%) e provincia de Pontevedra (3,90%). Ao desagregar este dato por sexo obtemos que o 49,9% son mulleres.

Analizando a gráfica 4.5, no ano 1991 pódese observar que as mulleres constituían o 53% desta poboación. No ano 2001, mulleres e homes amosan pequenas diferenzas, non obstante, no ano 2011 as diferenzas son practicamente inapreciables.

Gráfica 4.5: Poboación estranxeira segundo sexo no intervalo 91-11



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

No ano 1991 a meirande parte da poboación estranxeira procedía de Europa, sendo superior a representación de mulleres (53,50%) que a de homes (46,50%). A continuación lle sigue a de América, onde as mulleres constitúen o 52,7% e os homes o 47,3%. As demais procedencias amosan unha baixa representación tanto de mulleres como de homes.

A partir do ano 2001 a poboación orixinaria de América aumenta considerablemente, e serán as mulleres procedentes deste continente as que presenten valores máis altos (58%). A poboación asiática e africana incrementase de xeito importante, e ambas pasan de ser o 1% no ano 1991 ao 4,55% no ano 2001.

No ano 2011 a maior porcentaxe corresponde á poboación procedente de América, onde as mulleres superan amplamente aos homes. A poboación orixinaria de África case se quintuplicou e a asiática case se cuaduplicou dende o ano 2001 ao 2011.


4.5 SALDO MIGRATORIO

Denomínase migración a todo desprazamento da poboación que se produce dende un lugar de orixe a outro destino e leva consigo un cambio da residencia habitual das persoas. Existen dous tipos de enfoques: o da *emigración*, dende o punto de vista do lugar ou país de saída; e o da *inmigración*, dende o punto de vista do lugar ou país de chegada.

O *saldo migratorio* é o balance que existe entre a inmigración e a emigración nun determinado territorio. Cando o saldo migratorio é positivo, a poboación aumenta; cando o saldo migratorio é negativo, a poboación diminúe³.

Segundo a gráfica 4.6, en Vigo o saldo migratorio sempre foi positivo. Do ano 1991 ao 2001 obsérvase un incremento nos datos totais do 70%, non obstante, nos últimos 10 anos houbo unha diminución do 50%, de tal modo que os datos do 2011 son menores que os do ano 1991.

Gráfica 4.6: Saldos migratorios totais 1991, 2001 e 2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

A táboa 4.5 analiza as diferentes migracións. O saldo migratorio interno, componse do: *intraprovincial* e o do *resto de Galicia*. O primeiro correspóndese coa diferenza entre as altas no concello procedentes do resto da provincia e as baixas con destino na mesma, e o segundo é a diferenza

³ Instituto Galego Estatística 2012

entre as altas no concello procedentes das restantes provincias de Galicia e as baixas con destino nesas mesmas provincias.⁴

Pódese comprobar que o *saldo interno* no 2011 é positivo, existindo unha gran diferenza co ano 2001, xa que nunha década pasou de -859 a 148, dato que está a indicar que neste último ano chegaron máis persoas doutros lugares de Galicia a Vigo das que se foron.

Táboa 4.5: Saldos migratorios 1991- 2001- 2011

	Ano 1991	Ano 2001	Ano 2011
SALDO INTERNO	...	-859	148
Intraprovincial	...	-957	-82
Co resto de Galicia	...	98	230
SALDO EXTERNO	...	1.568	204
Con España	...	-501	-93
Co estranxeiro	...	2.069	297
TOTAL	417	709	352

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

O saldo *migratorio externo*, divídese entre o relativo ao resto de España (diferenza entre as altas procedentes das outras comunidades autónomas e as baixas con destino ás mesmas), e ao estranxeiro (diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino⁵). Existe unha grande diferenza neste período, xa que a evolución foi de 1.568 a 204 habitantes, diminuindo esta vez, isto explícase porque se ben segue chegando a Vigo máis xente de fora de Galicia da que se foi esta tendencia foi diminuindo ao longo destes 10 anos

4.6 EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN. PIRÁMIDES

A pirámide de poboación reflicte a estrutura da poboación dunha localidade nun ano concreto e permítenos comprobar o comportamento de dita

⁴ Instituto Galego de Estatística 2012


⁵ Instituto Galego de Estatística 2012

poboación por sexo e grupos de idade. Deste xeito, e a través da súa forma, podemos extraer información acerca das características dun territorio.

A pirámide de poboación da cidade de Vigo no ano 1991 posúe unhas características morfolóxicas diferentes ás das décadas posteriores.

A morfoloxía da pirámide mudou nos últimos vinte anos, así, na pirámide poboacional pertencente ao ano 1991, pódese observar como aínda mantén a tipoloxía expansiva, onde predominan os grupos de idade máis nova en relación a outros grupos de idade, mantendo unha forma triangular, a excepción nas súas tres últimas barras da súa base que se corresponden co freo do fenómeno demográfico da explosión da natalidade, e o paso a outro fenómeno de natalidade máis acorde coa nova Europa e países desenvolvidos.

Gráfica 4.7: Pirámide poboacional segundo sexo e idade en Vigo 1991




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

O repunte máis alto deste crecemento vexetativo manifestouse nos anos comprendidos entre 1972 e 1976, incremento que se produce na nosa localidade con dez anos de retraso respecto a Europa Occidental e Estados Unidos. Na cidade olívica tivo o seu punto de inflexión en torno aos anos 1975-1976, como deixa patente a diminución da natalidade a partires dos vinte a quince anos anteriores ao ano no que se pecha esta pirámide.

Os documentos sociodemográficos que estudan os fenómenos poboacionais en España, mencionan o período comprendido entre 1920 e 1980 como o de máximo crecemento vexetativo. Non obstante, aínda que a cidade de Vigo mantivo o mesmo incremento e no mesmo período, este finalizou catro anos antes, en 1976.

A partires desta data a pirámide abandona a súa forma progresiva de crecemento rápido, e vai mudando desta morfoloxía expansiva característica dos países en vías de desenvolvemento, para mostrar unha forma regresiva máis común nos países desenvolvidos.

Gráfica 4.8. Pirámide poboacional segundo sexo e idade en Vigo 2001




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Esta pirámide poboacional do ano 2001, presenta os escalos inferiores máis reducidos que no ano 1991, característica que remarca o descenso da taxa de natalidade que continúa a mermar ano tras ano.

A taxa de mortalidade anciá tamén presenta cambios. A vida das persoas maiores sobrepasa os oitenta anos, triplicando as mulleres aos homes da mesma idade. Neste grupo poboacional pertencente ás persoas de máis idade, aínda que o seu crecemento foi freado parcialmente pola Guerra civil e a posguerra, e cuxos efectos sobre o aumento poboacional foron tamén

minorados pola emigración, obsérvase que as persoas nadas nos anos anteriores a 1926 presentan unha característica de supervivencia de connotacións claramente femininas. As mulleres triplican o número de homes nesta franxa de idade, que representan o 28,65% do total de nados e nadas en 1926 e onde as mulleres son o 71,34 %, característica que segue a producirse nos anos posteriores. Esta diminución na natalidade e o alongamento da vida nas persoas produciu un crecemento moi baixo, que comezou a mudar a partires de 1991 debido á chegada masiva de inmigrantes e a súa alta taxa de fertilidade, producindo un pico histórico de crecemento de poboación, que non tivo longa traxectoria debido á crise económica, social e financeira que comezou en 2008 e que continua na actualidade, e que tivo consecuencias na demografía da cidade olívica, como pode observarse na seguinte e derradeira gráfica.

Gráfica 4.9. Pirámide poboacional segundo sexo e idade en Vigo 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Nos últimos datos recollidos a través do censo de poboación e vivendas do ano 2011 polo Instituto Nacional de Estatística, a poboación maior de 65 anos que representaba no ano 2001 o 15,40% incrementouse no ano 2011 ata un 18%. Isto debeuse a diversos factores tales como os maiores

controis sobre a saúde, a mellora na calidade de vida, os hábitos hixiénico-sanitarios... etc.

Pola contra, a poboación menor de 29 anos reduciuse considerablemente, pasando de ser no ano 2001 o 37,25% da poboación total de Vigo, ata acadar no ano 2011 o 28,54%. O número de residentes en Vigo cuxa idade estaba comprendida entre os 0 e os 29 anos, diminuíu en 22.392 residentes respecto ao ano 2001.

O grupo comprendido entre os 20 e 29 anos que representaba no 2001 o 17,77%, pasou a representar o 11,14% da poboación total no ano 2011. Asistimos polo tanto a un novo fenómeno demográfico onde a porcentaxe da poboación máis nova atópase por debaixo das porcentaxes correspondentes ás xeracións das persoas de máis idade, e non se prevén outros cambios que favorezan o relevo xeneracional. Máis ben aparece un novo éxodo migratorio, fundamentalmente da xente máis nova, debido a crise económica e financeira, xunto coa redución dos índices de natalidade.

Mentres tanto o perfil da pirámide poboacional vai evolucionando dunha forma de campá a una forma rectangular, debido ao ensanchamento do segmento pertencente á poboación de maior idade; producido polo alongamento da súa saúde; pola mellora da calidade de vida; polo estreitamento das franxas da base da pirámide producidas polo decaemento da taxa de natalidade; a redución da poboación de mozos e mozas en idade activa menores de 30 anos que fan que dificulte notablemente o ensanchamento nos vindeiros anos as franxas correspondentes á poboación activa, previndo unha involución demográfica e un estacionamento dende o punto de vista social e económico para a cidade.

4.7 INDICADORES DEMOGRÁFICOS

Os indicadores demográficos proporcionan información sobre as características básicas da poboación. A continuación realizamos unha análise dos principais indicadores da poboación de Vigo na serie temporal 2001-2010/2011 e se comparan cos relativos á provincia de Pontevedra e Galicia. Esta elección ven determinada na necesidade de analizar os cambios acontecidos na poboación desta localidade dende a elaboración do último *Informe Sociolóxico sobre as Mulleres de Vigo* no ano 1994 ata a actualidade.

Respecto da **idade media** da poboación a gráfica 4.10 reflicte que a idade media da poboación de Vigo foi incrementándose ao longo da década pasada, como cabe esperar dunha poboación en proceso de envellecemento, pasando de 39,9 anos no 2001 a 42,9 no 2011. A idade media das mulleres supera en 3 anos á dos homes en todo o período analizado, evolucionando de 41,5 a 44,7 anos, mentres que a dos homes muda de 38,1 a 41,1 no mesmo período analizado. Comparando estes datos cos relativos á provincia de Pontevedra e Galicia no ano 2001, atopamos que a idade media de ambos sexos destes territorios é máis alta que a da nosa cidade. No tocante ao ano 2011 a media idade de mulleres e homes de Vigo e da provincia é semellante, amosando un incremento de 2 puntos para ambos sexos no caso de Galicia.

Gráfica 4.10. Idade media da poboación Vigo, Provincia Pontevedra e Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O **índice de envelhecimento**, indica a cantidade de persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 15. A táboa 4.6 evidencia que en Vigo este índice aumentou considerablemente, pasando de 79,1 no 2001 a 105,8 no ano 2011, dato que está en consonancia co aumento da esperanza de vida e a baixada do índice de natalidade. Este incremento global é directamente proporcional ao acontecido diferencialmente, non obstante, aínda que este índice aumenta tanto en mulleres como en homes a diferenza entre os dous sexos foi de 39,7 puntos a favor das mulleres non 2001, mentres que este mesmo dato é de 48 puntos no último ano de referencia.

Táboa 4.6: Índice de envelhecimento e sobreenvellecemento. 2001, 2011


	Ano 2001			Ano 2011		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Envelhecimento	99,5	59,8	79,1	130,7	82,7	105,8
Sobreenvellecemento	13,4	7,4	11	16,2	9,2	13,4

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

O **índice de sobreenvellecemento** é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. Ao aumentar a esperanza de vida, este índice tamén se incrementa, sendo no ano 2001 de 11 e no 2010 de 13,4. Ao igual que no índice de envelhecimento, o aumento ao longo do tempo do sobreenvellecemento é considerablemente maior para as mulleres que para os homes.

Como se pode observar na gráfica 4.11, os datos relativos á provincia de Pontevedra e Galicia reflicten o mesmo patrón.

Gráfica 4.11: Índice de envelhecimento e sobreenvellecemento. 2011 Vigo-Pontv-Galicia



Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

Do mesmo xeito, pódese observar como estes índices para a provincia de Pontevedra e a Comunidade Galega son mais elevados, especialmente nos datos relativos a Galicia que amosan unha poboación con niveis de envelhecimento moi altos.

Atendendo á táboa 4.7 o **índice de dependencia xuvenil** – relación entre a poboación nova (menor de 15 anos) e a potencialmente activa (15 a 64 anos)- incrementase nos últimos anos en 1,7 puntos. Esta diferenza recae sobre o grupo de homes, xa que son maioría nesta franxa de idade. Este mesmo indicador referido a datos provinciais é semellante (19,1), non obstante, decrementa ao tomar como referencia de análise a totalidade do territorio galego (17,6)

Táboa 4.7: Índice de dependencia xuvenil, senil e global 2001, 2011

	Ano 2001			Ano 2011		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Dependencia Xuvenil	17,2	19,2	18,2	17,7	20,2	19,9
Dependencia Senil	25,6	17,2	21,5	31,1	22,3	26,8
Dependencia Global	42,8	36,4	39,7	48,8	42,5	45,7

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do INE

A relación entre a poboación maior (64 anos) e a de idade potencialmente activa (15 a 64) -**índice de dependencia senil**-, ascendeu nos últimos 10 anos en 5,3 puntos e neste caso apréciase unha gran diferenza entre a taxa masculina e feminina para o ano 2011 (31,1 mulleres e 22,3 homes). A nivel comparativo os datos provinciais amosan un índice de dependencia senil 2 puntos máis elevados, e os relativos ao territorio galego 7 puntos de incremento respecto aos da cidade de Vigo.

O índice de **dependencia global** indica a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos)⁶. Seguindo a táboa 4.8, no ano 2001 este indicador era 39,7 persoas, acadando no ano 2011 45,7. Respecto ás diferenzas entre mulleres e homes é máis alto o número de mulleres dependentes que o de homes. Os datos deste indicador para a provincia de Pontevedra e Galicia presenta valores máis elevados para ambos sexos, sendo no caso das mulleres para o primeiro territorio de 4 puntos e de 8 para o segundo.

Táboa 4.8: Índice de estrutura da poboación en idade activa e Índice de recambio da poboación en idade activa. 2001-2011

	Ano 2001			Ano 2011		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Estructura da poboación en idade activa	81,9	74,6	78,3	111,6	99,3	105,5
Recambio da poboación en idade activa	77,7	65	71,1	154,8	128,3	141,2

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do INE

O **Índice de estrutura da poboación activa** é un indicador do grao de envellecemento deste sector da poboación. Indica a relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos⁷. Canto máis baixo sexa o índice, máis nova é a estrutura da poboación laboral.

⁶ Instituto Galego de Estatística 2012

⁷ Instituto Galego de Estatística. 2012

Seguindo a táboa anterior (4.8), en Vigo pódese afirmar que esta estrutura envelleceu considerablemente ao longo do período analizado, xa que en 2001 era de 78,3 e en 2011 ascende a 105,5. Nas mulleres este envellecemento é máis significativo incrementándose nestes anos 30 puntos. Na actualidade, o índice das mulleres é de 111,6 fronte aos 99,3 dos homes, 12 puntos de diferenza. Este índice presenta 4 puntos menos na provincia de Pontevedra (101,9), e 4 máis alto en Galicia (109,2), dato que está a indicar que a poboación provincial posúe unha estrutura máis nova que a municipal e autonómica.

O **índice de recambio da poboación en idade activa** é a relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Este índice, que mide a capacidade dunha poboación para substituír ás persoas que se van xubilando⁸, evolucionou na cidade de Vigo en dez anos de 71,1 no 2001 a 141,2 no ano 2011, duplicándose o valor. Este indicador da cidade de Vigo é o máis elevado dos territorios analizados (provincial e autonómico). Ao desagregalo por sexo comprobouse que xa era moito maior para as mulleres no ano 2001 e na actualidade supérao en 34 puntos, sendo 154,8 para elas e 128,3 para eles. Este dato ven a corroborar que a poboación entre 60 e 64 anos é superior á poboación entre 15 e 19 anos o que nos permite inferir que o recambio non está garantido.

A nivel provincial este dato é máis baixo: 131,0, presentando as mulleres (139,9) un valor 17 puntos máis alto que os homes. No tocante á Comunidade Autónoma o índice total é case 7 puntos máis alto que o da cidade de Vigo (148,1), sendo no caso das mulleres case 18 puntos maior que o dos homes.

Táboa 4.9: Índice de masculinidade

Ano 2001			Anoo 2011		
Vigo	Prov.Pontevedra	Galicia	Vigo	P. Pontevedra	Galicia
90,6	92,4	92,6	91	93,9	93,3

Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

⁸ Instituto Galego de Estatística 2012.

O **índice de masculinidade** (táboa 4.9) permite medir a proporción de homes e mulleres existentes nun territorio, indica o número de homes por cada 100 mulleres nun grupo determinado de individuos⁹. O índice de masculinidade vigués é o máis baixo dos territorios analizados e non presenta grandes diferenzas no período 2001-2011, aumentando 0,4 puntos. A nivel provincial e autonómico incrementase en 1,5 e 0,7 respectivamente.

A pesar de que nacen máis nenos que nenas, tanto a nivel local, autonómico como estatal, existen máis mulleres que homes. Despois do nacemento o índice de masculinidade varía debido fundamentalmente aos distintos patróns de mortalidade e migración.

4.8 INDICADORES DO MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

A **taxa xeral de fecundidade** (táboa 4.10) representa o número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil. En Vigo, esta taxa aumentou de 32,1 nacementos no 2001 a 36,1 en 2010. A nivel provincial a diferenza desta taxa é case inapreciable, non así a nivel galego, onde o seu valor é 2 puntos menor (33,9).

Táboa 4.10: Fecundidade, Natalidade e Maternidade 2001-2010

	Ano 2001	Ano 2010
Taxa xeral de fecundidade	32,1	36,1
Taxa bruta de natalidade	8,9	9,0
Índice sintético fecundidade	1,1	1,1
Idade media maternidade	31,4	32,2

Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

A **taxa bruta de natalidade**, que é o número de nacementos por cada 1.000 habitantes¹⁰, indica a frecuencia con que ocorren os nacementos nunha poboación durante un determinado tempo. Observando a táboa anterior (4.10), comprobamos que esta taxa tamén aumentou nesta década pasando de 8,9 a 9 nacementos. A taxa de Vigo é a máis alta dos territorios analizados. Tanto a nivel provincial como autonómico, esta taxa presenta

⁹ Instituto Galego de Estatística 2012

¹⁰ Instituto Galego Estatística 2012.

valores máis baixos, sendo case inapreciables no primeiro territorio e dun punto para o segundo.

Táboa 4.11: Fecundidade, Natalidade e Maternidade. Vigo/Po/Gal

	Ano 2010		
	Vigo	Provincia Pontevedra	Galicia
Taxa xeral fecundidade	36,1	35,8	33,9
Taxa bruta natalidade	9,0	8,7	7,9
Índice sintético fecundidade	1,1	1,1	1,1
Idade media maternidade	32,2	31,7	31,8

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

O **índice sintético de fecundidade** representa o número esperado de fillas e ou fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos) e, en Vigo, ao igual que nos demais territorios, mantívose en 1,1 fillas ou fillos por muller ao longo do tempo analizado.

A **idade media da maternidade** na cidade de Vigo ascendeu de 31,4 no 2001 a 32,2 no 2010. Esta cidade presenta unha idade media máis elevada que a Provincia de Pontevedra e Galicia, incluso supera a media das mulleres en España, situada nos 31,4 anos.


Táboa 4.12. Defuncións por sexo 2011

Ano 2011						
	Vigo		Provincia Pontevedra		Galicia	
Mulleres	1.216	50,3%	4.308	49,8%	14.657	49,5%
Homes	1.197	49,7%	4.348	50,2%	14.930	50,5%
Total	2.413	100%	8.656	100%	29.587	100%

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

No ano 2011 morreron en Vigo 2.413 persoas das que o 50,3% foron mulleres. A táboa anterior (4.12) permite evidenciar que o falecemento das mulleres de Vigo é lixeiramente superior ao de homes nos tres territorios.

Gráfica 4.12. Evolución das defuncións segundo sexo 1991-2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

A gráfica 4.12 sobre a **evolución das defuncións** por sexo 1991-2011 indícanos que no ano 1991 os homes representaban o 52% das persoas mortas, aumentando ata o 53% no ano 2001. Pola contra no ano 2011 as mulleres superan lixeiramente aos homes (50,3%)


Táboa 4.13: Mortalidade

	Ano 2010		
	Vigo	Prov. Pontevedra	Galicia
Mulleres	8,3	8,7	10,2
Homes	8,6	9,3	11,1
Taxa bruta mortalidade	7,9	9	10,6

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Taxa bruta de mortalidade é o indicador demográfico que sinala o número de defuncións dunha poboación por cada mil habitantes nun período determinado. Observando a táboa 4.13, a taxa de Vigo (7,9) é un punto máis baixa que a da Provincia (9) e case tres puntos que a relativa á Galicia. A taxa das mulleres é menor que a dos homes en todos os territorios analizados.

Gráfica 4.13: Evolución do Saldo vexetativo



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

O **Saldo vexetativo** é a diferenza existente entre os nacementos e as defuncións ocorridas durante un período de tempo definido. Esta diferenza no territorio vigués descendeu ao longo do tempo como se pode observar na gráfica 4.13, o que significa que cada vez nacen menos persoas por cada una que morre.

Os **datos de nupcialidade** do ano 2011 indican que na cidade de Vigo celebráronse 960 matrimonios. A taxa bruta de nupcialidade ou número de matrimonios por 1.000 habitantes (táboa 4.14) que no ano 2001 para a cidade olívica era de 4,7, descende un punto no ano 2011. Na provincia de Pontevedra e na Comunidade Autónoma galega a taxa é máis baixa e presenta o mesmo comportamento que na cidade olívica.

Táboa 4.14: Evolución da Taxa bruta de nupcialidade 2001-2010

	Ano 2001			Ano 2010		
	Vigo	Provincia Pont.	Galicia	Vigo	Provincia Pont.	Galicia
Taxa bruta nupcialidade	4,7	4,6	4,1		3,6	3,5
Taxa xeral nupcialidade	5,4	5,3	3,5	4,1	4,1	4
Idade media 1º matrimonio mulleres	29	27,9	28	32	30,9	31
Idade media 1º matrimonio homes	30,8	29,9	30	34,2	33,1	33,1

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

En relación á **idade media das persoas solteiras que contraen matrimonio** por primeira vez, aumentou tanto en mulleres coma en homes no mesmo espazo de tempo (2001-2010). Nos dous casos, a poboación de Vigo alonga 3 anos máis a decisión de contraer matrimonio, situándose en 32 anos nas mulleres e 34,2 nos homes. Apréciase unha diferenza cos valores de Pontevedra e o total da Comunidade Galega para o ano 2011 xa que nestes casos adiantan 1 ano a súa decisión.

No tocante á evolución no **número de matrimonios** no intervalo 1991-2011 en Vigo, o número de casamentos descendeu en 439 casos, seguindo a tendencia da Comunidade Autónoma; se ben o intervalo onde este descenso se fai máis acusado é no que transcorre entre 2001 e 2011. Vigo acolle case un 11% dos matrimonios celebrados en Galicia e sobre o 32% respecto aos celebrados na provincia de Pontevedra nos dous períodos temporais. Este descenso pode estar a indicar os cambios que se están a producir nos modelos familiares que a continuación analizamos.

Os datos recompilados a través do INE e IGE permiten establecer unha clara tendencia na evolución das tipoloxías dos fogares vigueses ao longo do período 1991-2001 (táboa 4.15), se ben non permiten analizar ao mesmo nivel os datos correspondentes ao ano 2011 por non dispoñer de datos desagregados por sexo e porque proceden da “Enquisa de condicións de vida das familias”.

Táboa 4.15: Número de fogares segundo estrutura

	Ano 1991	Ano 2001
Unipersoais	8.560	17.137
Nai con fillos e fillas/Monomarentais	6.403	9.825
Pai con fillos e fillas/Monoparentais	1.101	2.144
Outros	14.921	25.819


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do IGE

A **estrutura** maioritaria dos **fogares** na década 1991-2001 segue a ser parella con fillas e fillos seguido de parella sen descendencia. Non obstante, producíronse importantes cambios na estrutura dos fogares que é preciso comentar. O cambio máis salientable é o notable incremento dos fogares unipersoais, os monomarentais e os monoparentais.

Os fogares unipersoais, entre o 1991 ao 2001, duplicáronse. O perfil das persoas que compoñen estes fogares durante todo o período analizado son fundamentalmente mulleres maiores de 65 anos.

Respecto dos fogares monoparentais establecemos dúas categorías de análise: os encabezados por mulleres que denominaremos monomarentais e os encabezados por homes que nomearemos monoparentais. Compre destacar a superioridade numérica de fogares monomarentais no concello de Vigo (gráfica 4.15), 85 de cada 100 destes fogares está composto por unha nai con fillos e fillas en 1991 e 82 no 2001.

Gráfico 4.14: Fogares de Vigo segundo estrutura, ano 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa de condicións de vida

Respecto aos datos relativos ao ano 2011 procedentes da “Enquisa de condicións de vida” indica que en Vigo hai constituídos 111.612 fogares, dos que o 36,09% están formados por parella con fillas e fillos; o 24,43% por parellas sen descendencia; o 19,07% son fogares unipersoais; o 10,6% son familias monoparentais e o 9,81% o constitúen familias doutro tipo.

5. EDUCACIÓN E FORMACIÓN

No sistema educativo do noso país, a ensinanza abrangue a Educación Básica, comprendida pola Educación Primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria; a Educación Infantil; a educación secundaria postobrigatoria, que abrangue o Bacharelato, Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial; e a educación superior, é dicir, formación profesional de grao superior, ensinanzas de réxime especial de grao superior e a educación universitaria.

O nivel educativo da poboación é, sen lugar a dúbidas, un dos aspectos clave da dinámica social. Non obstante, o nivel formativo de mulleres e homes ao longo dos últimos anos reflicte cambios fundamentais. Coñecido é que as mulleres se foron incorporando ao longo destas últimas décadas nunha importante proporción ás distintas alternativas formativas, feito que produciu un notable incremento do seu nivel educativo. A continuación analizaremos a situación de mulleres e homes no sistema educativo vigués e comprobaremos as diferenzas por sexo nos itinerarios formativos de ambos.

5.1 EDUCACIÓN INFANTIL, OBRIGATORIA E POSTOBRIGATORIA

Alumnado

Táboa 5.1: Alumnado Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria por sexo. Vigo

	2005/2006					2011/2012				
	Nenas		Nenos		Total	Nenas		Nenos		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
Infantil	3.617	48,55	3.833	51,45	7.450	3.883	48,37	4.145	51,63	8.028
Primaria	7.232	47,86	7.879	52,14	15.111	7.925	48,40	8.448	51,60	16.373
E.S.O	5.738	49,03	5.966	50,97	11.704	4.895	47,63	5.383	52,37	10.278
Total	16.587	48,40	17.678	51,60	34.265	16.703	48,16	17.976	51,84	34.679

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

Como se pode observar na táboa anterior, o alumnado de Educación Infantil en Vigo ascendeu de 7.450 no curso 2005/2006 a 8.028 no curso 2011/2012. O número de nenos supera levemente ao de nenas, xa que, nesta franxa de idade, eles son máis numerosos. Dato que se corresponde cos indicadores demográficos analizados no epígrafe anterior que indicaban o nacemento máis elevado de nenos que de nenas.

Na educación primaria o alumnado incrementouse do curso anteriormente analizado ao curso pasado en 1.262.

Na E.S.O. (Ensinanza Secundaria Obrigatoria), contrariamente ao que pasa nas outras dúas ensinanzas, diminuíu de 11.704 persoas do curso 2005/2006 a 10.278 no curso escolar 2011/2012. Se desagregamos este dato por sexo, pódese comprobar que no pasado curso a porcentaxe de nenas diminúe en 2 puntos.

No período de análise (2005/2006 e 2011/2012), obsérvanse diferenzas respecto aos estudos correspondentes ao bacharelato, tendo que ver coa denominación das especialidades e os contidos. No curso 2005/2006 estas eran 5: Artes, Ciencias da Natureza e da Saúde, Humanidades e Ciencias Sociais, Música e Tecnoloxía. No 2011/2012 pasaron a ser só tres: Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

Táboa 5.2: Alumnado Bacharelato por sexo e especialidade

Especialidade	2005/2006					2011/2012				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
Artes	161	69,10	72	30,90	233	198	62,46	119	37,54	317
CC. da Natureza e Saúde	1029	52,53	930	47,47	1959	-	-	-	-	-
Ciencias e Tecnoloxía	-	-	-	-	-	876	43,32	1146	56,68	2022
Humanidades e CC. Sociais	1115	64,38	617	35,62	1732	1046	61,06	667	38,94	1713
Música	2	33,33	4	66,67	6	-	-	-	-	-
Tecnoloxía	103	21,33	380	78,67	483	-	-	-	-	-
Total	2.410	54,61	2.003	45,39	4.413	2.120	52,32	1.932	47,68	4.052

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

Seguindo a táboa 5.2, o número total do alumnado diminuíu en 361 persoas respecto ao anterior curso analizado. Esta diminución pode deberse a que como a ESO é o último período formativo obrigatorio, o alumnado elixe entre continuar a súa formación postobrigatoria ou incorporarse ao mercado laboral. Con todo, o número total de mulleres que cursan o Bacharelato en Vigo supera ao de homes, representando elas un 52,32% e eles un 47,68%.

A composición, respecto ao sexo, das diferentes especialidades no espazo temporal analizado, atópase influenciada polos estereotipos e roles de xénero. Deste modo no ano 2005/2006, na especialidade de *Tecnoloxía* só 2 de cada 10 persoas matriculadas eran mulleres. Non obstante, nesta evolución temporal, observamos unha tendencia á paridade, e da análise das especialidades que non varían ao longo destes anos (*Artes e Humanidades* e *CC Sociais*) observamos como as porcentaxes no último período analizado achéganse ao 60%-40%

Táboa 5.3: Alumnado Ciclos Formativos de grao medio por sexo

Familia profesional	2005/2006					2011/2012				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%		Abs.	%	Abs.	%	
Administración e xestión	187	81	44	19	231	171	67,32	83	32,68	254
Artes gráficas	45	43,7	58	56,3	103	42	43,30	55	56,7	97
Comercio e márketing	148	80,9	35	19,1	183	121	72,02	47	27,98	168
Electricidade e electrónica	15	4,29	335	95,71	350	6	1,80	328	98,2	334
Fabricación mecánica	14	4,56	293	95,44	307	4	1,59	247	98,41	251
Hostalaría e turismo	63	54,8	52	45,2	115	48	41,74	67	58,26	115
Imaxe e son	15	51,7	14	48,3	29	32	53,33	28	46,67	60
Imaxe persoal	93	100	0	0	93	97	94,17	6	5,83	103
Industrias alimentarias	32	62,7	19	37,3	51	17	43,59	22	56,41	39
Informática e comunicación	12	21,4	44	78,6	56	13	10,66	109	89,34	122
Instalación e mantemento	8	7	106	93	114	2	1,79	110	98,21	112
Madeira, moble e cortiza	1	1,96	50	98,04	51	1	2,22	44	97,78	45
Marítimo-	0	0	94	100	94	0	0	103	100	103

pesqueiras										
Química	22	78,6	6	21,40	28	27	77,14	8	22,86	35
Sanidade	292	94,2	18	5,8	310	494	86,82	75	13,18	569
Téxtil, confección e pel	0	0	0	0	0	31	86,11	5	13,89	36
Transporte e mantemento de vehículos	1	1	101	99	102	2	2,08	94	97,92	96
Total alumnado	948	42,8	1.269	57,2	2.217	1.108	43,64	1.431	56,36	2.539

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

As porcentaxes totais de mulleres e homes matriculados en *ciclos formativos* é inversamente proporcional aos analizados nos parágrafos anteriores relativos ao *Bacharelato*, de modo que o 56% de persoas que cursan ciclos formativos son homes (táboa 5.3)

Da análise das familias profesionais mais feminizadas observamos que esta feminización vai diminuindo levemente na serie temporal analizada. Así, *Administración e xestión* pasa dun 81% de mulleres no curso 2005/2006 a un 67,3% no 2011/2012; *Comercio e Marketing* dun 80,09% a un 72%; *Imaxe Persoal* dun 100% a 94,1%, e; Sanidade dun 94,2% a un 86,8%.

Non obstante, non atopamos o mesmo proceso coas especializacións masculinizadas (a excepción de *Transporte e mantemento de vehículos*), de modo que incrementase a súa masculinización: O 95,71% do alumnado matriculado en *Electricidade e Electrónica* no curso 2005/2006 eran homes, mentres que esta porcentaxe no 2011/2012 foi dun 98,2; En *Fabricación Mecánica* pasou dun 95,44% a un 98,41%, e; o caso mais salientable é o incremento en mais de 11 puntos porcentuais na especialización en *Informática e Comunicación*, pasando do 78,6% ao 89,34% de alumnos.

Táboa 5.4: Alumnado Ciclos Formativos de grao superior por sexo

Familia profesional	2005/2006					2011/2012				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
Actividades físicas e deportivas	24	37,5	40	62,5	64	12	20,3	47	79,7	59
Administración e xestión	390	74,71	132	25,29	522	353	70,9	145	29,1	498
Comercio e	47	64,4	26	35,62	73	30	53,6	26	46,4	56

márketing										
Edificación e obra civil	68	37,36	114	62,64	182	81	45,5	97	54,5	178
Electricidade e electrónica	30	8,11	340	91,89	370	15	4,76	300	95,24	315
Fabricación mecánica	13	11,4	101	88,6	114	11	7,19	142	92,81	153
Hostalaría e turismo	127	79,87	32	20,13	159	111	63,1	65	36,9	176
Imaxe e son	69	37,3	116	62,7	185	78	35,5	142	64,5	220
Imaxe persoal	46	100	0	0	46	34	91,9	3	8,10	37
Informática e comunicación	72	19,67	294	80,33	366	44	14,8	254	85,2	298
Instalación e mantemento	36	33,03	73	66,97	109	27	22,5	93	77,5	120
Madeira, moble e cortiza	1	3,03	32	96,97	33	10	30,3	23	69,7	33
Marítimo-pesqueiras	8	6,67	112	93,33	120	5	5,68	83	94,32	88
Química	75	60	50	40	125	56	57,1	42	42,9	98
Sanidade	350	86	57	14	407	395	76,4	122	23,6	517
Servizos socioculturais e á comunidade	153	93,3	11	6,7	164	187	88,6	24	11,4	211
Transporte e mantemento de vehículos	3	5,56	51	94,44	54	1	1,85	53	98,15	54
Total alumnado	1.512	48,9	1.581	51,12	3.093	1.450	46,6	1.661	53,4	3.111

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

A táboa 5.4 amosa os datos relativos aos *Ciclos formativos de grao superior* nos que ocorre algo similar aos de grao medio, o número de rapaces matriculados supera ao de rapazas, aínda que dentro duns intervalos equilibrados (40%-60%). Non obstante, existen familias fortemente feminizadas e outras fortemente masculinizadas. Cabe destacar que as masculinizadas son máis numerosas e posúen porcentaxes máis elevadas. Ao igual que nos Ciclos Medios, comentados nos parágrafos anteriores, a feminización das familias profesionais diminúe ao longo do ámbito temporal analizado, mentres que, en termos xerais, a masculinización destas refórzase. Exemplos salientables deste fenómeno de *des-feminización* son: A especialidade en *Hostalaría e Turismo* no que a porcentaxe de mulleres no

2005/2006 era de 79,87% pasando no 2011/2012 ao 63,1%; En *Servizos Sociocomunitarios e á Comunidade*, as porcentaxes de mulleres trócanse dun 93,3% a un 88,6%. O incremento da masculinización visualízase a través dos seguintes datos: *Transporte e mantemento de vehículos* no 2005/2006 conta cun 94,4% de homes e no 2011/2012 cun 98,15%, do mesmo modo; *Electricidade e Electrónica* pasa dunha porcentaxe masculina do 91,89% a 95,24%.

Alumnado de procedencia estranxeira en ensinanzas de réxime xeral.

Táboa 5.5: Alumnado estranxeiro ensinanzas réxime xeral cursos 2005-06/2011-12

Ensinanza	2005/2006						2011/2012					
	Mulleres		Homes		Total		Mulleres		Homes		Total	
	Abs	%	Abs	%	Abs.	%	Abs	%	Abs	%	Abs.	%
Educación infantil	125	46	144	54	269	100	83	53	74	47	157	100
Educación primaria	355	46	418	54	773	100	373	50	377	50	750	100
Educación secundaria obrigatoria	251	50	253	50	504	100	317	50	311	50	628	100
Bacharelato	46	52	42	48	88	100	70	62	43	38	113	100
Ciclos formativos	47	42	65	58	112	100	106	55	88	45	194	100
Programas de garantía social	5	42	7	58	12	100	18	32	38	68	56	100
TOTAL ALUMNADO	829	47	929	53	1.758	100	967	51	931	49	1.898	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica

O alumnado estranxeiro matriculado en ensinanzas de réxime xeral (táboa 5.5) non presenta un cambio estatisticamente significativo ao longo da serie temporal analizada. Hai un incremento de 140 persoas matriculadas, que provocan un cambio nas porcentaxes totais pasando dun 47% de mulleres que cursan estudos no 2005/2006 a un 51% no ano escolar 2011/2012. Compre destacar que o número de mulleres aumenta en todos os niveis excepto na Educación Infantil.

Profesorado

Táboa 5.6: Profesorado¹¹ educación infantil, primaria , ESO, Bacharelato e Ciclos formativos por sexo

	2005/2006					2011/2012				
	Profesoras		Profesores		Total	Profesoras		Profesores		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
Ed. Infantil	538	93,24	39	6,76	577	643	88,93	80	11,07	723
Ed. Primaria	1.042	77,88	296	22,12	1338	1.091	77,10	324	22,90	1415
E.S.O.	956	60,32	629	39,68	1585	902	62,16	549	37,84	1451
Bacharelato	533	56,10	417	43,90	950	452	57,80	330	42,20	782
Ciclos formativos	247	42,43	335	57,57	582	244	46,92	276	53,08	520
Total	3.316	65,90	1.716	34,10	5.032	3332	68,13	1.559	31,87	4.891

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria

Como se pode analizar na anterior táboa, en toda a serie temporal é maior o número de profesoras que de profesores, incrementándose no curso 2011/2012 en 2,23 puntos porcentuais. Noutro nivel de análise observamos que, segundo aumenta o nivel formativo da educación, decrementa o número de profesionais mulleres que o imparten. O nivel educativo mais feminizado é o correspondente á Educación Infantil.

Táboa 5.7: Profesorado con cargos directivos por sexo

	2005/2006 ¹¹						2011/2012					
	Profesoras		Profesores		Total		Profesoras		Profesores		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Secretaría	-	-	-	-	-	-	65	61,90	40	38,10	105	100
Dirección	-	-	-	-	-	-	72	57,6	53	42,4	125	100
Vicedirección	-	-	-	-	-	-	15	60	10	40	25	100
Xefatura de estudos	-	-	-	-	-	-	74	63,79	42	36,21	116	100
Total	109	53,43	95	46,57	204	100	226	60,92	145	39,08	371	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

Respecto ao profesorado que exerce cargos directivos no ensino non universitario (táboa 5.7), as mulleres son maioría en todos os cargos. Non obstante, a porcentaxe menos feminizada (57,6%-42,4%) obsérvase na dirección dos Centros.

¹¹ No curso 2005/2006 non dispoñemos do desglose dos cargos directivos según o tipo de cargo.

Se comparamos as porcentaxes totais de mulleres e homes en cargos directivos (táboa 5.7) cos mesmos datos relativos ao total de profesorado (táboa 5.6), pódese apreciar que no curso escolar 2005/2006 de cada 100 profesionais do ensino 66 son mulleres e 34 homes, non obstante, de cada 100 cargos directivos, corresponden 53 mulleres e 47 homes. No 2011/2012, esta tendencia suavízase: 68 profesoras e 32 profesores de cada 100 e, en cargos directivos 6 mulleres de cada 10 homes.

5.2 EDUCACIÓN UNIVERSITARIA

Segundo datos do INE, a oferta educativa pública a nivel universitario no Concello de Vigo está representada no curso 2010-11 por 21 centros de ensino, 14 facultades e colexios universitarios; 4 escolas técnicas superiores, 2 escolas universitarias e 1 escola universitaria técnica.


Alumnado

A Universidade de Vigo acolleu a un total de 19.008 estudantes no curso 2010-2011, dos que 9.919 son mulleres e 9.089 homes. Esta poboación estudantil está matriculada en estudos de grao ou en estudos de 1º e 2º ciclo. Deseguido analízase en base a ramas de ensino e á distinta vía de acceso dos e das estudantes de nova matriculación.

Alumnado matriculado en estudos de grao por rama de ensino.

No curso 2010-11, son 6.541 os e as estudantes matriculadas en estudos de grao, correspondendo a 3.747 mulleres e 2.794 homes, o que representa un 57% de mulleres. Analízase a continuación a súa distribución por rama de ensino.

Gráfico 5.1: Porcentaxes de Mulleres e porcentaxe de Homes en estudos de grao por rama de ensino, 10-11.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Segundo a gráfica 5.1, observamos que máis da metade das 3.747 mulleres que inician estudos universitarios de grao elixen algún da rama *Social e Xurídica*; en segundo lugar, os relacionados coas *Artes e Humanidades*; nunha porcentaxe mínima, *CC. da Saúde* e só 7 de cada 100 mulleres cursan estudos de *Ciencias e Enxeñería e Arquitectura*.

En relación aos homes, 42 de cada 100 inclínanse por a rama de *CC. Sociais e Xurídicas* e 38 de cada 100 por unha *Enxeñería ou Arquitectura*. Soamente o 5% do total de 2.794 se interesan polas *CC. da Saúde*.

As maiores diferenzas por sexo amósanse nas *Artes e Humanidades* – 18% de mulleres a elixen fronte a un 9% de estudantes homes- e nas *Enxeñerías e Arquitectura* – o 38% de estudantes homes a elixen fronte a un 7% de estudantes mulleres-.

Gráfico 5.2: Porcentaxes de Mulleres e porcentaxes de Homes en estudos de 1º e 2º ciclo por rama de ensino, 10-11.





Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

A gráfica anterior amosa como mais da metade das mulleres que inician estudos universitarios de 1º e 2º ciclo elixen os *Sociais e Xurídicos*; a rama *Técnica* é pola que se decanta o 20% das alumnas e, menos de 10 de cada 100 matricúlanse en *Humanidades*, *CC. Experimentais* ou *da Saúde*.

No tocante ao alumnado masculino, sinalar que a tendencia é a mesma pero varían as porcentaxes: 2 puntos porcentuais máis para os matriculados en *CC Sociais e Xurídicas* e 11 puntos porcentuais máis en estudos da rama *Técnica*; e por outro lado, 4 puntos porcentuais menos nas outras tres ramas, chegando a matricularse 1 só home de cada 100 en *CC. da Saúde*.

Gráfico 5.3: Distribución alumnado por sexo ramas de 1º e 2º






Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

A través da gráfica 5.3 observamos a feminización dos estudos relacionados con *Ciencias da Saúde* e de *Humanidades*. Pola contra, a rama *Técnica* é un estudo marcado pola súa masculinización. As *Ciencias Sociais e Xurídicas*, ao igual que as *Ciencias Experimentais* son maioritariamente elixidas por mulleres.

Gráfico 5.4: Comparativa de mulleres e homes por vía de acceso.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

As vías de acceso á Universidade consideradas neste estudo (gráfica 5.4) son as seguintes: PAU (probas de acceso á Universidade); Formación Profesional; titulación universitaria e probas de acceso para maiores de 25 anos. Neste curso académico, máis mulleres acceden á Universidade por algunha destas vías analizadas que homes, concretamente, supoñen o 54%. As mulleres acceden a través de probas para maiores de 25 anos nun 44% máis cos homes e por ter cursado outro ensino universitario, un 40% máis. Tamén proveñen, cunha diferenza de 16 puntos porcentuais, máis mulleres dende a Formación Profesional, constituíndo o acceso mediante as PAU (probos de acceso a Universidade) a vía onde se aprecia unha menor diferenza de sexos.


Unha análise tomando como criterio a variable sexo permite ver como do total de homes o 82% acceden pola vía das PAU, o 17% da Formación Profesional e o 1% a través doutra titulación universitaria. A incidencia de cada vía de acceso no caso das mulleres non dista moito, de tal xeito que o 78% acceden por PAU, o 19% da Formación Profesional e o 1% tanto por outra titulación universitaria coma por acceso para maiores de 25 anos.

Profesorado

O profesorado da Universidade de Vigo ascende a 1.935 persoas, das cales o 39,90% son mulleres, (772 profesoras).

Seguindo a gráfica 5.5, pódese afirmar que o mundo universitario segue sendo un ámbito fortemente masculinizado. De todas as categorías observadas 7 están masculinizada, 6 equilibradas dentro dun parámetro máximo de 40%- 60%, e 1 feminizada (*Persoal Asociado CC da Saúde*). Compre sinalar que o maior rango –*Cátedras de Universidade*- supera o 70% de homes

Gráfica 5.5: Porcentaxe Profesorado da Universidade de Vigo por categoría.
Curso 2010/2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

Respecto á idade, as profesoras son maioría nos tramos de idade que van dende os 24 anos ata os 34. Pola contra, no caso dos profesores sitúase especialmente nos tramos dos 45 aos 65 e máis.

5.3 OUTRA FORMACIÓN

Na categoría "Outra Formación" analízase o alumnado na Educación de Persoas Adultas, as Escolas Municipais de Arte e Oficios, e de Música Folk e Tradicional e as Ensinanzas de Réxime Especial (Arte Dramática, Artes Plásticas e Deseño e Idiomas).

Alumnado Educación Persoas Adultas

Todas as persoas teñen a posibilidade de iniciar ou retomar o seu proceso de aprendizaxe ao longo de distintos momentos da vida a través dunha formación que está regulada, como xa se comentou, pola L.O.E.

Na cidade de Vigo tanto a oferta educativa como o alumnado que segue a formación destinada a persoas adultas vese incrementado cos anos.

Táboa 5.8: Comparativa do alumnado de educación de persoas adultas nos cursos 2005-06/2011-12

Ensinanza	2005/2006						2011/2012					
	Mulleres		Homes		Total		Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
E. secundaria	446	45	536	55	982	100	427	43	575	57	1.002	100
E. básicas iniciais	47	82,5	10	17,5	57	100	91	69	40	31	131	100
Bacharelato												
Artes	34	51,5	32	48,5	66	100	41	55	34	45	75	100
CC. da natureza e da saúde	135	48	146	52	281	100						
CC. e Tecnoloxía							127	40	193	60	320	100
Humanidades e CC. Sociais	186	62	115	38	301	100	264	57	197	43	461	100
Tecnoloxía	12	13	80	87	92	100						
Subtotal	367	45,6	373	50,4	740	100	432	50	424	50	856	100
Ciclos Formativos												
	<i>Grao Medio</i>											
Administración e xestión	25	81	6	19	31	100	36	72	14	28	50	100
Electricidade e electrónica	10	10,5	85	89,5	95	100	4	5	70	95	74	100
Fabricación mecánica	6	5	104	95	110	100	2	2	79	98	81	100
Hostalaría e turismo	33	52	31	48	64	100	36	55	30	45	66	100
Imaxe persoal	84	97	3	3	87	100	86	92	7	8	93	100
Informática e comunicacións							12	20	49	80	61	100
Instalación e mantemento									32	100	32	100
Sanidade	45	90	5	10	50	100	142	55	115	45	257	100
Transporte e mantemento de vehículos	3	5	56	95	59	100	4	12	30	88	34	100
Subtotal	1.066	47	1.209	53	2.275	100	1.272	46	1.465	54	2.737	100
	<i>Grao Superior</i>											
Administración e xestión	59	66	30	34	89	100	63	71	26	29	89	100
Comercio e Márketing	24	62	15	38	39	100	42	59	29	41	71	100
Edificación e obra civil	58	42	79	58	137	100	21	54	18	46	39	100
Electricidade e electrónica	32	23	110	77	142	100	9	8	102	92	111	100
Enerxía e auga							4	10	37	90	41	100
Fabricación	6	11	50	89	56	100	7	15	40	85	47	100

mecánica												
Imaxe e son							19	46	22	54	41	100
Imaxe persoal	46	98	1	2	47	100	103	92	9	8	112	100
Informática e comunicacións	29	28	76	72	105	100	23	23	75	77	98	100
Instalación e mantemento							4	9	40	91	44	100
Química	31	61	20	39	51	100	67	70	29	30	96	100
Sanidade	36	86	6	14	42	100	37	74	13	26	50	100
Transporte de mantemento de vehículos							2	4	54	96	56	100
Subtotal	321	45	387	55	708	100	401	45	494	55	895	100
Subtotal C.F.	1.387	46	1.596	54	2.983	100	1.673	46	1.959	54	3.632	100
TOTAL ALUMNADO	2.247	47	2.515	53	4.762	100	2.623	47	2.998	53	5.621	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

A táboa anterior visualiza os datos do curso 2005/2006 e 2011/2012 das diferentes ensinanzas regradas que existen para as persoas adultas. Observamos que os datos relativos á *Educación Básica Inicial* duplícanse dende o curso escolar 2005/2006 ao 2011/2012, a maioría destas persoas matriculadas son mulleres, aínda que no último intervalo analizado se incrementa o número de homes.

Respecto do *Bacharelato*, os datos temporais son similares, aínda que compre destacar a masculinización da área de *Tecnoloxía* (87% homes e 13% mulleres). Este dato amosa a segregación formativa que segue a existir á hora de cursar determinadas especialidades, información coherente coa verquida noutros apartados deste estudo.

Os Ciclos Formativos de Grao Medio, amosan a mesma tendencia que os analizados en parágrafos anteriores: A existencia de especialidades fortemente masculinizadas e doutras feminizadas e a evolución a unha leve desfeminización das segundas e mantemento da masculinización das primeiras. Caso especial é o do Ciclo formativo medio en *Sanidade* que pasa dunha forte feminización (90%-10%) no curso 2005/2006 a unha presenza equilibrada de mulleres e homes (55%-45%). En Grao Superior obsérvase unha tendencia semellante.

➤ **Alumnado estranxeiro no réxime de adultos.**

Táboa 5.9: Evolución alumnado estranxeiro réxime de adultos cursos 2005-06/2011-12

Ensinanza	2005/2006						2011/2012					
	Mulleres		Homes		Total		Mulleres		Homes		Total	
	Abs	%	Abs	%	Abs	%	Abs	%	Abs	%	Abs	%
E. secundaria	-	-	-	-	-	-	44	51	43	49	87	100
Bacharelato	4	67	2	33	6	100	31	61	20	39	51	100
Ciclos Formativos	1	100	-	-	1	100	35	50	35	50	70	100
<i>Ensinanzas básicas iniciais</i>												
Nivel I- Alfabetización	2	100	-	-	2	100	34	67	17	33	51	100
Nivel II- Educación primaria	4	100	-	-	4	100						
Nivel III- Educación secundaria	18	56	14	44	32	100						
Subtotal	24	63	14	37	38	100	34	67	17	33	51	100
TOTAL ALUMNADO	29	64	16	36	45	100	144	56	115	44	259	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria.

A táboa anterior amosa como o incremento de matrículas de persoas estranxeiras en ensinanzas de réxime de adultos é importante, pasando de 45 persoas no curso 2005-06 a 259 no 2011-12, o que supón 115 mulleres e 99 homes máis. Neste derradeiro curso, tamén se avanza cara un maior equilibrio entre as alumnas e os alumnos, aínda que segue a ser superior o número de matrículas femininas.

ESCOLAS MUNICIPAIS

Artes e Oficios

Táboa 5.10: Alumnado que superou as probas de acceso para o curso 2012-13

Ensinanza	Grupos	2012-2013					
		Mulleres		Homes		Total	
		Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Caim. Gaita	Gaita I	1	13	7	87	8	100
	Iniciación	0	0	3	100	3	100
Caim. Lutheria Antiga	Lutheria I	0	0	8	100	8	100
Caim. Zanfona	Zanfona I	0	0	4	100	4	100
	Iniciación	0	0	4	100	4	100
Cerámica	Cerámica I	11	79	3	21	14	100
Encadernación	Encadernación I	8	53	7	47	15	100
Serigrafía	Serigrafía I	9	60	6	40	15	100
	Iniciación	6	55	5	45	11	100
Artesanía en coiro	Iniciación	9	50	9	50	18	100
Debuxo	Iniciación	13	65	7	35	20	100
Encaixe de palillos	Iniciación	30	100	0	0	30	100
Escultura e talla na madeira	Iniciación	12	40	18	60	30	100
Moda e Confección	Iniciación	31	100	0	0	31	100
Ourivaría		12	80	3	20	15	100
Pintura		18	90	2	10	20	100
TOTAL ALUMNADO		160	65	86	35	246	100


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web da Escola.

Como se pode apreciar na táboa 5.10, o 65% do alumnado que superou as probas de acceso para o curso 2012-13, está composto por mulleres, supoñendo o 100% nas especialidades de *Encaixe de palillos* e *Moda e confección*, datos que perpetúan a segregación horizontal á hora da elección de estudos académicos. Non consta ningunha muller nas especialidades de *Caim. Lutheria Antiga* e *Zanfona*, por outra banda, as modalidades onde se presenta un maior equilibrio de sexo son *Artesanía*, onde hai o mesmo número de mulleres e homes; *Encadernación*, *Serigrafía* e *Escultura e talla na madeira*.

Compoñen o profesorado 5 mulleres e 8 homes. Por outra banda, o equipo directivo está formado por 2 homes.

Música Folk e Tradicional


Gráfico 5.6: Alumnado admitido no ciclo básico no curso 2012-13



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web da Escola.

Das 131 persoas que compoñen o alumnado admitido no ciclo básico no curso 2012-2013, o 58% son mulleres, representando o 82% e 83% nas especialidades de *arpa Céltica* e *Canto popular* respectivamente; e o 64% e 59% en *Violín Folk* e *Percusión*. Os homes supoñen a maioría en *Requinta e frauta* e *Acordeón diatónico*, cun 86 e un 83%, respectivamente.

Gráfico 5.7: Alumnado admitido no ciclo medio no curso 2012-13



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web da Escola.

No tocante ao alumnado admitido para o mesmo curso no Ciclo Medio, do total de 25 persoas, 48% son mulleres. A especialidade de *Canto popular* só ten representación feminina e a de *Zanfona masculina*; *Acordeón diatónico* e *arpa céltica* contan con máis mulleres e *Corda pulsada*, *Gaita*, *Percusión*, *Requinta* e *Violín folk*, con máis homes.

Ensinanzas de Réxime Especial

As Ensinanzas de Réxime Especial abranguen no concello de Vigo, segundo datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o ensino de Arte Dramática, Artes Plásticas e Deseño e Idiomas. A continuación preséntase unha análise estatística de: alumnado, profesorado e persoal con cargo directivo dos centros que imparten ditas ensinanzas.

Táboa 5.11: Alumnado por sexo en Ensinanzas de Réxime Especial no curso 2011/12 (datos provisionais depurados)

Ensinanza	Mulleres	%	Homes	%	Total
Arte Dramática	104	61	67	39	171
Artes Plásticas e Deseño	87	69	40	31	127
Ensinanzas de Idiomas	4.991	67	2.412	33	7.403
Total	5.182	67	2.519	33	7.701

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O alumnado total matriculado nas ensinanzas de Réxime Especial en Vigo no curso 2011/12 ascende a 7.701 persoas, das cales o 67% son mulleres, alumnado que representa nos tres ensinos máis do 60%. No caso das *Artes Plásticas e Deseño*, o alumnado feminino acada o 69% do total, o que supón a máxima diferenza entre sexos, sendo nas aulas de *Arte Dramática* onde máis equilibrio se atopa entre alumnas e alumnos, cun 61% e un 39% respectivamente.

As ensinanzas de Idiomas no concello asumen o 96% das prazas de réxime Especial estando, no curso observado, o 67% das mesmas ocupadas por mulleres.

Táboa 5.12: Profesorado por sexo en Ensinanzas de Réxime Especial no curso 2011/12 (datos provisionais depurados)

Ensinanza	Mulleres	%	Homes	%	Total
Arte Dramática	23	57,5	17	42,5	40
Artes Plásticas e Deseño	6	32	13	68	19
Ensinanzas de Idiomas	70	74	25	26	95
Total	99	64	55	36	154

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A táboa 5.12 amosa a distribución de sexos entre o profesorado total das ensinanzas de réxime especial durante o curso 2011/12 está en liña coa distribución do alumnado total, das 154 persoas docentes, o 64% son mulleres.

A análise por tipo de ensinanza reflicte non obstante maior variabilidade nas porcentaxes; mentres en *Arte Dramática* os datos son equilibrados, nas ensinanzas de *Idiomas* a diferenza é máxima amosando un 74% de mulleres. *Artes Plástica e Deseño* é a única ensinanza impartida na súa maioría por homes (68%).

Táboa 5.13: Cargos Directivos por sexo en Ensinanzas de Réxime Especial, curso 2011-12 (datos provisionais depurados)

Enseñanza	Cargo Directivo	Mulleres		Homes		Total	
		Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Arte Dramática	Dirección	0	0	1	100	1	100
	Secretaría	1	100	0	0	1	100
	Xefatura Estudos	0	0	2	100	2	100
Artes Plásticas e Deseño	Dirección	0	0	1	100	1	100
	Secretaría	0	0	1	100	1	100
	Xefatura Estudos	0	0	1	100	1	100
Ensinanzas de Idiomas	Dirección	1	100	0	0	1	100
	Secretaría	3	50	3	50	6	100
	Xefatura Estudos	1	100	0	0	1	100
TOTAL		6	40	9	60	15	100

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O persoal que compón o equipo directivo no total de ensinanzas de réxime especial está equilibrado en canto ao sexo, de forma que nas 15 persoas con cargo directivo, a relación é 40%-60% de mulleres e homes respectivamente.

Por tipo de ensinanza, en *Arte Dramática* o equipo directivo está conformado nun 25% por mulleres, nun 62,5% no caso de *Idiomas* e non existe representación feminina en *Artes Plásticas e Deseño*. Estes datos manteñen certo grao de correlación cos datos estatísticos de presenza feminina no profesorado.

Segundo o cargo directivo desempeñado, o posto de *Dirección* das escolas ocúpano mulleres nun 33%, a *Secretaría* é responsabilidade de mulleres e homes na mesma medida e as *Xefaturas de Estudo* son as menos asumidas por mulleres, tratándose dun 25%.

Unha porcentaxe de profesorado feminino do 64% faría esperable unha porcentaxe similar no tocante ao persoal directivo, observándose que non só non se mantén senón que se invirte caendo ata un 40%, constatando a dificultade que aínda atopan as mulleres no seu percorrido cara a postos na xerarquía de decisión e poder no ámbito profesional.

6. MERCADO LABORAL

O tradicional reparto de roles de xénero asigna funcións, tarefas e espazos diferenciados a mulleres e homes, adxudicando o rol produtivo de provedor de ingresos aos homes e o rol reprodutivo de coidadoras ás mulleres, limita a participación feminina no mercado laboral e explica a maioría das diferenzas entre mulleres e homes neste ámbito.

A actividade laboral é un dos indicadores que mellor sintetiza o grao de incorporación da poboación ao mercado laboral, xa que indica a cantidade de persoas que traballan ou buscan emprego.

6.1 POBOACIÓN ACTIVA

Táboa 6.1: Poboación activa por sexo 1991-2001-2012

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
1991	42.464	37,95	69.429	62,05	111.893	100
2001	57.894	43,71	74.551	56,29	132.445	100
2012	75.800	48,44	81.300	51,56	157.100	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

A poboación activa son as persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas¹².


A táboa 6.1 revela que a poboación feminina experimentou un importante crecemento ao longo dos anos estudados, que pasou a ser do 37,95% no ano 1991, incrementando case 7 puntos na seguinte década e acadando o 48,24% no ano 2012. A poboación activa viguesa amosa unha importante

¹² Instituto Galego Estatística 2012

desigualdade entre mulleres e homes que se evidencia nunha diferenza a favor dos homes de 24 puntos porcentuais no ano 1991, descendendo a case 13 puntos no ano 2001 e de 3,5 puntos no ano 2012, onde elas representan o 48,44% e eles o 51,56%. A inactividade masculina descende a medida que avanza os anos, diminuindo máis de 7 puntos entre o ano 1991 e 2001 e máis de 5 respecto o ano 2012.

Da análise da táboa anterior pódese extraer tamén que a participación de mulleres e homes no mercado laboral é moi semellante, cada vez é máis frecuente a incorporación da muller ao mercado laboral como algo normalizado xa que cada vez son menos as mulleres que se dedican as tarefas reprodutivas en exclusividade.

Gráfica 6.1: Evolución da poboación activa por sexo 1991-2001-2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

A gráfica 6.1 relativa á evolución da poboación activa por sexo reflicte a existencia dunha menor actividade das mulleres respecto dos homes. Non obstante, pódese observar o paulatino incremento da actividade feminina que é de 15.430 mulleres dende o ano 1991 ao 2001, e de 17.906 ata o ano 2012. Pola contra, no caso dos homes, o incremento é de 5.122 dende o ano 1991 ata o 2001, e de 6.749 ata o ano 2012.

Como se pode apreciar ao longo das dúas décadas, a distancia entre ambos sexos é cada vez menor.

6.1.1. Poboación ocupada

Táboa 6.2: Poboación ocupada por sexo 1991-2001-2012

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
1991	30.149	34,39	57.528	65,61	87.677	100
2001	46.987	41,57	66.043	58,43	113.030	100
2012	58.500	48,67	61.700	51,33	120.200	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Poboación ocupada son as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións: traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie, con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas¹³

A poboación ocupada de mulleres e homes de Vigo experimentaron ao longo da década dos 90 e principios do 2000, evolucións completamente diferentes. Elas foron aumentando ao longo dos anos, mentres que eles diminúen en 4.343 entre o ano 2001 e o 2011, co que a diferenza que existía entre ambos, foise reducindo como se pode observar na táboa 6.2. Este fenómeno relaciónase co aumento tamén do número de mulleres activas e a diminución de inactivas, xa que, a incorporación da muller ao mercado laboral, vai en claro aumento nos últimos anos.

¹³ Instituto Galego de Estatística 2012

Táboa 6.3: Profesións máis demandadas no ámbito feminino 2012

Profesións máis demandadas	Contratacións
Camareiras asalariadas	5.370
Vendedoras en tendas e almacéns	4.776
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	3.761
Empregadas de servizos de correos (agás empregadas de mostrador)	1.666
Peoas das industrias manufactureiras	1.377
Teleoperadoras	1.305
Empregadas administrativas con tarefas de atención ao público non clasificadas baixo outras epígrafes	854
Empregadas administrativas sen tarefas de atención ao público non clasificadas baixo outras epígrafes	767
Profesoras e profesionais do ensino non clasificadas noutros epígrafes	580
Empregadas de control de abastecementos e inventario	561
Empregadas domésticas	516
Axudantes de cociña	401
Acompañantes turísticos	333
Auxiliares de enfermería hospitalaria	310
Traballadoras dos coidados persoais a domicilio	282

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de traballo e Benestar

A táboa anterior (6.3) sobre as profesións máis demandadas no ámbito feminino revela como a case totalidade das profesións se corresponden co sector servizos, sector fortemente feminizado como comprobamos anteriormente, agás peoa das industrias manufactureiras que é o único que non corresponde a este sector, pertence ao sector industrial, aínda que dentro deste sector é un traballo tradicionalmente realizado por mulleres. Numericamente as máis demandadas foron camareiras, seguidas de vendedoras e de persoal de limpeza. Como pode comprobarse, son fundamentalmente actividades relacionadas co papel asumido tradicionalmente polas mulleres na sociedade e relacionadas co ámbito doméstico e dos coidados.

Táboa 6.4: Contratos iniciais segundo sexo e modalidade 2010-2012.

	2010		2012		Variación 2010/12	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido ordinario e Fomento emprego	2.015	2.798	1.973	2.244	-42	-554
De obra ou servizo	16.028	22.509	11.630	17.139	-4.398	-5.370
Eventual por circunstancias produción	20.342	21.536	20.308	22.061	-34	525
Interinidade	11.742	5.381	9.492	4.783	-2.250	-598
En prácticas	313	228	227	223	-86	-5
Para formación	244	215	228	186	-16	-29
Outros	520	1.344	615	1.394	95	50
TOTAL Contratos	51.204	54.011	44.473	48.030	-6.731	-5.981

Fonte : Elaboración propia a través de datos da Consellería de Traballo

No ano 2012 suscribíronse en Vigo 92.503 contratos, dos que 44.473 foron realizados ás mulleres, o 48% dos realizados neste ano, un 0,66% menos que no ano 2010.

A análise da táboa anterior relativa aos contratos iniciais segundo sexo e tipoloxía no período 2010-2012 reflicte que a contratación de mulleres e homes descendeu, especialmente a de mulleres: efectuáronse 6.731 contratos femininos e 5.981 contratos masculinos menos que no ano 2010. Atendendo á tipoloxía da contratación, pódese observar que se reduciron o número de contratos agás a tipoloxía que engloba a outros e os masculinos de eventual ou circunstancias da produción.

Analizando numericamente, destacan, en primeiro lugar, os contratos eventuais ou por circunstancias da produción que, no caso das mulleres, se reduce en 34 contratos, mentres que nos homes aumenta en 525. Os contratos de obra ou servizo ocupan o segundo lugar, son 4.398 menos para as mulleres e 5.370 no caso dos homes. Nos contratos de interinidade, as mulleres duplican ao homes, sendo a contratación feminina a que se reduce en 2.250 contratos, mentres que nos homes en 525. Este tipo de

contrato adoita realizarse para cubrir vacantes temporais por ausencia da persoa titular.

O acceso das mulleres viguesas ao emprego segue a producirse maioritariamente a través de contratacións eventuais por circunstancias da produción (45,66%), seguidos de obra ou servizo (26,15%) e de interinidade (21,34%).

Como puidemos comprobar neste apartado, o mercado laboral é un dos ámbitos onde se manifestan con máis forza as desigualdades entre mulleres e homes, como consecuencia da división sexual do traballo e os roles e estereotipos de xénero que asignan tradicionalmente a uns e outras roles e espazos diferenciados. Os roles considerados femininos están relacionados co espazo doméstico e/ou privado e o ámbito dos coidados, mentres que aos homes se lle atribúe o rol de sustentador do fogar. Esta clasificación provoca traxectorias persoais, educativas e laborais diferenciadas para mulleres e homes.

Deste xeito, as mulleres seguen a participar en menor medida que os homes na actividade laboral, teñen máis dificultades para acceder ao primeiro emprego, permanecen máis tempo no desemprego, soportan maior temporalidade e precariedade na contratación, reciben salarios máis baixos, a súa actividade se concentra fundamentalmente en sectores feminizados, etc. Todas estas desigualdades e discriminación agrávanse nas actuais circunstancias de crise económica.

6.1.2. Poboación Parada

A poboación parada abrangue ao grupo de persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando emprego. Son persoas paradas tamén as que atoparon un traballo e están esperando incorporarse, sempre que se verifiquen as dúas primeiras condicións¹⁴.

Táboa 6.5: Paro rexistrado por sexo e grandes grupos de idade 2006¹⁵

Idade	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
<25	1.086	5,30	1.069	5,22	2.156	10,53
25 e +	12.031	58,77	6.286	30,70	18.317	89,47
Total	13.117	64,07	7.355	35,93	20.473	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE.

En Vigo, o paro ascendeu considerablemente dende a década dos 90, xa que a crise económica afecta directamente aos sectores que están presentes nunha cidade industrial coma esta. Aínda que non poidamos comparar os datos actuais cos anteriores ao 2005, por motivos da metodoloxía de tratamento de datos por parte do IGE, podemos constatar que o aumento da poboación parada é unha realidade, xa que simplemente observando a totalidade das persoas paradas no ano 2006, que eran 20.473, e comparándoas coas do ano 2012, 33.422 persoas, o aumento de 12.949 persoas en 6 anos é un número elevado e preocupante.

Táboa 6.6: Paro rexistrado por sexo e grandes grupos de idade 2012¹⁶

Idade	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
<25	1.012	3,03	1.186	3,55	2.198	6,58
25 e +	17.001	50,87	14.223	42,56	31.224	93,42
Total	18.013	53,90	15.409	46,10	33.422	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE.


¹⁴ Instituto Galego de Estatística.

¹⁵ A partir de maio de 2005 os datos non son comparables cos anteriores debido a un cambio metodolóxico. Para máis información consultar a páxina web do Servicio Público de Empleo Estatal (<http://www.inem.es>)

¹⁶ A partir de maio de 2005 os datos non son comparables cos anteriores debido a un cambio metodolóxico. Para máis información consultar a páxina web do Servicio Público de Empleo Estatal (<http://www.inem.es>)

Analizando ás persoas paradas por sexo, podemos comprobar que a maior incidencia de desemprego nas mulleres, (53,90%), repítese como unha das características do mercado do traballo. Se observamos a táboa 6.6 relativa ao paro rexistrado por sexo e grupos de idade 2012, pódese comprobar que todos os grupos de idade de ambos sexos experimentaron un aumento. O aumento máis significativo é o de homes de máis de 25 que pasou do 30,70%, no ano 2006, ao 42,56% no ano 2012, debido fundamentalmente á crise económica que provocou na nosa cidade un elevado incremento do desemprego en sectores masculinizados como a industria ou a construción. Aínda que o crecemento do paro masculino é moito máis significativo que o feminino, estas seguen representando o 53,90% da poboación parada. Porcentualmente, o 50,87% das persoas paradas son mulleres de máis de 25 anos, seguidas polos homes de máis de 25 cun 42,56%, a continuación lle sigue os homes de menos de 25, cun 3,55% e, por último, as mulleres de menos de 25 que corresponden a un 3,03% da totalidade da poboación dispoñible para traballar e buscando emprego

Gráfica 6.2: Paro rexistrado por sexo e grandes grupos de idade 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE.

Táboa 6.7: Poboación parada por sexo e sector de actividade 2012

Sector de actividade	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Agricultura/pesca	118	28,50	296	71,5	413	100
Industria	2.122	41,10	3.045	58,9	5.167	100
Construción	376	12,70	2.590	87,30	2.966	100
Servizos	11.807	63,70	6.737	36,30	18.544	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Existen tamén diferenzas considerables na poboación parada por sectores de actividade e polo tanto tamén no xeito en que a crise lles afectou.

A maior porcentaxe a presentan as mulleres do sector servizos, 63,70%, o que implica que case 7 de cada 10 desempregadas con experiencia laboral tiveron o seu último traballo no sector servizos, mentres que 3 de cada 10 homes proceden deste sector. O 41,10% das viguesas proceden da industria e o 28,5% da agricultura ou pesca, e acadan o 12,70% as paradas da construción.


No tocante ao paro masculino por sector de actividade, destaca a construción, moi desfavorecido pola caída do mercado inmobiliario e onde 8 de cada 10 homes proceden del. No relativo á industria, 6 de cada 10 proveñen deste sector e 7 de cada 10 da agricultura/pesca.

Resaltar como a crise reduciu as posibilidades de atopar un emprego e implica maiores dificultades para a poboación que carece de experiencia laboral previa, que como puidemos observar anteriormente son maioritariamente mulleres, e, en menor medida, homes que finalizaron os estudos e mulleres de máis idade que buscan traballo ante a perda de ingresos do sustentador principal do fogar.

Pódese concluír que o paro por sectores de actividade se comporta de xeito diferencial en mulleres e homes, comportamento que responde a unha clara e persistente segregación horizontal no emprego, en canto que homes e mulleres se sitúan en diferentes sectores considerados tradicionalmente “masculinos e femininos”. Existen ramas de actividade claramente

feminizadas, ocupadas maioritariamente por mulleres como o sector servizos, e outras claramente masculinizadas como a construción.

Gráfica 6.3: Desemprego por nivel académico e sexo 2012.



Fonte: Elaboración propia a través de datos da Consellería de Traballo e Benestar 2012

O grupo máis numeroso dentro da poboación parada son persoas con certificado de escolaridade. A medida que aumenta o nivel de estudos descende o nivel de paro, coa excepción das mulleres en paro con titulación universitaria que son máis numerosas que as que teñen a titulación inmediatamente anterior (BUP/Bacharelato/COU). O número de mulleres paradas sempre é superior ao dos homes coa mesma titulación.

Analizando a gráfica 6.3, confirmamos que a porcentaxe de mulleres e homes en paro que posúen certificado de escolaridade xunto coa titulación de enseñanza obrigatoria é similar e se sitúa arredor do 50%, mentres que na Formación Profesional son as mulleres ás que superan aos homes en 15 puntos porcentuais. Pola contra, as mulleres paradas con titulación universitaria duplican aos homes.

Táboa 6.8: Poboación parada por duración e sexo 2012

Idade		≤ 1 mes		+ 1 mes ≤ 6 meses		+ 6 meses ≤ 1 ano		+ 1 ano		Total	
		Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Mulleres	< 25	184	5,95	480	5,11	199	3,35	149	0,99	1.012	3,03
	25 e +	1.352	43,7	4.217	44,86	2.786	46,92	8.646	57,68	17.001	50,87
	Total	1.536	49,7	4.696	49,95	2.986	50,29	8.795	58,67	18.013	53,90
Homes	< 25	198	6,4	552	5,87	230	3,87	205	1,37	1.186	3,55
	25 e +	1.359	44	4.152	44,17	2.722	45,84	5.990	39,96	14.223	42,56
	Total	1.557	50,4	4.705	50,05	2.952	49,71	6.195	41,33	15.409	46,10
Total	< 25	382	12,4	1.032	10,98	430	7,24	354	2,36	2.198	6,58
	25 e +	2.710	87,6	8.369	89,02	5.508	92,76	14.637	97,65	31.224	93,42
	Total	3.092	100	9.401	100	5.938	100	14.990	100	33.422	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE.

En canto á poboación parada por duración e sexo (táboa 6.8), o grupo de menores de 25 é o que presenta unha porcentaxe similar de mulleres e homes en todos os intervalos de tempo, a diferenza entre ambos é de 1 punto.

En canto ao grupo de máis de 25 anos, a tendencia xeral é a ser máis numeroso canto máis tempo pasa, as diferenzas entre sexos non son moi relevantes, arredor do 50%, ata que chegamos ao intervalo de máis dun ano en desemprego, onde o número de persoas en desemprego aumenta en ambos casos, pero destacando o das mulleres por riba do dos homes, elas son o 58,67% e eles o 41,33%. Isto pon de manifesto como as diferenzas de xénero son maiores a medida que aumenta a idade das mulleres, ao contrario que o que acontece cos homes.

Preocupante é o elevado número de poboación que leva máis de 1 ano no paro, entre outras razóns porque está demostrado que as posibilidades de reincorporarse de novo ao mercado laboral diminúe na medida en que aumenta o tempo no desemprego, característica distintiva das mulleres no mercado de traballo.

6.2. POBOACIÓN INACTIVA

Táboa 6.9: Poboación inactiva por sexo 1991-2001-2012

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
1991	71.325	70,48	29.861	29,51	101.186	100
2001	69.335	64,76	37.737	35,24	107.072	100
2012	59.600	60,31	38.500	39,69	98.100	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE


A poboación inactiva, abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas. Estas persoas clasifícanse segundo a súa situación persoal nas seguintes categorías funcionais: Persoas que se ocupan do seu fogar, estudantes, persoas xubiladas ou prexubiladas, persoas que perciben unha pensión distinta á de xubilación ou prexubilación, persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, persoas incapacitadas para traballar, persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores¹⁷.

A táboa 6.9, indica que a poboación inactiva presenta tamén importantes fluctuacións no período analizado. No caso das mulleres, descende progresivamente, pasa do 70,48% no ano 1991 ata o 60,31% no ano 2012, revelando unha diferenza de 10 puntos entre ambos anos. No caso dos homes, aumenta paulatinamente a súa inactividade, en case 6 puntos entre o ano 1991 e 2001 e en case 5 no 2012.

Este dato sobre o importante aumento do índice de inactividade masculina está en consonancia co analizado no apartado anterior onde se explica que a poboación activa feminina aumenta ao longo destas décadas mentres que a masculina diminúe.

¹⁷ Instituto galego de Estatística 2012

Gráfica 6.4: Poboación inactiva por sexo 1991-2001-2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Como se pode apreciar na gráfica 6.4, a evolución deste sector da poboación é moi diferente en homes que en mulleres. Mentres eles experimentaron un lixeiro aumento, sobre todo do 2001 ao 2012, que pasaron de ser 37.737 no 2001 a 38.500 en 2012, as mulleres descendieron progresivamente, pasando de ser 71.325 en 1991 a 59.600 en 2012. Este dato é inversamente proporcional ao dato anterior da poboación activa, e ten a mesma causa: as mulleres cada vez dedícanse cada vez máis a labores produtivas e non só reprodutivas, mentres os homes seguen a desempeñar os mesmos roles de sempre, aumentando o número de inactivos de xeito proporcional ao aumento da poboación.

Resaltar tamén que as estatísticas oficiais inclúen ás amas de casa dentro da categoría “poboación inactiva” debido a que o traballo realizado polas mulleres no fogar non está considerado como unha actividade produtiva.

7. SAÚDE

"A saúde de mulleres e homes é diferente e desigual. Diferente porque hai factores biolóxicos (xenéticos, hereditarios, fisiolóxicos, etc.) que se manifestan de forma diferente na saúde e nos riscos de enfermidade, que moitas veces seguen invisibles para os patróns androcéntricos das ciencias da saúde. Desigual porque hai outros factores, que en parte son explicados polo xénero, e que inflúen dunha maneira inxusta na saúde das persoas (Rohlf, Borrell Fonseca 2000)"¹⁸.

Coñecer o estado de saúde de mulleres e homes, o seu xeito diferencial de enfermarse, así como as súas necesidades e demandas son premisas fundamentais para o deseño de políticas e programas de saúde. Non obstante, a experiencia e a práctica diaria indican a necesidade de estudos que presenten unha análise crítica que permita identificar e coñecer os problemas de saúde que afectan a mulleres e homes de xeito diferencial.

A elaboración deste apartado evidenciou a existencia de dificultades en relación á obtención dos datos. En primeiro lugar, moitos dos indicadores que consideramos fundamentais analizar non estaban desagregados por sexo, tanto os procedentes do Instituto Galego de Estatística como os procedentes das memorias, publicacións e páxinas web dos diversos organismos sanitarios.

Tamén atopamos dificultade para obter datos de saúde relativos á cidade de Vigo, xa que os publicados polos organismos oficiais fan referencia na maioría dos casos á área de saúde ou ao ámbito provincial, xunto con isto, mencionar tamén a falla de actualización dos mesmos e a imposibilidade de acceder a eles.

Os datos que a continuación se expoñen son recollidos do Instituto Galego de Estatística, das Memorias, publicacións e Web do SERGAS, do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad e do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).

¹⁸ Género y salud: diferencias y desigualdades. Izabella Rohlf. 2007.

7.1. MORTALIDADE, ESPERANZA DE VIDA E MORBILIDADE

“As investigacións e os estudos realizados nas últimas décadas permitiron coñecer que as mulleres e os homes enferman e morren por causas diferentes. Observouse que, nos países industrializados, as mulleres viven máis anos que os homes pero con peor calidade de vida, xa que presentan con maior frecuencia morbilidade de carácter crónico debilitante, por exemplo a diabetes e a artrose”. (Instituto Andaluz de la Mujer)¹⁹

Táboa.7.1: Taxa de Mortalidade por sexo


	2001		2010	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Vigo	7	8,7	7,9	8,6
Pontevedra	8,5	8,4	8	8,2
Galicia	9,8	10,9	10,2	11,1

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A diferenza, na poboación de Vigo, entre a mortalidade feminina e masculina na última década, vai diminuindo. Mentres que no ano 2001 o diferencial era de 1,7 puntos, no 2011 descende ata o 0,7. Como se pode observar na táboa anterior, esta taxa é menor en Vigo que a nivel provincial e autonómico tanto para mulleres como para homes.

Mortalidade e esperanza de vida

Gráfica 7.1: Esperanza de Vida ao nacer por idade e sexo Vigo 2002-2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

¹⁹ Género y salud. Unidad de igualdad y género. Instituto de la Mujer

Analizando a evolución da esperanza de vida en Vigo na gráfica 7.1, no período estudado, do ano 2002 ao ano 2011, existe un aumento progresivo da mesma tanto en mulleres como en homes, sendo a das mulleres sempre superior en 6 ou 7 anos. No 2011 esta diferenza foi de 6,3 anos. A nivel provincial e autonómico a esperanza de vida é menor tanto para mulleres como para homes (85,8 e 79), respectivamente.

“En resumo, podemos dicir que as mulleres teñen, en comparación cos homes, unha maior esperanza de vida ao nacer e aos 65 anos, pero que a súa vida sen enfermidade crónica e con boa autopercepción da súa saúde é máis curta que para os homes. Ao contrario do que sucede respecto de a vida libre de discapacidade, onde son os homes os máis afectados” (Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud)²⁰

Morbilidade

A maior esperanza de vida nas mulleres, non garante que esta sexa plena e libre de enfermidades.

“As mulleres teñen unha esperanza de vida máis longa que os homes, así a todo presentan maior morbilidad e incapacidade o que xerou un amplo campo de investigación” (Rohlf, Izabella 2003)²¹.

Esta afirmación está a indicar a necesidade de coñecer e investigar a existencia dunha morbilidad diferencial entendida como o conxunto de enfermidades, motivos de consultas ou factores de risco que aparecen máis frecuentemente ou en exclusiva nas mulleres e que precisan dunha atención específica.

²⁰ Informe salud y género 2005. Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud. Ministerio de Sanidad y Consumo

²¹ Género y salud: diferencias y desigualdades. Izabella Rohlf. 2007

Táboa 7.2: Persoas²² de 16 a 64 anos que sofren algunha enfermidade, por enfermidade máis importante que lles afecta e sexo.Prov. Pontevedra 2011

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Problemas en brazos ou mans	9,9	62,26	6	37,74	15,9	100
Problemas en pernas ou pés	10,4	54,74	8,6	45,26	19	100
Problemas en costas ou colo	37,9	62,54	22,7	37,46	60,6	100
Problemas de corazón, tensión arterial ou de circulación	8,7	50,88	8,4	49,12	17,1	100
Problemas de peito ou de respiración, incluíndo asma e bronquite	6,7	37,64	11,2	62,92	17,8	100
Problemas de riles, estómago, fígado ou outros problemas dixestivos	3,9	38,61	6,3	62,38	10,1	100
Diabetes	1,9	33,33	3,8	66,67	5,7	100
Enfermid. da pel, incluíndo reaccións alérxicas ou deformacións severas	6,7	48,55	7,2	52,17	13,8	100
Outros problemas	28,9	59,10	20	40,90	48,9	100
Total	114,9	54,98	94,	45,02	209	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

A táboa 7.2 indica que as enfermidades máis frecuentes padecidas polas mulleres da Provincia de Pontevedra entre 16 e 64 anos son, en primeiro lugar, os problemas en brazos ou mans e en costas ou colo co 62,26% e 62,54% respectivamente, así como en pernas ou pés, co 54,76%, seguidas de problemas cardíacos, de tensión arterial ou circulatorios, trastornos que poden estar relacionados con enfermidades crónicas e que afectan á saúde e calidade de vida. Este patrón de enfermidades crónicas é moi similar ao que presentan as mulleres españolas na última Enquisa Nacional de Saúde. No caso dos homes, sofren en primeiro lugar diabetes (66,67%), problemas de peito ou de respiración, incluíndo asma e bronquite (62,92%), de riles, estómago, fígado ou outros problemas dixestivos (62,38%), e de enfermidades da pel incluíndo reaccións alérxicas ou deformacións severas (52,17%).

²² Miles de persoas

As mulleres presentan valores moito máis elevados que os homes no padecemento de problemas de articulacións e músculo-esqueléticos, 25 puntos máis. Pola contra, os homes padecen máis problemas respiratorios, de riles, fígado ou dixestivos, cunha diferenza de 25 puntos e, no caso da diabetes, chega a duplicarse.

"Esta notable diferenza de enfermarse entre os sexos parece estar causada tanto por unha forma distinta de enfermarse por sexos (Wool,1994;Piccinelli,1997), debida á diferente influencia dos factores psicosociais de xénero (OMS,2002; Velasco, 2006) a unha forma diferente de queixarse por sexo, así como por unha maior tendencia das mulleres a acudir ao sistema sanitario e, por tanto, facer os síntomas rexistrables (Kroenke, 1998; Campbell, 2001), ademais dunha forma diferente de escoitar e diagnosticar dos médicos e médicas segundo o sexo dos seus pacientes (Malterud,1998; Bensing,1999; Delgado, 2001; Ruiz Cantero, 2001 e 2004)²³."

Gráfica 7.2: Estadía media de persoas enfermas dadas de alta por sexo e grupos de idade. Pontevedra 2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

²³ Informe Salud y Género 2006. Las edades centrales de la vida. Ministerio de Sanidad y Consumo. 2008.

A gráfica 7.2 indica que a estadía media nos hospitais da provincia de Pontevedra é de 6,8 días para as mulleres e 7,8 días no caso dos homes. Obsérvase que as diferenzas máis acusadas atópanse nas franxas de idade entre os 25-34 anos e os 45-54 anos, onde os homes tardan unha media de 1,8 días máis en ser dados de alta. A partir dos 75-84 e ata os 85-94 anos esta tendencia desaparece e son as mulleres as que pasan menos días de media ingresadas no hospital, se ben esta diferenza é menor dun día. A partir dos 95 ambos sexos permanecen unha media de 9,4 días no hospital.

Defuncións

Táboa 7.3: Defuncións segundo causa e sexo Pontevedra 2009

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Enfermidades infecciosas e parasitarias	59	44,03	75	55,97	134	100
Tumores	991	39,70	1.505	60,30	2.496	100
Enfermidades do sangue, órganos hematopoéticos e inmunidade	12	63,16	7	36,84	19	100
Enfermidades endócrinas, nutricionais e metabólicas	131	63,59	75	36,41	206	100
Trastornos mentais e do comportamento	287	72,84	107	27,16	394	100
Enfermidades do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	215	61,08	137	38,92	352	100
Enfermidades do sistema circulatorio	1.507	58,16	1.084	41,84	2.591	100
Enfermidades do sistema respiratorio	473	46,15	552	53,85	1.025	100
Enfermidades do sistema Dixestivo	176	46,68	201	53,32	377	100
Enfermidades da pel e do tecido subcutáneo	22	73,33	8	26,67	30	100
Enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo	22	64,71	12	35,29	34	100
Enfermidades do sistema xenitourinario	131	52,19	120	47,81	251	100
Embarazo, parto e puerperio	0	0	-	-	0	100
Afeccións orixinadas no período perinatal	4	40	6	60	10	100
Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas	12	60	8	40	20	100
Síntomas, signos, achados anormais clínicos ou de laboratorio non clasificados noutra parte	144	50,70	140	49,30	284	100
Causas externas de mortalidade	139	33,25	279	66,75	418	100
Total	4.325	50,05	4.316	49,95	8.641	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE


Segundo a táboa 7.3, as enfermidades que marcan as maiores defuncións para ambos sexos son:

Sistema circulatorio, tumores e sistema respiratorio. Este dato desagregado por sexo sitúa como principais causas de defunción para as mulleres estas tres enfermidades na mesma orde. No caso dos homes en primeiro lugar son os *tumores*, seguido das enfermidades do *sistema circulatorio* e ultimo lugar as enfermidades do *sistema respiratorio*.

Resaltar que as mulleres case triplican aos homes nas mortes por *trastornos mentais e do comportamento*.

En canto á etiología medicolegal das mortes violentas autopsiadas, en Vigo, ao igual que no resto de delegacións do IMELGA, destaca, en primeiro lugar, os accidentes, seguidos polos casos de suicidios e, por último, dos homicidios (Imelga 2011)²⁴. Este dato non está desagregado por sexo, polo que non se pode analizar en que proporción as mulleres e os homes falecen de causas violentas. A primeira causa de morte violenta son os accidentes, e dentro deles, están os accidentes de tráfico que foron decrecendo en Vigo nos últimos anos (Imelga 2011)²⁵. Este dato tampouco aparece desagregado por sexo a nivel local.

Gráfica 7.3: Defuncións en accidentes tráfico segundo sexo. Pontevedra 1999-2009



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE


²⁴Memoria das actividades realizadas polo instituto de medicina legal de Galicia. 2011

²⁵Memoria das actividades realizadas polo instituto de medicina legal de Galicia. 2011

Si existe este dato desagregado por sexo a nivel provincial do ano 1999 ata o ano 2009, a gráfica 7.3 revela que a inmensa maioría de vítimas mortais en accidentes de tráfico sempre foron maioritariamente homes.

En canto aos suicidios, segundo tipo de morte violenta máis común, o número total de suicidios ocorridos en Galicia durante os anos 2007 ao 2011 incrementouse un 9'47%. Atopamos un incremento moi importante na Subdirección de Vigo, onde os casos incrementáronse un 62% (Imelga 2011)²⁶

Gráfica 7.4: Suicidios por sexo e idade. Pontevedra 2009




Fonte: Elaboración propia a través dos datos do IGE

A gráfica 7.4, relativa aos suicidios por sexo e idade, amosa que na provincia de Pontevedra, nas tres franxas de idade, o número de suicidios de homes supera amplamente ao de mulleres, dobrando e triplicando en número.

²⁶ Memoria das actividades realizadas polo instituto de medicina legal de Galicia. 2011

Gráfica.7.5: Defuncións por sexo e medio empregado. Pontevedra 2010



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

Respecto dos suicidios por sexo e medio empregado, a gráfica 7.5 revela que os homes cuaduplican o número de mulleres que rematan coa súa vida. A *Lesión auto inflixida intencionalmente por aforcamento, estrangulamento ou sufocación* é o método de suicidio que adoita ter mais frecuencia tanto entre mulleres como homes. Non obstante, os homes multiplican por 5 o número de mulleres mortas a través deste método.

7.2. VIH/SIDA

"O estigma e a discriminación acompaña ás mulleres na infección polo VIH polo feito de ser muller, ambas situacións son unha expresión da violencia de xénero e a resposta de moitas mulleres nun primeiro intento de superación, é ocultar o seu estado serolóxico, senten medo, vergonza, ameaza, o motivo non é preservar a privacidade, séntense soas e ameazadas. É a partir deste engano que a súa identidade remodelase, xerándose de forma progresiva e complexa, dificultades no manexo das emocións, da sexualidade e da toma de decisións. Van aumentando os temores ao rexeitamento, ao abandono, ao maltrato e ás agresións e todo iso chega a dificultar o manter relacións sexuais protexidas ou seguras do risco de infección polo VIH e outras ITS" (Chuang CH, Liebschutz JM, Horton NJ, Samet JH 2006)²⁷


Neste apartado atopámonos novamente con numerosos datos sen desagregar por sexo e a nivel municipal, polo que optamos por analizar a información mais salientable.

"O virus da inmunodeficiencia humana (VIH) infecta ás células do sistema inmunitario, alterando ou anulando a súa función. A infección produce un deterioro progresivo do sistema inmunitario, coa conseguinte "inmunodeficiencia". Considérase que o sistema inmunitario é deficiente cando deixa de poder cumprir a súa función de loita contra as infeccións e enfermidades. A síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA) é un termo que se aplica aos estadios máis avanzados da infección por VIH e defínese pola presenza dalgunha das máis de 20 infeccións oportunistas ou de cancros relacionados co VIH.

²⁷ Chuang CH, Liebschutz JM, Horton NJ, Samet JH. Association of violence victimization with inconsistent condom use in HIV-infected persons. AIDS Behav. 2006Mar;10 (2):201-7

*O VIH pode transmitirse polas relacións sexuais vaxinais, anais ou orais cunha persoa infectada, a transfusión de sangue contaminado ou o uso compartido de agullas, xiringas ou outros instrumentos punzantes. Así mesmo, pode transmitirse da nai ao fillo durante o embarazo, o parto e a lactación*²⁸.

Gráfica 7.6: N° de novos diagnósticos VIH por ano de diagnóstico. Galicia 2004-2010



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE


A nivel galego, dende o ano 2004, o número de persoas que foron diagnosticadas co VIH era unha cifra máis ou menos estable que roldaba as 210, no ano 2010 este número decae a 164 diagnósticos (gráfica 7.6).

Tendo en conta as catro provincias galegas, Pontevedra é a zona onde se rexistran máis diagnósticos de infección polo VIH, cunha incidencia de 610 casos acumulados por millón de habitantes do 2004 ao 2011, o que supón unha incidencia media anual de 87 casos/millón²⁹

²⁸ Organización Mundial da Saúde (OMS)

²⁹ Informe VIH-SIDA en Galicia.Xunta de Galicia

Gráfica 7.7: Nº de casos SIDA Provincia de Pontevedra 1984-2011




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Respecto ao SIDA, na gráfica 7.7 pódese ver a evolución de casos na provincia de Pontevedra, dende o ano de aparición desta enfermidade en Galicia, 1984³⁰, ata o ano 2011. Como se pode apreciar na gráfica, os anos onde máis casos foron descubertos foi a finais da década dos 80, e ao longo da década dos 90, tanto para mulleres como para homes, se ben é certo que o número de mulleres enfermas de SIDA sempre foi e é moito menor que o de homes. Ao chegar ao ano 2000 os casos foron descendendo progresivamente en ámbolos dous sexos ata chegar ao ano 2011 no que se diagnosticou a 3 mulleres e a 7 homes con esta enfermidade

³⁰ Informe VIH-SIDA en Galicia. Xunta de Galicia

Gráfica 7.8: Casos de SIDA Área de Vigo 1984-2010



Fonte: Elaboración propia a través de datos da Xunta de Galicia

A gráfica 7.8 amosa os casos de SIDA na área de Vigo, se ben non está desagregada por sexo, pódese observar que segue o mesmo parámetro que a da provincia de Pontevedra, coa cota máxima na década dos 90 e un progresivo descenso coa entrada do novo século.

Táboa 7.4: Casos acumulados de SIDA³¹ dende 1981 ata 30 de Xuño de 2011 en Galicia, categoría de transmisión e sexo.

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
HSH (homes que manteñen relacións sexuais con outros homes)	0	0	350	100	350	100
UDI (Persoas que usan drogas inxectables)	490	20,18	1.938	79,82	2.428	100
Recepción hemoderivados	7	11,11	56	88,89	63	100
Transfusión	13	41,94	18	58,06	31	100
Transmisión nai a filla ou fillo	10	71,43	4	28,57	14	100
Heterosexuais	318	38,41	510	61,59	828	100
Outros/NC	47	28,83	116	71,17	163	100
Total	885	22,83	2.996	77,17	3.877	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE

³¹ Datos non corrixidos por retraso na notificación

A táboa anterior amosa que as principais categorías de transmisión da SIDA en Galicia por orde de importancia son: *Persoas que usan drogas inxectables e a transmisión heterosexual*.

No caso das mulleres, a primeira categoría de transmisión significa o 55% das infectadas, e a *transmisión heterosexual* o 36%. Para os homes, a *transmisión por uso de drogas inxectables* é do 73%, mentres que a segunda representa o 19%.

Resaltar como, no caso das mulleres, se achegan as cifras de infección por uso de *drogas inxectables* coas de *transmisión sexual* (diferenza de 19 puntos porcentuais), mentres que no caso dos homes a diferenza sigue a ser moi significativa (54 puntos).

"É cada vez máis evidente que unha das características diferenciais da infección en mulleres con respecto aos homes é a maior vulnerabilidade que estas teñen" (Grupo de expertas y expertos do Plan Nacional sobre SIDA y de GESIDA)³²

En canto ás diferenzas por sexo nas diferentes categorías de transmisión, obsérvase que en todas as categorías é superior a porcentaxe de homes que a de mulleres agás a transmisión de nai a filla ou fillo na que hai máis nenas (71,43%). Con todo existe a hipótese, segundo o Informe VIH-SIDA en Galicia, de que nun futuro as mulleres aumentarán o seu peso relativo respecto aos homes: *"A razón de sexos (homes/mulleres) é de 3,3 durante todo o período (1984-2011. Si só tivéssemos en conta aos que se infectan por relacións heterosexuais non protexidas, a razón pasaría a ser de 1,4 a 1 e apoiaría a hipótese de que no futuro as mulleres aumentarán o seu peso relativo con respecto aos homes"* ³³

A nosa cidade é a segunda en Galicia onde máis casos de SIDA se declaran, por detrás de A Coruña. Entre os anos 1984 e 2011 foron 804 casos descubertos, 742 no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e 62 no Hospital Povisa³⁴.

³² Documento de consenso de la Secretaría del Plan Nacional sobre el sida /GESIDA sobre la Asistencia en el ámbito sanitario a las mujeres con infección por el VIH. Grupo de expertas y expertos del plan nacional sobre el SIDA y de GESIDA

³³ Informe VIH-SIDA en Galicia. Xunta de Galicia


³⁴ Informe VIH-SIDA en Galicia. Xunta de Galicia

7.3. IVES

En relación coa interrupción voluntaria dos embarazos, compre sinalar a inexistencia de datos a nivel municipal, polo que analizamos os datos globais referidos á provincia de Pontevedra

Evolución IVES segundo a provincia de residencia. Pontevedra 1991-2001-2011


Gráfica 7.9: Evolución segundo a provincia de residencia. Pontevedra 1991-2001-2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

As Interrupcións voluntarias do embarazo na provincia de Pontevedra incrementáanse en 580 casos dende o 1991 ata o ano 2001. Este incremento total tradúcese nun 39% de aumento de IVES do ano 1991 ao 2001 e nun 11% entre os anos 2001 a 2011 (gráfica 7.9).

Gráfica 7.10: Nº de IVES por tramos de idade segundo a provincia de residencia. Pontevedra 2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

A táboa anterior reflicte que o 82% das interrupcións voluntarias do embarazo acontecen entre os tramos 20-29 e 30-39 anos, con porcentaxes moi similares (42% e 40% respectivamente). O restante 18% corresponde a mulleres maiores de 39 anos (8,7%), de 16 a 19 anos (8,6%), e con valor residual as menores de 16 anos (0,5%)

Lei Orgánica de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo 2/2010 de 3 de marzo 2010

O 3 de marzo de 2010 promulgouse a Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. Esta lei ten como obxecto garantir os dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e saúde reprodutiva establecidos pola Organización Mundial da Saúde (OMS), regular as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establecer as correspondentes obrigacións dos poderes públicos. A lei entrou en vigor o 5 de xullo de 2010.

7.4. CLIMATERIO E MENOPAUSA

Segundo a enfermeira e antropóloga María Sacramento Rodríguez Sánchez (2008), climaterio é o período crítico da vida humana no que se produce algún cambio crucial no organismo. Durante esta etapa as mulleres prepáranse para unha vida adulta madura.

Así mesmo, esta autora cre que, máis que de menopausia, habería que falar de período climatérico, xa que a menopausa é un momento concreto caracterizado polo cese da menstruación e consecuente perda da actividade folicular ovárica (OMS).

Este período climatérico ten unha vixencia temporal entre 5 a 10 anos, e nel prodúcense importantes cambios como consecuencia dun reaxuste hormonal.

No ano 2010, Moure Fernández, Antolín Rodríguez, Puialto Duran e Salgado Álvarez publican na revista electrónica "Enfermería Global" o estudo "Hábitos alimentarios de las mujeres en relación con el nivel de conocimientos sobre el climaterio"³⁵:

Os obxectivos deste estudo comparativo, observacional, transversal, realizado a 425 mulleres de 30-60 en Vigo no ano 2010 foi o de coñecer os comportamentos relacionados coa alimentación e hábitos tóxicos das mulleres de idade comprendida entre 30-60 anos da área sanitaria de Vigo.

O resultado foi que as mulleres desta mostra teñen coñecementos altos ou moi altos nun 74,3% e uns comportamentos que non se correlacionan co nivel de coñecementos.

Os datos recadados neste estudo parecen suxerir que os comportamentos inadecuados non están ligados á coñecementos deficientes senón a un posible problema de actitude debido, tal vez, á dificultade de modificar condutas na idade adulta.

³⁵ Moure Fernandez, L., Antolin Rodriguez, R., Puialto Duran, MJ, Salgado Alvarez, C. (2010). Hábitos alimentarios de las mujeres en relación con el nivel de conocimientos sobre el climaterio en Enfermería Global. Revista electrónica cuatrimestral de Enfermería, número 20, octubre 2010

En canto aos diferentes consumos de alimentos, atoparon que a inxesta de proteínas é deficitaria en case as tres cuartas partes da mostra, o que non concorda coa "Enquisa sobre os hábitos alimentarios da poboación adulta galega, 2007" na que o aporte de proteínas na dieta resultou ser excesivo, isto quizá podería explicarse porque este estudo está realizado exclusivamente con mulleres.

O feito de que nun 90% da mostra o consumo de fariñáceos fora inferior á recomendada para unha dieta saudable, que un 64% afirmara consumir "raramente o nunca" graxas, que soamente un 10% dos doces consumidos foran de fabricación industrial, unido a que máis da metade das mulleres tomaran doses adecuadas de verduras, levoulles a pensar que é innegable que vivimos nunha época na que se lle da moita importancia ao aspecto físico, facendo que exista unha gran preocupación polo coidado do corpo e da alimentación e na que a mensaxe publicitaria é: "estar sa é estar delgada" difundíndose a idea de que estar delgada é sinónimo de éxito e de esforzo.

Resaltan coma moi positivo que un 53% tome o aporte adecuado de lácteos, tendo en conta que a capacidade para absorber o calcio diminúe coa idade, debéndose tal vez as campañas preventivas fronte á osteoporose, nas que se fai fincapé nunha inxesta suficiente de calcio coa dieta ou mediante suplementos e a que non é unha medida que non require tanto esforzo coma o exercicio físico ou o control da dieta.

A OMS informaba ás autoridades sanitarias sobre as consecuencias do rápido aumento de mulleres postmenopáusicas, previsible para o 2030 e recomendaba a preparación dos servizos de saúde e das actividades educativas e de promoción adecuadas para atender as necesidades de saúde das mulleres nesa, cada vez, máis ampla etapa da súa vida.

Por todo isto, conclúen que as mulleres viguesas coñecen que é o que deben facer para manter unha vida saudable, pero á hora de poñelo en práctica non o fan maioritariamente, por iso cren necesaria a implantación nos Centros de Saúde dun programa coordinado polo equipo de saúde, dirixido a aplicar os coñecementos que demostraron posuír estas mulleres aos seus comportamentos diarios, co fin de lograr unha maior calidade de vida nesta etapa de cambios físicos e psicolóxicos.

7.5. DROGODEPENDENCIAS

Neste apartado vanse analizar algúns dos Programas para a atención das persoas drogodependentes de Vigo.

As Unidades Asistenciais de Atención á Drogodependentes de Vigo (UADs) son Cedro (pertencente ao Concello de Vigo e ao SERGAS) e Alborada (pertencente a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga en Vigo).

Os datos recadados corresponden unicamente á Asociación Alborada. Non se puido ter acceso aos datos de Cedro, que por pertencer ao SERGAS, teñen que pedir autorización e esta non chegou a día de hoxe.

Incluímos tamén os datos das persoas usuarias do Programa CEREDA facilitados por Médicos do Mundo.

"En xeral, a análise dos datos publicados nos diversos Observatorios sobre a droga e a toxicomanía permiten afirmar que os homes consumen mais drogas ilícitas que as mulleres e por iso, tradicionalmente, os trastornos aditivos foron considerados como enfermidades da poboación masculina. Con todo, existen factores legais, culturais, educativos e xeográficos que levaron a un aumento da prevalenza do consumo entre as mulleres.

*Factores tales como os novos roles desempeñados, os roles asignados, a dependencia afectiva, a publicidade directa e indirecta e a influencia dos medios de comunicación, a imaxe corporal, as cargas sociais, as relacións persoais, a violencia directa e indirecta exercida contra as mulleres, as novas situacións vitais froito dos novos roles libremente elixidos (saída ao mercado laboral, cambios no estado civil, maior autonomía e liberdade para decidir, etc.) e as novas formas de lecer contribúen ao comezo do mantemento de condutas de adicción diferenciais entre homes e mulleres e constitúense en verdadeiras situacións de risco para estas últimas"*³⁶

³⁶La mujer drogodependiente especificidad de género y factores Asociados. Arostegi Santamaria, Elisabete y Aurora Urbano Aljama. 2004, Universidad de Deusto.

“Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga en Vigo: ALBORADA”

"O programa de drogodependencias ALBORADA (Unidade Asistencial, Comunidade Terapéutica, Centro de Día e o Centro de Día de atención ao menor), depende da Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga en Vigo. Esta ONG, declarada de utilidade pública, creou o seu primeiro centro en 1982, e dende entón fóronse incorporando os diferentes recursos e programas que na actualidade conforman a estrutura de Alborada"³⁷.

No ano 2012 Alborada atendeu a 1.552 persoas, das cales 279 foron mulleres (17,98%) e 1.273 homes (82,02%). Esta diferenza tan notable entre mulleres e homes semella a tendencia habitual da problemáticas das drogodependencias, xa que, segundo datos recadados na páxina web de Alborada, do ano 1982 ao ano 2007 atenderon a 6.500 persoas das cales o 20% foron mulleres e o 80% homes³⁸.

Táboa 7.5: Número de persoas usuarias dos Programas de tratamento desagregado por sexo, atendidas durante 2012 en ALBORADA

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Inicios de tratamento	40	17,86	184	82,14	224	100
Programa libre de drogas	68	17,99	310	82,01	378	100
Programa de mantemento con naltrexona	3	18,75	13	81,25	16	100
Programa de mantemento con derivados opiáceos	157	17,98	716	82,02	873	100
Programa de mantemento de psicoestimulantes (cocaína)	54	18,06	245	81,94	299	100
Programa de alcoholismo	10	19,61	41	80,39	51	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Alborada

No ano 2012, 224 persoas iniciaron algún programa de tratamento en Alborada, das cales o 17,86% foron mulleres e o 82,14% foron homes.

³⁷<http://www.alborada.org/>

³⁸ <http://www.alborada.org/>

A poboación, previa avaliación médica, psicolóxica e social, é derivada ao programa de tratamento que máis se axuste á súa situación (táboa 7.5):

- Programas libres de drogas: Mantense a abstinencia do consumo de drogas mediante a aplicación de técnicas psicoterapeutas individuais e de familia. A elo hai que engadir en maior medida a motivación, a capacidade e o esforzo da persoa paciente. Neste programa participaron 378 persoas no ano 2012, das cales o 17,99% foron mulleres e o 82,01% foron homes.
- Programas farmacolóxicos: neles utilízase algún medicamento como base do tratamento, como os derivados opiáceos (ex: metadona), antagonistas opiáceos (ex: naltrexona) ou outros.
 - Programa de mantemento con naltrexona: A naltrexona é unha substancia que posúe unha acción antagonista competitiva polos receptores opiáceos do sistema nervioso central e periférico, sendo un antagonista case puro e non producindo fenómenos de tolerancia ou dependencia. Está indicado para persoas usuarias de opiáceos cunha historia curta de consumo, suficiente apoio familiar e social, aceptable adaptación social, escolar ou laboral, boa motivación para abandonar o consumo pero que precisan subxectivamente unha medida de contención farmacolóxica, e pacientes que fracasaron no Programa libre de drogas. No ano de estudo estiveron incluídas neste programa 3 mulleres (18,75%) e 13 homes (81,25%)
 - Programa de mantemento con derivados opiáceos: O derivado opiáceo máis utilizado é a metadona, que ten efectos similares á heroína e a morfina. Administrase ás persoas adictas aos opiáceos como substitutivo. É unha sustancia sanitariamente controlada e o seu uso está regulado por lei. As vantaxes fronte á heroína son: gran control sanitario, pódese administrar oralmente, os seus efectos duran 24 horas (fronte ás 4 horas de vida media da heroína). Este Programa é o máis numeroso de Alborada, contou no 2012 con 873 persoas pacientes, das cales 157 foron mulleres (17,98%) e 716 homes (82,02%).

-Programa de mantemento de psicoestimulantes (cocaína): Neste programa estiveron incluídas no ano 2012, 299 persoas das que 54 foron mulleres (18,06%) e 245 foron homes (81,94%).

- Programas multicomponentes: Úsanse con moita frecuencia, é unha combinación dos anteriores, é dicir, aplícanse técnicas psicolóxicas á vez que se administra algún tratamento.
- Programa alcoholismo: Continuando coa tendencia xeral, este programa atendeu a 10 mulleres (19,61%) e a 41 homes (80,39%)

Estas diferenzas entre mulleres e homes responden a diferenzas por razón de xénero:

*"As estatísticas reflectidas nos datos ofrecidos polos mencionados observatorios amosan que menos dunha muller por cada tres homes usuarios de drogas solicita tratamento. A razón hai que buscala en que moitas non reclaman axuda por medo a perder aos seus fillos, ser etiquetadas como nais inadecuadas ou a verse marxinadas pola familia ou a parella e por elo as cifras reais de mulleres con problemas de drogas non están adecuadamente representadas"*³⁹

Táboa 7.6: N^o persoas usuarias en Programas residencias ou semiresidenciais, desagregado por sexo, atendidas durante 2012 en ALBORADA

	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Subprograma de pisos terapéuticos	13	54,17	11	45,83	24	100
Programa de Centro de día	13	25	39	75	52	100
Programa de comunidade terapéutica	18	18	82	82	100	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Alborada

³⁹ La mujer drogodependiente especificidad de género y factores Asociados. Arostegi Santamaria, Elisabete y Aurora Urbano Aljama. 2004, Universidad de Deusto


Se o tratamento é insuficiente propónse á persoa a separación parcial ou total do seu entorno, co fin de aplicar máis intensamente unha serie de medidas que potencien a consecución dos obxectivos terapéuticos, como, por exemplo, o logro e o mantemento da abstinencia, o fortalecemento de hábitos básicos e de saúde, a aprendizaxe de habilidades sociais, formativas académicas, culturais ou para a convivencia. Tamén poderán participar en diversos obradoiros como informática, carpintería, electricidade, encadernación, fotografía, ou xardinería/horticultura.

Neste tipo de programas a tendencia anteriormente analizada de que as mulleres rolden o 20% e os homes o 80% semella cambiar, estando a proporción máis equilibrada, fundamentalmente no *subprograma de pisos terapéuticos* (táboa 7.6).

Centro de redución de danos con persoas usuarias de drogase/ou sen fogar (CEREDA)

No ano 2001, Médicos do Mundo Vigo co apoio do Concello de Vigo pon en funcionamento un programa de redución de danos para e con persoas con uso problemático de drogas: O programa CEREDA.

Gráfica 7.11: Porcentaxe de persoas usuarias do Programa CEREDA no ano 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos de datos facilitados por Médicos do Mundo

Estas porcentaxes amosan unha proporción, en canto á variable sexo, sensiblemente superior ás comentadas no epígrafe anterior, se ven poñen de manifesto como estes servizos son utilizados maioritariamente por homes (gráfica 7.11).

7.6. INFRAESTRUCTURA SANITARIA

A sanidade é un dos sectores que, dende a entrada da muller ao mundo laboral, esta máis feminizada, isto ocorre porque as profesións que a engloban están relacionadas cos valores e aptitudes tradicionalmente femininas baseadas nos estereotipos de xénero.

"....Un dos principais estereotipos de xénero no sistema sanitario é aquel segundo o cal as mulleres dedícanse a coidar, mentres que os homes céntranse na tarefa de curar. Deste xeito atribúese ao sexo masculino o dominio da técnica e a ciencia, mentres que as mulleres contan cunha serie de destrezas e capacidades innatas que as fai mellores coidadoras. A cualificación da muller como coidadora ten a base no ser para outros: para fillos e fillas, para o cónxuxe e para os proxenitores" (Lagarde, 2003)⁴⁰

Rede Hospitalaria

A área sanitaria de Vigo comprende a zona sur da provincia de Pontevedra e engloba 26 concellos, agrupados en 7 zonas sanitarias de atención integrada segundo a Consellería de Sanidade.

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) atende á poboación dos concellos da área de influencia que ten asignada, esta poboación ascende a 437.181, segundo datos da páxina web do propio CHUVI, das cales o 51,73% son mulleres e o 48,28% son homes.

⁴⁰ LAGARDE, Marcela. Mujeres cuidadoras. Entre la obligación y la satisfacción. Congreso Internacional SARE 2003: Cuidar cuesta: costes y beneficios del cuidado; 2003 Oct 13-14; Vitoria-Gasteiz.


Zonas sanitarias da Área sanitaria de Vigo



Fonte: chuvi.sergas.es

Número de Hospitais e número de camas.

Gráfica7.12: N° de hospitais e de camas. Vigo 2005/2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Segundo o Instituto Galego de Estatística (datos do Ministerio de Sanidad y Política Social. Catálogo nacional de hospitais) en Vigo no ano 2012 había dispoñibles 2.268 camas de hospital repartidas en 9 hospitais.

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, de carácter público, está formado polo Hospital Xeral, o Hospital Cíes, o Hospital do Meixoeiro, o Hospital Nicolás Peña, o Hospital do Rebullón e os Centros de especialidades deles dependentes, neste complexo as prazas públicas, contabilízanse en 1.250 camas instaladas⁴¹ e un promedio de 1.229 camas funcionantes⁴² (gráfica 7.12)

Persoal Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI)

Táboa 7.7: Comisión de Dirección. 2011

Equipo directivo	Mulleres	%	Homes	%	Total
Xerencia	0	0	1	100	1
Direccións	4	80	1	20	5
Subdireccións	8	66,67	4	33,33	12
Coordinación	0	0	1	100	1
Total	12	63,16	7	36,84	19

Fonte: Elaboración propia a través de datos do CHUVI


Como podemos observar na táboa 7.7, na *Comisión de Dirección* do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo hai presenza maioritaria de mulleres, se ben é certo que o posto máis elevado da xerarquía hospitalaria corresponde a un home, o xerente.

Nas *Direccións* e *Subdireccións* hai maioría de mulleres (80% e 66,67% respectivamente), e o posto de coordinación correspóndelle a un home.

⁴¹ Aquela considerada como dotación fixa do centro, que estea en condicións de funcionar, aínda que non o faga por non contar co persoal e equipamento necesario

⁴² É aquela cama que está efectivamente en servizo. Non se inclúen as camas habilitadas

Gráfica 7.13: Porcentaxe das persoas que compoñen as Comisións Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do CHUVI

As Comisións (gráfica 7.13) reflicten a presenza maioritaria de mulleres. As máis feminizadas son *Planificación e coidados de enfermmería* (91,67%), *Tumores e Tecidos* (87,50%) e *Nutrición* (80%). Noutro polo atopamos *Avaliación tecnolóxica e utilización de recursos* cun 64% de homes, única comisión masculinizada das 19 existentes, na cantidade e na cualidade.


Atención Primaria

A Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso da poboación ao Sistema Sanitario Galego e caracterízase por un enfoque global que presta unha asistencia próxima, persoal e continuada no tempo.

No Concello de Vigo hai 17 centros de saúde repartidos polos diferentes barrios da cidade.

Persoal Atención primaria do Concello de Vigo

Gráfica 7.14: Persoal Atención Primaria Vigo 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados pola Xerencia de Atención Primaria de Vigo.

Na Atención Primaria de saúde traballan maioría de mulleres en case tódolos postos. Destacan as *auxiliares de enfermmería*, que son o 100% mulleres, despois as *traballadoras sociais* que corresponden ao 85% do total, e en terceiro lugar o posto máis feminizado é o de *persoal de enfermmería* do que o 83,87% son enfermeiras. Os postos onde existe presenza equilibrada de ambos sexos son o *persoal médico*, con 56,61% de médicas e 44,39% de médicos, e o de *celadoras e celadores* que é o único posto en atención primaria de saúde en Vigo que hai máis homes (59,26%) que mulleres (40,74%) (gráfica 7.14).

8. BENESTAR SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

Os cambios demográficos e sociais experimentados nos últimos anos produciron importantes transformacións sociais que se manifestan na baixa taxa de natalidade; no incremento da esperanza de vida que leva consigo un avellentamento da poboación; na transformación das familias e das formas de vida; nas altas taxas de inactividade e desemprego., etc. Os Estados, conscientes da novas situacións que provocan estes cambios, puxeron en marcha normativas legais e políticas públicas dirixidas á protección social da poboación.

Pero esta situación está cambiando aceleradamente, mostra desto é que o Consello Económico e Social, na súa Memoria do ano 2011 no apartado de calidade de vida e protección social, manifestaba que o impacto social da crise en España estase traducindo no claro empeoramento das condicións de vida da poboación, o aumento da desigualdade e o debilitamento do Estado de Benestar. É no ámbito dos Servizos Sociais e de coidados onde os recortes son máis evidentes, o que implica que terán unha maior incidencia no benestar e calidade de vida das mulleres, xa que son maioritariamente elas as que traballan profesionalmente neste sector así como as responsables dos coidados e benestar da familia.

Non obstante, *"...as aspiracións para unha sociedade democrática baseada nas liberdades individuais, o benestar social e a equidade serven de pouco se non se acompañan dunha acción intensiva e decidida que posibilite a corrección da cegueira de xénero na definición das estratexias e políticas públicas a desenvolver. É dicir, que se se pretende que a igualdade impregne a nosa realidade cotiá, é necesario facer algo específico para provocar que isto ocorra"*⁴³

Neste sentido, frecuentemente, as decisións políticas que non parecen sexistas, poden ter un diferente impacto en mulleres e homes, polo que é preciso realizar unha análise do impacto en función do xénero para evitar

⁴³ Estado de Bienestar, políticas públicas e igualdad e género. Carmen Castro García. 2008.

consecuencias negativas non intencionais, así como para mellorar a calidade e a eficacia das políticas.

Para realizar a análise deste apartado atopámonos con moitas dificultades debido de novo á falla de datos desagregados por sexo, xa que non contamos con importantes indicadores de xénero relativos ao benestar das persoas que consideramos imprescindibles poder investigar, ben porque non estaban desagregados por sexo, ben porque non existían a nivel municipal, ou porque non foron facilitados polos organismos competentes.

Polo que a investigación se centra en primeiro lugar nos datos relativos ás persoas usuarias dos programas do Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo desagregados por sexo, a continuación se reflicten os datos das persoas discapacitadas, comentar que estes datos non están desagregados a nivel municipal, polo que se analiza a nivel provincial por ser o ámbito máis próximo. O apartado relativo á dependencia non se puido realizar porque non nos foron facilitados os datos. Para finalizar efectúase unha análise das prestacións e pensións da Seguridade Social

No último apartado expóñense os datos procedentes dun estudo do Valedor do Pobo de Vigo sobre a percepción da calidade de vida das mulleres e homes da cidade.

8.1. DEPARTAMENTO DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO.

Os Servizos Sociais Municipais son un instrumento para garantir a atención das necesidades sociais da cidade e previr a desigualdade das cidadás e cidadáns. A través deles favorécese a participación e o libre desenvolvemento das persoas, dos grupos da sociedade e o fomento do desenvolvemento comunitario. A continuación expóñense os principais servizos e prestacións sociais do municipio.


O Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS), é un órgano central integrado por recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais, onde se xestionan e coordinan os diferentes programas que se levan a cabo nas Unidades de Traballo Social (UTS).

Para a prestación dos servizos sociais de forma descentralizada no Concello, créronse as UTS por zonas. Son a "porta de entrada" ao Sistema de Servizos Sociais. Ofrecen un Servizo de Información público, para toda a poboación, dende onde se facilita, de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición das cidadás e cidadáns, así como os dereitos que teñen tanto a nivel individual como grupal.

Nelas, valóranse as necesidades expostas, orientase aos recursos máis axeitados, intervindo profesionalmente cando as persoas así o demandan, cara a garantir unha atención persoal e social de calidade.

As 15 Unidades de Traballo Social están distribuídas en distintas zonas do Concello. A cidadanía ten que dirixirse á que lle corresponda segundo o seu enderezo.

Gráfica8.1: Porcentaxe de persoas que pediron cita coa traballadora Social de zona no 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo

A gráfica 8.1 reflicte que o pasado ano 2012 pediron cita coa Traballadora Social da súa zona correspondente 11.531 persoas, un 3,88% da poboación viguesa. Das cales o 60% foron mulleres, xa que son elas as que actúan na maioría das ocasións como voceiras dos problemas e necesidades da unidade familiar.

En opinión das profesionais que traballan no eido social, a poboación acercase aos Servizos Sociais principalmente por temas sociais e de vivenda. Tamén por problemas familiares, pero moito menos. Manifestan que son elas quen máis solicita os recursos e servizos.

Servizos

Servizo Municipal de Axuda no Fogar

Este servizo ten por obxecto prestar un conxunto de atencións a persoas e familias no seu fogar, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía, por motivos físicos, psíquicos ou sociais, facilitando a permanencia no seu propio entorno e mellorando a súa calidade de vida.

Deste servizo foron 674 persoas usuarias no ano 2012, das cales o 26% foron mulleres.

O persoal traballador deste servizo, fundamentalmente, auxiliares do fogar e auxiliares de xeriatria, son 181 persoas, das cales só 7 son homes. Existe, pois, unha forte feminización destas profesións dedicadas fundamentalmente ao coidado doutras persoas. Resulta evidente a forte presenza das mulleres no ámbito dos coidados tanto a nivel profesional (auxiliares, enfermeiras, médicas), como no familiar. É dicir, no ámbito dos coidados informais.

Teleasistencia Domiciliaria

Desenvolvese mediante convenio de colaboración do Concello, Deputación de Pontevedra, IMSERSO e Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

É un servizo que, a través da liña telefónica e cun equipamento informático situado nun centro de atención e no domicilio das persoas usuarias permite ás persoas maiores, enfermas ou discapacitadas, entrar en contacto verbal, "mans libres", co persoal profesional capacitado para darlle resposta adecuada á crise presentada.

No ano 2012 atendéronse a 570 persoas, das cales o 92,28% eran mulleres. Como se pode apreciar, é un servizo altamente feminizado que

parece ter relación coa maior esperanza de vida das mulleres e a prolongación da vellez.

Xantar na Casa


É un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús. As persoas usuarias no ano estudado ascenderon a 318. O 61,95% foron mulleres.

Bono Taxi

É unha axuda económica para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte colectivo. O total de persoas beneficiarias no ano 2012 foron 86. O 72% deste total foron mulleres.

A este respecto, as profesionais do Traballo Social apuntan que son as mulleres as que solicitan os servizos mencionados, eles non expresan as necesidades, non son capaces de xestionar esas situacións. Cando conviven, ela é a titular porque é quen acode a solicitalo ou a pedir axuda, aínda que o servizo o gocen os dous.

Gráfica 8.2: Persoas usuarias dos Servizos. 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo

Observando os principais servizos que xestiona este departamento, xunto co análise da gráfica 8.2, atopámonos que a maioría das usuarias son mulleres en todos eles. Hai que dicir que, en moitos casos, elas son as que figuran como titulares, pero a beneficiaria pode ser ela ou a unidade de convivencia enteira.

Profesionais do Traballo social comentan que *"...existe unha elevada porcentaxe de persoas que nunca acudira antes aos Servizos Sociais. Seguramente isto ocorre pola situación de crise, as persoas esgotan as súas prestacións e subsidios por desemprego e acoden a estes servizos, incluso en ocasións son derivadas dende o Servizo Público de Emprego"*.

Comentan tamén que *"mulleres e homes formulan as mesma demandas. Non obstante, elas adoitan explicitar claramente as súas demandas, actuando como voceiras das súas familias, reaccionan antes ante os problemas e acoden onde sexa para sacar a súa familia adiante, mentres que eles, cando se acercan aos Servizos Sociais, xa están afundidos nos seus problemas e illados dos demais"*.

Prestacións

A continuación se explican as prestacións municipais e autonómicas destinadas a paliar de xeito urxente as situacións de emerxencia.

Axuda de Emerxencia Municipal

Son axudas económicas do Concello de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.

O 64,96% das 1.390 persoas beneficiarias desta prestación económica foron mulleres

Axuda de Emerxencia da Xunta

Axudas económicas da Xunta de Galicia de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.

1.026 persoas recibiron esta axuda económica da Xunta de Galicia, que se tramita a través dos servizos sociais municipais. Delas, o 58,77% foron mulleres.


RISGA (Renda de Integración social de Galicia)

É unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

1.329 persoas percibiron o RISGA en 2012, das cales o 55,15% foron mulleres e o 44,85% homes.

Respecto ás prestacións económicas ocorre algo parecido aos servizos. Elas son maioría, aínda que, de novo, cabe mencionar que os datos proporcionan información da persoa solicitante que, como xa se comentou anteriormente, son maioritariamente mulleres en todas as prestacións. Nas prestacións económicas ocorre o mesmo que nos servizos, e isto se reflicte no solicitado e tamén nos proxectos de inserción da RISGA.

Gráfica 8.3: Persoas beneficiarias das prestacións. 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE e de datos facilitados pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo


Na gráfica anterior se reflicten as prestacións sociais desagregadas por sexo solicitadas no ano 2012. E revelan, como xa se comentou, que as mulleres son maioría como beneficiarias das prestacións sociais. Representan o 65% das beneficiarias de Axudas de emerxencia social municipal; o 59% da Axuda de emerxencia da Xunta de Galicia. Pola contra, na prestación que presentan menor diferenza é na RISGA, onde as mulleres constitúen o 55% fronte ao 45% dos homes.

Programa de Intervención Familiar

Xestionado pola Fundación Aldaba ata o ano 2012, é un programa para a atención á infancia, cuxa finalidade é a de atender as problemáticas aparelladas á situación de risco e conflito social, articulando unha intervención interdisciplinar que evite no posible a inadaptación e a exclusión social, así como favorecendo os procesos normalizadores para os nenos e nenas e as súas familias.

Traballan con menores en situación de risco e con familias que presentan problemas pero que non poden ser resoltos por elas mesmas.

Gráfica8.4: Porcentaxe de persoas participantes no Programa de Intervención Familiar do Concello de Vigo. 2011



Fonte: Elaboración propia a través de datos da páxina web da Fundación Aldaba

A gráfica 8.4 reflicte que, no ano 2011, as familias que precisaron da intervención deste programa foron 370, das que a maior porcentaxe a presentan as mulleres, o 33%, mentres que o 23% foron homes. No caso das e dos menores invertese a tendencia, os nenos son o 24% fronte ás nenas que son o 20%. Esta tendencia pode estar relacionada con que nacen máis nenos que nenas tal e xa se mencionou noutro apartado deste informe.

Para finalizar, expoñer que os datos amosados na II Xornada de Traballo Social realizada en Vitoria-Gasteiz, no ano 2009, indican que as mulleres son maioritarias como demandantes dos Servizos Sociais. Non obstante, hai que ter en conta que se constitúen como usuarias de Servizos Sociais, moitas veces non tanto en función das súas necesidades persoais, senón pola situación familiar. *"...Este feito desvela a incapacidade das políticas públicas de resolver as desigualdades de xénero, cando non as perpetúa, non permitindo o desfrute dos dereitos individuais das mulleres que permanecen subsumidos en función das necesidades familiares⁴⁴".*

A análise dos datos revela a necesidade de aplicar a perspectiva de xénero nos procesos de intervención social debido a que posiblemente *"...Encontramos aquí unha contradición entre as necesidades das mulleres que viven situacións de desigualdade evidente, e os usos que estas fan dos Servizos Sociais. Na súa maioría se realizan segundo o rol de "coidadoras" onde a súas necesidades persoais pasan inadvertidas"....."O rol das mulleres como demandantes de Servizos Sociais está probablemente vinculado ao seu rol de "coidadoras⁴⁵".*

Resaltar, unha vez máis, que resulta imprescindible que os poderes públicos apliquen a lexislación vixente e poñan en marcha a aplicación da perspectiva de xénero na intervención social, xa que, deste modo, posiblemente se poría en evidencia as diferentes demandas e necesidades de mulleres e homes en referencia aos Servizos Sociais.

⁴⁴ II Jornada de Trabajo Social. Hacia una intervención con perspectiva de género. Diputación Foral de Álava. 2009.

⁴⁵ II Jornada de Trabajo Social. Hacia una intervención con perspectiva de género. Diputación Foral de Álava. 2009

8.2. DISCAPACIDADE


Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), a discapacidade é un termo xeral que abrangue as deficiencias, limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal; as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas, e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

A discapacidade é un fenómeno complexo que reflicte unha interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.

Para poder acceder aos beneficios e recursos que os diferentes organismos proporcionan para as persoas con discapacidade é imprescindible acreditar o recoñecemento legal da cualificación do grao de minusvalía.

Son os Equipos de Valoración e Orientación (EVOs), os que realizan as actuacións específicas na Área de Diagnóstico, Valoración e Cualificación da minusvalía. A través dos EVOs acredítase o grao de discapacidade física, psíquica ou sensorial. Os EVOs están situados nas seccións de cualificación e valoración da Xunta de Galicia, en Vigo, onde as persoas discapacitadas ascenden a 35.201. Esta cifra representa o 11,84% da poboación.


Gráfica 8.5: Discapacidade segundo grao. Vigo 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Respecto ao grao de discapacidade, a gráfica 8.5 indica que destas 35.201 persoas. O 49,03% teñen un grao entre o 33%-65%, o 30,19% unha discapacidade entre o 65%-74% e o 20,78% teñen un grao de discapacidade de máis do 75%. Sería fundamental poder analizar este dato desagregado por sexo, pero, unha vez máis, as estatísticas oficiais non recollen este dato desagregado por sexo a nivel municipal.


Gráfica 8.6: Discapacidade segundo tipo. Vigo 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Respecto ao tipo de discapacidade en Vigo hai un 57,54% persoas con discapacidade física, un 27,75% con discapacidade psíquica e un 14,71% con discapacidade sensorial (gráfica 8.6).


Gráfica 8.7: Discapacidade segundo grao e sexo. Pontevedra 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Non se pode facer unha análise do Concello de Vigo destes datos cunha perspectiva de xénero xa que non se atopan desagregados por sexos a nivel municipal. Non obstante, se analizamos a gráfica anterior relativa á discapacidade segundo grao e sexo a nivel provincial, obtemos que mulleres e homes presentan case a mesma porcentaxe no grao de discapacidade entre o 33% e o 64%. No tocante ao intervalo 65%-74%, son o 55,5% e o 58,8% no grao de igual ou maior de 75.

Gráfica 8.8: Discapacidade segundo tipo e sexo. Pontevedra 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Unicamente se dispón destes datos desagregados por sexo a nivel provincial. A gráfica 8.8 reflicte con claridade que na Provincia de Pontevedra a discapacidade física é a que presenta maior porcentaxe: 58%, seguida da psíquica, co 27,6% e, por último, a sensorial co 14,4%. Analizando os tipos de discapacidade por sexo pódese comprobar con claridade que as mulleres superan aos homes nos tres tipos de discapacidade. Son o 54% na discapacidade física; o 54,7% na psíquica, mentres que a sensorial é a que menor diferenza presenta: 51,4%.

8.3. PRESTACIÓNS SOCIAIS E PENSÍONS DA SEGURIDADE SOCIAL

Prestacións Sociais

Táboa 8.1: Persoas desempregadas e percepcións medias por sexo. Galicia 2011

	Mulleres	Homes	Total
Persoas desempregadas	147.050	170.729	317.779
Prestación Media anual	3.252	4.031	3.671

Fonte: Elaboración propia a través de datos S.Social

A cifra de persoas desempregadas que cobran algún tipo de prestación en Galicia no ano 2011 ascendeu a 317.779, das cales o 46,27% foron mulleres e o 53,73% homes.

Ao analizar a prestación media por desemprego das mulleres pódese comprobar que é menor á dos homes en 779 euros/ano. Destacar que moitas mulleres, debido as súas escasas cotizacións en tempo e índices de cotización, derivadas das súas condicións de contratación, non acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación e cando os acadan son moito máis baixas como se reflicte na táboa 8.1.

A prestación por maternidade é un subsidio que se recoñece ás persoas traballadoras durante os períodos de descanso legalmente establecidos, nos supostos de maternidade, adopción, acollemento familiar e tutela, sempre que acrediten os requisitos establecidos en cada caso.

Terase dereito ao subsidio por maternidade a partir do mesmo día en que dea comezo o período de descanso correspondente, de acordo coas normas aplicables en cada caso⁴⁶

⁴⁶ www.seg-soc.es

Táboa 8.2: Prestación de maternidade por sexo e importe. Pontevedra 2010 e 2011

	Percibidas pola nai	Percibidas polo pai ⁴⁷		Importe en miles de euros
		Prestacións	%	
2010	6.358	132	2,1	30.494,72
2011	6.156	131	2,1	30.696,22

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Seguridade Social

No 2011, foron 6.156 mulleres as que cobraron a prestación por maternidade, 202 menos que o ano anterior. Isto pode ser debido ao descenso da natalidade. Coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, eles poden acollerse ao permiso por maternidade e á súa correspondente prestación, se ben das 16 semanas que poden gozar elas, eles poden acollerse a 10, xa que as 6 primeiras deben ser obrigatoriamente para a nai no suposto de parto. Nos outros supostos, acollemento ou adopción, os proxenitores poden elixir quen se beneficia deste descanso e da súa correspondente prestación.

Como se pode observar na táboa 8.2, elas seguen acolléndose a este dereito social na inmensa maioría dos casos, representando eles un 2,1% das persoas perceptoras tanto no ano 2010 como no 2011.

A prestación por paternidade é un subsidio que se recoñece a todos os traballadores que suspendan o contrato de traballo ou cesen na actividade, durante os días legalmente establecidos con motivo do nacemento dun fillo, adopción o acollemento⁴⁸

Táboa 8.3: Prestación de paternidade por importe. Pontevedra 2010 e 2011

	Prestacións	Importe en miles de euros
2010	4.840	3.605,59
2011	4.773	3.660,24

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Seguridade Social

A cifra de homes que cobraron a prestación por paternidade descendeu do 2010 ao 2012 en 67 prestacións (táboa 8.3), se ben pode estar relacionado co descenso da natalidade, ao igual que os permisos por maternidade. Esta prestación supón un xiro importante nas normativas de igualdade desde o

⁴⁷ A porcentaxe de pais perceptores calculouse sobre as prestacións percibidas pola nai.

⁴⁸ www.seg-soc.es

momento que os homes son considerados tamén como obxecto de cambio, ao intentar, timidamente, modificar o seu rol de “provedor universal” e que se incorporen tamén ao ámbito doméstico e de coidado. Incorporación que precisa da modificación cultural de xénero masculina, moi afastada dos valores centrados no coidado das demais persoas.

Pensións Seguridade Social.

Táboa 8.4: Pensionistas, percepción de pensións e pensión media por sexo. Pontevedra 2011

	Mulleres	Homes	Total
Nº Pensionistas	121.869	117.262	239.131
Pensión media anual	9.195	12.820	10.972

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Seguridade Social

Respecto á percepción media, a das mulleres é menor á dos homes en 3.625 euros anuais (táboa 8.4). O que reflicte que as mulleres cotizan menos anos e/ou con índices de cotización máis baixos por acceder a empregos con contratacións máis precarias e menos cualificadas.

Táboa 8.5: Nº de persoas beneficiarias de Pensións non Contributivas da Seguridade Social por sexo e tipo de pensión. Vigo 2012

Tipo	Mulleres		Homes		Total	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Invalidez	766	46,14	894	53,86	1.660	100
Xubilación	1.390	77,74	398	22,26	1.788	100
Total	2.156	62,53	1.292	37,47	3.448	100

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Respecto ás Pensións non contributivas (PNC) as mulleres representan ao 62,53% do total das persoas perceptoras.

Se analizamos a táboa anterior, nas PNC por Invalidez son eles os que perciben en maior porcentaxe esta prestación: 53,86% fronte a un 46,14% das mulleres. Porén, nas PNC por xubilación, os datos amósanse significativos: as mulleres representan o 77,74% das beneficiarias fronte a un 22,26% dos homes.

Isto quere dicir que son as mulleres as que chegan á idade de xubilación sen o tempo de cotización necesario para poder percibir unha prestación do nivel contributivo. *“As pensións de xubilación non contributivas, é o último elo ao que se poden asir as mulleres na súa idade madura. Son o colectivo maioritario de perceptoras deste tipo de prestación, e, en moitos casos, tendo cotizado períodos moi próximos aos esixidos para acceder a unha pensión contributiva, pero non suficientes, co agravante de que as súas cotizacións financiaron as pensións contributivas”*⁴⁹.

8.4. CALIDADE DE VIDA

Segundo o Informe do Valedor do Cidadán *“Percepción cidadá sobre a calidade de vida. Aplicación ao municipio de Vigo”*⁵⁰, a poboación viguesa declárase maioritariamente satisfeita coa calidade de vida existente na cidade. O 88% das persoas entrevistadas manifesta sentirse satisfeita de vivir en Vigo.

Táboa 8.6: Nivel de satisfacción global da poboación viguesa

	Moita insatisfacción	Insatisfacción	Satisfacción	Moita satisfacción	NS/NC
Mulleres	1,9	7,2	43,1	46,8	1,0
Homes	1,8	9,7	42,5	45,2	0,7

Fonte: Elaboración propia a través de datos do estudo do Valedor do Pobo.

A táboa anterior revela que as mulleres (89,9%) reflicten unha valoración media de satisfacción levemente superior á dos homes (87,7%) no relativo a Vigo como cidade para vivir e traballar.

Despois desta análise global, este estudo recolle diferentes parámetros para analizar os temas nos que se pode descompoñer á sociedade para coñecer a súa satisfacción. Aquí recóllense os que, estando desagregados por sexo, poden ser máis interesantes para captar se existen diferenzas de satisfacción entre as mulleres e homes de Vigo:

⁴⁹ El empleo de la mujer en cifras. UGT marzo 2013.

⁵⁰ Espada Recarey, Luis (Dr.) (2011). Percepción cidadá sobre a calidade de vida. Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras cidades europeas Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo.

- No tocante á *accesibilidade á vivenda a un prezo razoable*, existe un 66,8% de mulleres e homes que declaran a súa insatisfacción e arredor dun 59% de ambos sexos que reflicte satisfacción relativa.
- Na opinión sobre as *oportunidades laborais*, non se produce unha diferenza significativa na insatisfacción mostrada por mulleres (72,8%) e homes (71,7%).
- En canto aos *espazos verdes da cidade*, é levemente maior a satisfacción mostrada polas mulleres (75,5%) que polos homes (72,3%).
- Na *Calidade do espazo construído*, a satisfacción de mulleres e homes é a mesma, supera o 69%.
- No relativo á *valoración da calidade dos servizos sociais e de saúde*, mulleres e homes non mostran diferenzas, valoran de forma semellante tanto a rede de asistencia social existente (mulleres 50,3% e homes 50,8%), como a asistencia sanitaria e hospitalaria (mulleres 69,6% e homes 66,4%) e os servizos de benestar e asistencia social (mulleres 48,1% e homes 48,5%).
- A valoración do *sistema público de pensións* é peor valorado polas mulleres (23,4%) que polos homes entrevistados (29,4%). Esta valoración cobra significado ao constatar como as mulleres teñen pensións bastante máis baixas que os homes debido á súa dedicación ao ámbito doméstico, á súa intermitente vida laboral, e ao tipo de contratación que redunda na súa xubilación.
- No tocante á calidade dos *servizos culturais, recreativos e de lecer*, parece que tanto as mulleres como os homes vigueses mostran un grao de satisfacción bastante positivo en canto á cantidade de oferta cultural, equipamentos deportivos e instalacións culturais, ofertas de ocio e espaxamento, así como hostalaría e restauración.
- No apartado de *Novas tecnoloxías da Comunicación e da información*, as diferenzas por sexo son case imperceptibles. Na integración das novas tecnoloxías, as mulleres representan o 71,3% e homes 72,8%. Na accesibilidade a internet dende lugares públicos son o 49%, e, na accesibilidade particular a internet, as mulleres son o 65 % e os homes o 68,4%.

9. DEPORTE

O deporte é considerado unha actividade que potencia o desenvolvemento de valores sociais e persoais: afán de superación, respecto e solidariedade, tolerancia, perseveranza, traballo en equipa, responsabilidade, etc.

Facer deporte de forma regular mellora a saúde física e psíquica, polo que a súa práctica en idade escolar amósase como factor determinante para o exercicio dunha actividade deportiva posterior. Non obstante, a práctica deportiva de mulleres e homes é diferente e desigual, debido fundamentalmente a que "...a identidade feminina e masculina constrúese socialmente a través de pautas conductuais diferentes para nenas e nenos. Esperase que a nena actúe de xeito máis pausado, máis "afectiva", ao neno se lle atribúe un comportamento máis dinámico, máis "corporal". Neste proceso as aprendizaxes motoras e de utilización e percepción do propio corpo forman unha parte moi importante" (Buñuel Heras 1996), de aí a necesidade dunha educación en igualdade dende a mesma infancia, onde nenas e nenos teñan as mesmas oportunidades para desenvolver a súa corporeidade como parte fundamental do seu desenvolvemento global⁵¹.

Na actualidade, as prácticas deportivas nas súas distintas modalidades seguen a estar marcadas polos estereotipos de xénero. O deporte feminino segue sendo minoritario en relación ao masculino, segue distribuíndose de maneira desigual segundo a natureza do deporte e incluso segundo categorías deportivas e segue a estar subrepresentado nos cadros técnicos e directivos. Todo isto tradúcese en menos licenzas deportivas a mulleres e unha menor presenza nas competicións oficiais, aínda que a nivel mundial estase a dar un incremento na participación de deportistas mulleres en competicións internacionais, o que non ocorre entre o persoal técnico,

⁵¹ La investigación biográfico-narrativa en un estudio sobre la situación de las mujeres en el deporte. Gallego Noche. Beatriz. 2008.

médico, árbitros e xuíces⁵². Por outra banda, a cobertura mediática da que son obxecto as deportistas de alto nivel segue a ser desigual, sen considerar a importancia de visibilizar os seus logros e o seu papel de modelo para as deportistas novas.

No proceso de elaboración deste apartado sobre o Deporte, destacar a dificultade que supuxo acadar determinados datos para o estudo que nos ocupa. De xeito que, no tocante ao deporte municipal, non se acadaron datos específicos desagregados por sexo das distintas modalidades que se practican nas Escolas Deportivas. No apartado de deporte federado, foron obxecto de análise estatístico os datos daquelas federacións galegas que teñen a súa sede en Vigo, sendo moi difícil discernir se as persoas federadas nelas pertencen á cidadanía da cidade ou se practican o deporte na cidade de Vigo.

Ademais dos datos cuantitativos, recolleuse información cualitativa concernente a unha visión en feminino dende a práctica profesional do deporte en relación á igualdade de nenas e nenos, mulleres e homes e as implicacións da práctica profesional na conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Con tal fin, preséntanse ao final do capítulo extractos das opinións vertidas na entrevista realizada para este estudio a dúas mulleres deportistas profesionais viguesas de proxección nacional.

9.1. DEPORTE MUNICIPAL

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes e o Instituto Municipal de Deportes (IMD), no seu labor de promover a práctica deportiva, ten en marcha un Programa Municipal de Escolas Deportivas dirixido ao alumnado que cumpra os requisitos de idade para cada modalidade deportiva, e tamén ás persoas maiores de 18 anos no programa para maiores.

⁵²Mulleres nos órganos de goberno nas organizacións deportivas españolas. Comisión Muller e Deporte do Comité Olímpico Español 2006-07

Gráfico 9.1: Participación feminina e masculina nos programas de Escolas deportivas no curso 2012-13



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Deportes, Concello de Vigo.

No ano 2012/2013 matriculáronse no Programa Municipal de Escolas Deportivas 3.854 persoas, das cales 1.623 son mulleres e 2.231 homes (gráfica 9.1).

As modalidades deportivas que se imparten nas Escolas Deportivas ascenden a 28⁵³, incluíndo dúas para persoas discapacitadas físicas e psíquicas: baloncesto en cadeira de rodas e natación. Para o desenvolvemento das actividades ou programas organizados ou dinamizados pola Concellería de Deportes e o Instituto Municipal de Deportes, a cidade conta coas seguintes instalacións (táboa 9.1)


Táboa 9.1: Instalacións deportivas dos Programas das Escolas Deportivas

Campos de fútbol	Pavillóns polideportivos	Piscinas municipais	Complexos deportivos
A Xunqueira Cotogrande	Berbés, Bouzas, Bembrive, Lavadores-Calvario, Castrelos, Carballal, Coia, Teis	Valadares Travesas	Travesas, Balaídos, Samil, Navia

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do Concello de Vigo

⁵³ Atletismo, Bádminton, Baile deportivo, Baloncesto, Balonmán, Ciclismo, Baloncesto e Natación para discapacitados físicos e psíquicos, Esgrima, Fútbol, Fútbol sala, Hockey patíns, Iudo, Karate, Loita olímpica, Patinaxe, Sincronizada, Squash, Taekwondo, Tennis mesa, Tennis, Tiro con arco, Triatlón, Voleivol, Xadrez, Ximnasia artística e acrobática, Ximnasia rítmica, Ximnasia acrobática.

Gráfico 9.2: Porcentaxes da participación feminina e masculina nas Carreiras Populares no ano 2012-13



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Deportes, Concello de Vigo

A participación nas Carreiras Populares organizadas dende o Concello de Vigo é eminentemente masculina. Ao longo do ano 2012, participaron 813 persoas, 92 mulleres e 721 homes (gráfica 9.2). Estas 92 mulleres participantes clasifícanse nas seguintes categorías:

Táboa 9.2: Participación total no circuío do Programa de Carreiras Populares, 2012

Promesa senior feminina (20-34 anos)	F35 (35-49 anos)	F50 (50-59 anos)	F60 (+60 anos)
31 participantes	51 participantes	7 participantes	3 participantes

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Deportes, Concello de Vigo

A táboa 9.2 amosa que o 56% do total de mulleres participantes teñen entre 35 a 49 anos, o 34% son mozas de entre 20 a 34 anos e, de forma residual, atópanse as mulleres de máis de 50 e menos de 60 (8%) e as maiores de 60 anos (3%).

Instalacións deportivas

Táboa 9.3: Instalacións deportivas do Concello de Vigo

Campo de fútbol	Pavillón polideportivo	Piscina municipal	Complexo deportivo	Complexo Máis que auga
A Bouza Sampaio Carballal Meixoeiro Tintureira- Coruxo A Guía Barreiro Moledo- Sárdoma Monte da Mina A Madroa (4) Coruxo Bouzas	Bouzas Carballal_Cabral Coruxo Monte da Mina Valadares Bembrive Coia Teis Borbés Lavadores	Lavadores Teis	Balaídos Travesas Samil Navia	Florida-Coia Barreiro

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do Concello de Vigo

A importancia na cidade do deporte recreativo e de afección, tradúcese na existencia de gran número de instalacións deportivas situadas por toda a cidade. A táboa 9.3 amosa a relación de instalacións para este fin distribuídas polas distintas parroquias de Vigo.

Ademais das instalacións sinaladas, tamén conta a cidade cunha Pista de Petanca en A Bouza, un circuíto de Automodelismo en Samil e as instalacións do Parque de Castrelos para a práctica de baloncesto e footing.

9.2. DEPORTE FEDERADO.

Deportistas


As entidades deportivas da cidade que constan nos arquivos municipais con actividade federativa na tempada 2011-2012, acollen aos seguintes deportistas (táboa 9.4).

Táboa 9.4: Deportistas con actividade federativa

15.016 deportistas	
3.593 mulleres	11.423 homes

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería Deportes Vigo

Gráfica 9.3: Deportistas das Federaci3ns en Galicia e Deportistas das Federaci3ns en Vigo, 2011



Fonte: Elaboraci3n propia a partir de datos Secretar3a Xeral para o Deporte

A gr3fica 9.3 reflicte que a Comunidade Aut3noma de Galicia conta con 243.227 deportistas con licenza federativa, dos cales 48.348 son mulleres e 194.879 son homes, o que representa que de cada 10 persoas federadas, 8 son homes e 2 son mulleres.

Non obstante, as cifras para as Federaci3ns Galegas con sede en Vigo, obxecto do estudo, amosan unha porcentaxe lixeiramente mais equitativa, a3nda que lonxe de constitu3r unha presenza equilibrada: do total de 38.040 deportistas, 12.362 son mulleres (32%) e 25.678 homes (68%) (gr3fica 9.3).

As diferenzas nas porcentaxes relativas de mulleres poden ter a s3a explicaci3n tam3n no tipo de deportes federativos que te3nen a s3a sede en Vigo.

Táboa 9.5: Licencias de deportistas das Federacións Galegas de Vigo no ano 2011

Deporte	Mulleres	%	Homes	%	Total
Bádminton	637	41	929	59	1.566
Balonmán	1.707	34	3.344	66	5.051
Billar	292	26	836	74	1.128
Bolos	122	19	522	81	644
Ciclismo	175	4	3.894	96	4.069
D.M. Físicos	12	11	94	89	106
D.M. Psíquicos	158	40	238	60	396
Espeleoloxía	112	28	282	72	394
Hípica	2.880	71	1.201	29	4.081
Kung-Fú	1.110	34	2.128	66	3.238
Loita	320	30	755	70	1.075
Montañismo	758	36	1.320	64	2.078
Motociclismo	11	3	401	97	412
Motonáutica	26	8	313	92	339
Petanca	202	24	648	76	850
Squash	113	28	288	72	401
Surf	1.279	44	1.660	56	2.939
Tenis	1.916	35	3.600	65	5.516
Tenis de mesa	108	15	620	85	728
Xadrez	424	14	2.605	86	3.029
Total	12.362	32	25.678	68	38.040


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Secretaría Xeral para o Deporte

Unha análise das licencias das Federacións Galegas con sede en Vigo no ano 2011 amosa (táboa 9.5) que a Hípica é a única modalidade onde hai máis mulleres federadas que homes (71% mulleres) e a que máis licencias femininas reúne (23%), seguida de tenis, balonmán, surf e kung-Fú. Por outra banda, motociclismo e ciclismo son as que teñen menos mulleres federadas, seguida en terceiro lugar pola de motonáutica.

No tocante aos homes, ciclismo aparece como a modalidade con máis federados (15% do total de licencias masculinas) e onde a diferenza entre sexos é máis acentuada (96% licencias de homes), seguida de tenis e de

balonmán. O deporte para persoas discapacitadas físicas e psíquicas, espeleoloxía e squash son as que contan con menor número de homes federados.


Gráfica 9.4: Porcentaxe de deportistas nas distintas federacións galegas en Vigo, 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A gráfica 9.4 amosa como as mulleres destacan en hípica, tenis, balonmán e surf, mentres que os homes o fan en ciclismo, tenis e balonmán.

Gráfica 9.5: Porcentaxe de deportistas federadas nas distintas federacións galegas en Vigo, 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Secretaría Xeral para o Deporte


Gráfica 9.6: Porcentaxe de deportistas federados nas distintas federacións galegas en Vigo, 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Secretaría Xeral para o Deporte

Outra información de interese ven dada pola análise das licenzas deportivas segundo a categoría (gráfica 9.7). En termos globais, o maior número de licenzas deportivas atópanse na categoría de *sénior* (39%) seguido de *alevín* (11%). Se estas dúas categorías as analizamos independentemente observamos que de cada 100 persoas federadas na categoría *sénior*, 75 son homes e 25 mulleres, mentres que en *alevín* a proporción é paritaria.

Gráfica 9.7: Número de deportistas por categorías nas distintas federacións galegas en Vigo, 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Secretaría Xeral para o Deporte

No paso da categoría Alevín á de Infantil, é dicir, dos 12 aos 13-14 anos, teñen lugar os cambios físicos e emocionais relacionados coa puberdade, o paso á ensinanza secundaria, o xurdimento doutros intereses,... polo que constitúe un momento de inflexión na práctica deportiva. Así, a adolescencia supón un período de abandono significativo da práctica deportiva en maior medida nas mulleres. De feito, o seu número na poboación estudada descende en 1.325 mulleres dos 11-12 anos aos 13-14. Pódese dicir, polo tanto, que as mulleres que practican deporte federado son, na súa maioría, de 20 a 35 anos, aproximadamente, seguidas das de 11-12 anos; sendo a categoría das máis pequenas, de 7-8 anos, a que conta con menos federadas.

Un enfoque mais cualitativo apórtanos información sobre os por qué máis significativos: as dificultades da conciliación da vida laboral, familiar e persoal como mulleres e deportistas e a escasa visibilización e ausencia de modelos femininos no deporte.

Respecto do primeiro punto, Mariví García Rodríguez, Mestra Nacional de Judo, Técnica de nivel III, árbitra autonómica e especialista en Judo infantil e en Defensa Persoal Feminina e cinturón negro 4º DAN sinala: *"...É mais doado conciliar unha familia e a paixón polo deporte cando a parella tamén é deportista....As mulleres teñen unha grande capacidade para conciliar....., pero as prioridades se poñen nunha balanza e a muller escolle para non perder...., por isto tomei a decisión de apartarme temporalmente da arbitraje, pois ser árbitra implicaba estar fóra da casa e lonxe da familia os fins de semana, non obstante, non descarto retomar esta actividade mais adiante"*

En relación á falla de referentes deportistas femininos, Vicky Alonso, deportista de elite, pivot de baloncesto en cadeira de rodas no Clube Deportivo AMFIV de Vigo e integrante da Selección Española neste deporte, expón: *"...as mensaxes dirixidas á práctica feminina do deporte son escasas. Dista moito a cobertura do deporte masculino do feminino, simplemente ao ver unha hora de deporte na televisión se evidencia*

claramente, non é preciso dicir mais. É unha realidade que a cobertura dos éxitos masculinos individuais ou de equipos é abrumadoramente superior á feminina, estas sempre teñen menos repercusión."

No mesmo senso, Marivíc manifesta: *"Non hai unha imaxe mediática feminina no deporte a diferenza do deporte en masculino, onde sobran os exemplos en cada modalidade deportiva. A imaxe do deporte en feminino nin recibe o mesmo trato, nin ten a mesma visibilidade nos medios, as competicións gañadas non son reflectidas co mesmo valor informativo que as acadadas polos homes....",* E remata dicindo: *"Sería bo que houbera mais mensaxes cara ás nenas para que se incorporen á práctica dalgún deporte".*

10. VIOLENCIA DE XÉNERO

A Violencia contra as mulleres é *"todo acto de violencia que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas destes actos, a coacción, ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada"* ⁵⁴

A violencia de xénero supón unha grave discriminación contra as mulleres por tratarse da manifestación suprema da desigualdade entre mulleres e homes e mostra de dominación e poder secular dun sexo sobre o outro.

Conscientes da magnitude desta lacra social, os organismos internacionais, europeos, estatais e autonómicos puxeron en marcha normativas dirixidas a combater a violencia de xénero nos distintos ámbitos, así como o establecemento de recursos dirixidos ás mulleres vítimas.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tal e como establece no título preliminar, ten por obxecto *"Actuar contra a violencia de xénero que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou foran os seus conxugues o de quen estean ou estiveran ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia"*.

A súa intencionalidade é abordar este grave problema dun xeito integral, implicando a todos os poderes públicos e á sociedade no seu conxunto. Para iso, establece medidas de protección integral cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia así como prestar asistencia ás vítimas.

⁵⁴ Organización de Nacións Unidas (ONU)

Neste mesmo sentido, a Comunidade Autónoma Galega tamén aprobou a Lei 11/2007 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Para poder combater a violencia de xénero é preciso coñecer a súa magnitude, así como as características das mulleres que viven inmersas nesta situación para determinar as situacións de risco e prestar unha adecuada información e protección ás vítimas.


Neste apartado preténdese realizar un achegamento estatístico que permita analizar a magnitude e a evolución deste fenómeno na cidade de Vigo nos últimos anos. A tal fin, tomamos como referencia os datos dende o ano 2005, período que entra en vigor a Lei integral contra a violencia de xénero, ata finais do ano 2012. En primeiro lugar, analízanse os datos relativos ao número de vítimas mortais por violencia de xénero, o número de denuncias, os datos sociodemográficos das vítimas e dos agresores, e as ordes de protección. A continuación, reflíctense os relativos ás usuarias do Centro de Emerxencia para Mulleres en situación de Violencia de Xénero (CEMVI) e da Rede de Vivendas Municipais de Protección para Mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo.

Os datos reflectidos neste apartado proceden da base *Mulleres en Cifras do Instituto de la Mujer*, da *Unidade de Violencia da Subdelegación do Goberno en Pontevedra*, do *Consortio da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia*, a *Concellería de Igualdade do Concello de Vigo*, da Asociación Faraxa e de Médicos do Mundo.

10.1. VIOLENCIA DE XÉNERO. MAGNITUDE E EVOLUCIÓN

Segundo datos da *Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade*.⁵⁵ o número de vítimas mortais por este tipo de violencia no Estado Español a 31 de decembro foi de 49 mulleres. A maioría das mulleres asasinadas non presentaran denuncia, fixérono o 18,40% e o 14,30% solicitaron medidas de protección que lles foron concedidas.

Gráfica 10.1: Evolución anual das mulleres asasinadas no E. Español 2005-2012




Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

A gráfica anterior reflicte a evolución do número de vítimas mortais ocorridas entre os anos 2005 e 2012 e revela que é este último, o que presenta menor número de vítimas. Pola contra, os anos 2008, 2010 e 2007 mostran os valores máis altos. Como pode observarse, existe unha importante flutuación no número de mulleres mortas durante o período analizado que vai dende as 49 do ano 2012 ata as 76 do ano 2008. Non obstante, entre os anos 2011 e 2012 houbo un descenso de 12 vítimas mortais.

⁵⁵ Boletín Mensual da Violencia de xénero


Gráfica10.2: Evolución das mulleres asasinadas en Galicia 2005-2012



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Os datos relativos á Comunidade Autónoma Galega indican que no ano 2012 foron 4 as mulleres asasinadas⁵⁶. A gráfica anterior revela que o patrón anual dos homicidios segue unha distribución moi irregular, e amosa as mulleres mortas a mans das súas parellas ou ex-parellas durante o período 2005-2012, flutuando entre o ano 2006 que non houbo ningunha e o 2008, ano de maior número (7). Este incremento está en consonancia co analizado anteriormente a nivel Estatal no mesmo ano.

Gráfica 10.3: Evolución mensual das denuncias tramitadas Corpo Nacional Policía Vigo 2012




Fonte: elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

⁵⁶ As cifras refírense a mulleres mortas a mans das súas parellas ou exparellas nos termos do artigo 1 da Lei orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Dende xaneiro ata decembro de 2012, tramitáronse na Comisaría do Corpo Nacional de Policía de Vigo 526 denuncias por violencia de xénero, o que implica unha media de case 2 denuncias diarias.

A gráfica 10.3 revela a oscilación mensual do número de denuncias por violencia de xénero tramitadas no Corpo Nacional de Policía de Vigo, sendo o mes de xaneiro o que presenta menor número (28) e o mes de xullo o que máis (56). Os meses de decembro, maio e xuño mostran similares valores. Os máis elevados correspóndense co período estival e o Nadal, "...feito que pode estar a indicar que as especiais circunstancias que acontecen nestes períodos teñen unha repercusión directa na relación de parella e na lectura que o agresor fai delas, e actúan como factor engadido no desencadeamento da violencia homicida"⁵⁷.

Gráfica 10.4: Lugar de procedencia das mulleres vítimas de violencia de xénero




Fonte: elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

No tocante ao lugar de procedencia das vítimas, a gráfica 10.4 revela que son fundamentalmente de nacionalidade española, oscilando entre o 79% do ano 2005 e o 68,30% do ano 2010. A análise das vítimas de nacionalidade estranxeira revela que son as procedentes de América Latina as que mostran maior porcentaxe, situado entre o 73,20% do ano 2010 e o

⁵⁷ Informe sobre la violencia de género en España y en Andalucía. Consejería de Justicia y Administración Pública. Junta de Andalucía.2008

58% do ano 2005, seguido das orixinarias da Unión Europea co 33,30% do ano 2005 e o 15,50% do ano 2012.

Gráfica 10.5: Idade das mulleres vítimas de violencia de xénero




Fonte: elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

A gráfica anterior reflicte que, en todo o período analizado, o tramo de 35-44 anos, seguido polo de 25-34, son os máis representados. O terceiro tramo é o de idades entre os 45-54 anos. É importante sinalar que as mulleres con idades comprendidas entre os 18 e os 24 anos presentan un incremento de 13 puntos dende o ano 2006 ata o ano 2012.

Pódese comprobar que as vítimas de violencia de xénero constitúen un grupo heteroxéneo que teñen como elemento común o feito de ser muller e manter unha relación afectiva cun home que emprega a violencia para someter á muller e construír sobre o modelo de dominio/submisión unha relación de parella.


Gráfica 10.6: Lugar de procedencia dos agresores



Fonte: elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para Violencia de Xénero.

A nacionalidade maioritaria dos agresores é española. Como se pode observar na gráfica 10.6, a porcentaxe máis elevada atópase no ano 2005 co 81% mentres que a máis baixa aparece no ano 2008 co 73,50%. A porcentaxe do ano 2011 e 2012 permanece invariable (75%). A continuación son os agresores de América Latina os que se revelan como máis numerosos con valores arredor do 15%. Pola contra, os de procedencia europea son os que menos porcentaxe presentan.

Gráfica 10.7: Idade dos agresores



Fonte: elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para Violencia de Xénero.

Ao analizar a gráfica 10.7 relativa á idade dos agresores, apréciase que o grupo máis elevado son os agresores de idades comprendidas entre os 35-44 anos, valor que se sitúa entre o 34,50% do ano 2005 e o 28,50% do ano 2012. Os agresores de idade media (45-54) revélanse como o segundo valor mais alto, seguido moi de cerca polos tramos máis novos. O tramo comprendido entre os 25-34 anos manifesta un importante incremento pasando do 22,5% no ano 2005 ata case o 30% no ano 2012.

Resaltar que se aprecia un incremento progresivo nos últimos catro anos dos agresores máis novos (18-24 anos), establecéndose unha diferenza de case 4 puntos porcentuais entre o 2011 e 2012.

Segundo os datos anteriores, *"todos os grupos de idade dos agresores presentan unha evolución que se caracteriza pola variabilidade e a descontinuidade, o seu comportamento non segue pautas estables que os definan senón que reflicten incrementos e descensos....feito significativo, que enfatiza a ausencia dun perfil e de circunstancias sociais como responsables directas da violencia, e reforza o contexto cultural como factor xeral que dá lugar á violencia de xénero a través de cada un dos agresores que, de maneira individual, recorren aos elementos socioculturais para construír unha relación sobre a violencia, e materializala de forma distinta en cada caso dependendo de factores individuais"*⁵⁸.

Relacionando a idade das vítimas coas dos agresores, pódese comprobar que os tramos son moi similares, sendo o máis numeroso o situado entre os 35-44 anos, seguido de 45-54 anos, apreciándose un importante incremento no intervalo de idades máis novas.

⁵⁸ Informe sobre la violencia de género en España y en Andalucía. Consejería de Justicia y Administración Pública. Junta de Andalucía.2008

Táboa 10.1: Número de ordenes en Vigor a 31/12/2012

	Nº de ordes en protección en vigor
Atendidas pola Policía Local	137
Atendidas polo Corpo Nacional de Policía	209
Atendidas pola Policía Autonómica	0
Total	346

Fonte: Elaboración propia a través de datos da Subdelegación do Goberno para Violencia de Xénero

A Orde de Protección é unha resolución xudicial que constata a existencia dunha situación obxectiva de risco para a vítima de violencia e, en consecuencia, ordena a súa protección durante a tramitación dun proceso penal por delito ou falta mediante, por un lado, a adopción de medidas cautelares civís e/ou penais; e, por outra, a través da súa comunicación ás entidades competentes para a adopción de medidas de asistencia e protección social⁵⁹.

Segundo datos do Corpo Nacional de Policía, a 31 de decembro de 2012, existían en Vigo 346 Ordes de Protección en vigor das que o 60,50% foron atendidas polo Corpo Nacional de Policía e o 39,50% pola Policía Local (táboa 10.1).

10.2. SERVIZOS E RECURSOS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A Concellería de Igualdade de Vigo conta dende a súa creación cunha ampla traxectoria na elaboración e posta en marcha de políticas de igualdade dirixidas a erradicar as desigualdades e discriminacións das mulleres. Neste sentido, puxo a disposición das mulleres vítimas de violencia de xénero, e da sociedade en xeral, programas, recursos e servizos dirixidos á súa prevención e atención.

A continuación expóñense os principais recursos e servizos municipais postos a disposición das mulleres viguesas: Oficina da Igualdade, Centro de Información dos Dereitos da Muller, Atención telefónica 24 horas,

⁵⁹ Lei 27/2003, de 31 de julio, reguladora de la Orden de Protección de las víctimas de violencia de género

Atención xurídica on-line, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia, Rede de Vivendas Municipais de Protección para vítimas de violencia e Centro de Emerxencia para vítimas de violencia de xénero.

10.2.1. Oficina da Igualdade

A oficina de Igualdade xestiona a programación da Concellería, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.

É o organismo municipal que planifica e executa as accións destinadas á prevención, concienciación e tratamento da violencia de xénero. Coordina os servizos exteriores municipais: Rede municipal de vivendas, Centro Municipal de Información e Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI). Leva a cabo programas de prevención e concienciación social: “Camiña con nós pola igualdade” e “Empatía” dirixidos á comunidade educativa dos centros de ensino da cidade. Programas de sensibilización e concienciación a toda a sociedade: “Na violencia de xénero non hai tregua”, “Non sexas cómplice”, “Amores que deixan pegada”... etc

Tamén elabora e difunde materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a prevención e o tratamento da violencia de xénero dirixido por a toda a sociedade, e especialmente as mulleres vítimas.

10.2.2. Servizos de Información e Asesoramento

Centro de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM)

É un servizo que promove unha intervención pluridisciplinar e integral desde unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo programas específicos de apoio e atención ás vítimas de violencia. Está formado por un equipo multidisciplinar composto por unha avogada, unha traballadora social, unha psicóloga e unha administrativa.

O Centro de Información dos Dereitos da Muller ten os seguintes programas:

Programas Xerais:

- Programas de información e asesoramento xurídico, social e psicolóxico.

Programas dirixidos a mulleres vítimas da violencia:

- Programa de asistencia psicolóxica especializada: Asesoramento, intervención en crise, terapia individual, terapia de parella, terapia grupal e terapia familiar.
- Programa de asesoramento e apoio social: Acollemento, procura de vivenda, asesoramento en recursos e solicitude de prestacións económicas, escolarización e coidado das fillas e fillos, recursos e apoio social, saúde, etc.
- Programa de asistencia para a integración laboral.
- Programa de asesoramento e asistencia xurídica: Asesoramento en todo tipo de consultas penais e de dereito de familia. Asesoramento e seguimento nos procesos penais e de familia. Asistencia nas xestións xurídicas que procedan.

A continuación, reflíctense os datos da poboación atendida no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller durante o ano 2012.

Atención Xurídica

Táboa 10.2: Atención xurídica no CMIDM de Vigo 2012

Atención xurídica	
Nº mulleres atendidas	696
Nº consultas persoais realizadas (entrevistas)	1.179 ⁶⁰
Nº consultas telefónicas realizadas	840
Nº consultas web realizadas	37

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade

A táboa anterior demostra que as consultas xurídicas representan o 47,66% das totais realizadas no CMIDM⁶¹. As consultas persoais ou entrevistas presenciais constitúen o 57,43%, mentres que as telefónicas son o 40,85%. As consultas a través da web son minoritarias. A continuación expoñemos a problemática xurídica consultada segundo o tipo de dereito.

⁶⁰ Unha mesma muller pode realizar varias consultas sobre distintas problemáticas xurídicas polo que o número de consultas non coincide co número total de mulleres

⁶¹ Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM)

A maioría das consultas xurídicas de dereito penal están relacionadas coa violencia de xénero: malos tratos físicos e psíquicos e aseguramento de dereitos, ordes de protección, acoso pola ex-parella e impago de pensións.

No tocante ao dereito de familia destacan as relacionadas coa custodia de menores, réxime de visitas de fillas e fillos e pensión de alimentos, seguidas das de divorcio e uso do domicilio familiar. Son numerosas tamén as consultas relacionadas coas parellas de feito, o que nos informa da importancia cuantitativa que teñen as novas formas de convivencia das mulleres de Vigo, dato que parece ter relación cos cambios mencionados anteriormente acontecidos na composición das familias viguesas.

Atención Psicolóxica

Táboa 10.3: Atención psicolóxica no ano 2012

Atención psicolóxica	
Nº mulleres atendidas	329
Nº consultas realizadas	1132

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade

As consultas psicolóxicas representan o 26,24% das totais realizadas no CMIDM (táboa 10.3). Ao igual que no caso das consultas xurídicas, non coinciden o número de mulleres e o de consultas porque unha mesma muller pode facer varias consultas.

A problemática psicolóxica consultada foi a seguinte: agresións sexuais, acoso sexual, intervención familiar, urxencias en crise, asesoramento xeral, terapia psicolóxica, atención telefónica para información, asesoramento e contención, atención psicolóxica para asistencia en crise, etc.

Táboa 10.4: Nº de Familias atendidas no ano 2012

	Nais	Fillos	Fillas
Iniciaron no ano 2010	4	2	3
Iniciaron no ano 2011	8	7	10
Iniciaron no ano 2012	16	14	13
Total atencións	28	23	26

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade

A táboa 10.4 relativa ao Programa de atención psicolóxica para fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero indica que durante o período 2010-2012 foron atendidas 77 persoas, das cales o 36,36% foron mulleres, o 29,88% nenos e o 33,76% nenas.

Atención Social

Táboa 10.5: Atención social no ano 2012

Atención social	
Nº mulleres atendidas	385
Nº consultas persoais realizadas (entrevistas)	1126

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade

As consultas sociais realizadas no CMIDM durante o ano 2012 constitúen o 26,10% do total de consultas. A súa tipoloxía estivo relacionada con: acollemento, acreditación de vítima de violencia, pensión de alimentos de menores, asistencia sanitaria, contacto cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado; axudas económicas, etc. (táboa 10.5)

Atención Telefónica

Teléfono da Muller 24 Horas (986 293 963). É un servizo municipal de información e asesoramento telefónico para mulleres, dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia. Está atendido as 24 horas do día por persoal especializado; asegura unha orientación inmediata e precisa sobre recursos e servizos existentes na comunidade, achegándolles información urxente sobre recursos legais e sociais ao seu alcance, apoio e atención en situacións de angustia.

Información e atención on-line a través da subweb de Violencia de Xénero.

A través deste espazo web www.igualdadevigo.org/violencia toda a cidadanía (veciñanza, asociacións, profesionais, e, en especial, as mulleres que están a sufrir malos tratos) poderán obter, entre outros servizos, información e vías de atención e consulta de forma áxil.


Punto de Información á Muller

Os Puntos de Información ofrecen asesoramento e información específica sobre violencia e malos tratos, derivando ás mulleres usuarias ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ao servizo pertinente.

Detectan e denuncian os casos de malos tratos e proporcionan información xeral sobre servizos específicos para mulleres en materia de formación, traballo e recursos.

Actualmente, funciona un Punto de Información en Coia en colaboración coa Asociación de Mulleres *Dorna* de luns a venres, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Gráfica: 10.8 Tipo de consultas realizadas no Punto Información 2012



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade

Durante o ano 2012, o Punto de Información de Coia, entre os meses de xaneiro a Decembro 2012, realizou un total de 255 consultas. Analizando o tipo de consulta, a gráfica 10.8 reflicte que a maioría son de tipo xeral, só un 1,50% das consultas son relativas á violencia de xénero. Segundo as responsables deste servizo, este dato podería estar a indicar que as mulleres prefiren consultar a problemática da violencia de xénero nun Centro afastado do seu domicilio habitual.

10.2.3. RECURSOS DE ACOLLEMENTO E PROTECCIÓN

Rede Municipal de Vivendas de Protección para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero.

É un recurso propio do Concello de Vigo que proporciona acollemento de media e longa estancia (6 meses a 1 ano) dirixido ás mulleres maltratadas despois da súa estadía no Centro de Emerxencia. Consiste en 3 vivendas de propiedade municipal con 12 prazas en total.

A Rede Municipal de Vivendas é un servizo social especializado para cubrir temporalmente a necesidade de vivenda a mulleres vítimas de malos tratos. Os seus obxectivos son:

- Proporcionar un recurso que facilite a transición progresiva a unha vida de plena independencia
- Ofrecer espazos de convivencia sen violencia
- Facilitar o acceso a outros recursos sociais e socio-laborais, dende a seguridade e a protección de ter cuberta unha necesidade básica

Poden acceder á vivenda ás mulleres vítimas de malos tratos que despois da súa estadía no Centro de Emerxencia carezan de vivenda e/ou recursos propios para facer fronte á súa situación, e as persoas delas dependentes.

O procedemento de ingreso iniciase coa proposta motivada do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM), que deberá ser remitida á Concellería competente en materia de Igualdade, que aprobará ou denegará o ingreso na vivenda, logo de ter en conta as valoracións efectuadas polas profesionais.

As mulleres ingresadas teñen como prestacións a cesión de uso da vivenda, apoio na manutención e, no seu caso, intervención da equipa de profesionais no CMIDM, en tratamento ambulatorio.

Dita intervención comprenderá: Apoio psicolóxico, xurídico e social, no horario do Centro; Programa de reinserción social dirixido a acadar a progresiva autonomía da muller e a súa prole; Acceso a recursos e servizos sociais que correspondan.


Ás mulleres usuarias da Rede Municipal de Vivendas de Protección asignáselles unha educadora familiar que desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar. Esta profesional está coordinada co equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, desenvolvendo as seguintes funcións:

- Realizar un seguimento e apoio ás usuarias no seu proceso de reinserción, seguindo as instrucións do equipo de profesionais do CMIDM.
- Acompañar ás mulleres e persoas delas dependentes na organización e integración na vivenda.
- Asesorar na programación de menús, quendas de limpeza e as restantes operacións domésticas.
- Mediar nos conflitos de convivencia.
- Supervisar a intendencia xeral, o bo uso das instalacións e a conservación da vivenda.

Mulleres usuarias da Rede de Vivendas Tuteladas

A Rede de Vivendas tuteladas dependentes do Concello de Vigo tivo unha ocupación dende febreiro de 2009 até finais de febreiro de 2013 de 35 persoas, das que 14 son mulleres e 21 son fillas e/ou fillos.


Gráfica 10.9: Procedencia das mulleres usuarias das vivendas tuteladas



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade de Vigo.

A gráfica 10.9 indica que, a porcentaxe maioritaria corresponde ás mulleres estranxeiras cun 57,14%. Analizando os países de procedencia das usuarias obtemos que o 42,86% son orixinarias dos países iberoamericanos, mentres que as dos países da Europa comunitaria e África Subsahariana son o 7,14% respectivamente.


Gráfica 10.10: Nivel de estudos das mulleres usuarias



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade de Vigo.

A gráfica anterior relativa ao nivel de estudos das usuarias da Rede de Vivendas indica que as mulleres que non teñen estudos ou non os completaron son o 35,71%, valor que tamén presentan as que acadaron os niveis básicos da escolarización obrigatoria, mentres que as mulleres con estudos de Bacharelato/FP ou Estudos Universitarios constitúen o 28,57%.


Gráfica 10.11: Situación ocupacional das mulleres usuarias durante a estadía



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade de Vigo.

A gráfica 10.11 indica que o 71,43% das usuarias están en situación de desemprego. Resaltar que un 14,29% das usuarias desempregadas está recibindo formación ocupacional. O 28,57% restante ten un traballo remunerado.

Gráfica10.12: Número absoluto de menores desagregado por sexo e idade



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade de Vigo.


No tocante ao número de menores desagregado por sexo, a gráfica anterior revela que o número de nenas e nenos é similar, mostrando a existencia de máis nenos nos primeiros tramos de idade, dato que garda relación co nacemento de máis nenos que nenas, tal e como se comentou no apartado de demografía cando se analizan os indicadores da estrutura demográfica da poboación. Resaltar que de 6-8 e 12 a 14 unicamente hai nenas, pola contra, en maiores de 14 anos soamente nenos.

Centro de Emerxencias para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CEMVI)

O Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro da rede galega de acollemento nos termos previsto na lei 11/2007 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. Foi posto en marcha polo Concello de Vigo en colaboración co Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e coa colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade. A súa finalidade é proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás persoas delas dependentes que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos, garantíndolles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis idóneo⁶². Durante a súa estadía no Centro, as mulleres dispoñen de apoio e asistencia psicolóxica, xurídica e social. É un recurso de acollemento de urxencia e curta estancia (1-3 meses) aberto as 24 horas do día.

⁶²<http://igualdade.xunta.es/es/content/centro-de-emergencia-para-mujeres-victimas-de-la-violencia-de-genero>


Gráfica 10.13: Ocupación do Centro de Emerxencias Vigo 2012



Fonte: Elaboración propia a través de datos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A gráfica 10.13 revela que a ocupación do Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia está conformada por un 54,17% de mulleres e o 45,83% de menores.

Gráfica 10.14: Procedencia das mulleres usuarias



Fonte: Elaboración propia a través de datos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A gráfica 10.14 reflicte que a maioría das mulleres usuarias son españolas, destacando fundamentalmente as orixinarias de Vigo cun 48,09% e as do resto da provincia de Pontevedra co 30,76%, mentres que as mulleres da Provincia da Coruña e Ourense son o 11,54% e 5,78% respectivamente.


As mulleres estranxeiras que ingresaron no Centro de Emerxencia no ano pasado son o 42,31%. Analizando os países de procedencia, despuntan as de América Central e do Sur co 19,23%, seguida das europeas con 13,46%. Son as mulleres subsaharianas e do Norte de África as que mostran valores máis baixos, o 5,77% e 3,77%, respectivamente.

Estes datos relativos á elevada porcentaxe de mulleres estranxeiras que acceden ao Centro de Emerxencia pode ser debido a que carecen de redes familiares e de apoio.

A idade das mulleres usuarias do Centro é moi variable e se sitúa en distintos tramos de idade. A porcentaxe máis elevada a presentan as mulleres situadas entre a franxa de 31-35 anos (31,11%), seguida moi de cerca polo tramo 21-30 anos. Son as maiores de 56 anos as que amosan menor porcentaxe, 1,92%.

Respecto ás responsabilidades familiares, máis da metade das mulleres usuarias teñen menores ao seu cargo (57,69%).


Gráfica 10.15: Agresor das mulleres usuarias do CEMVI



Fonte: Elaboración propia a través de datos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Os datos relativos ao agresor da muller, reflectidos na gráfica 10.15, indican que son os que conviven en parella os máis numerosos (67,31%), seguidos dos maridos (21,15%). As demais formas de convivencia presenta valores máis baixos, sendo no caso dos ex-maridos e irmáns o 3,85% respectivamente e outros o 1,92%.

Gráfica 10.16: Promedio de estadía no CEMVI



Fonte: Elaboración propia a través de datos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A media de estadía no CEMVI é en primeiro lugar o ingreso provisorio co 31,11%, tempo preciso para realizar a valoración da súa situación e efectuar unha derivación a outro dispositivo máis idóneo. A estadía entre 11 e 30 días constitúe o 20%. Os demais intervalos temporais presentan valores máis baixos, agás no menor de 90 días que se evidencia unha porcentaxe do 17,77% (táboa 10.16).

10.3. PROSTITUCIÓN

Neste apartado analízase o fenómeno da prostitución en Vigo a través dos datos proporcionados por dúas organizacións que traballan con mulleres prostituídas neste concello, *Faraxa* e *Médicos do Mundo*.

Para este estudo entrevistouse a Carmen Lago, presidenta da Asociación *Faraxa*, e a Verónica García, Técnica de mobilización social de *Médicos do Mundo*, co fin de obter ademais de datos cuantitativos, as opinións das persoas que tratan de primeira man o fenómeno da prostitución na cidade de Vigo. Segundo as organizacións entrevistadas, a maioría das persoas que se prostitúen en Vigo son mulleres (máis do 90%) e unha alta porcentaxe son vítimas de trata. Ámbalas dúas asociacións teñen un posicionamento abolicionista.

Faraxa nace en Vigo o 8 de maio de 2009, constituída por un grupo de profesionais para "*dar cobertura a un dos colectivos máis discriminados e esquecidos na nosa sociedade: a persoa en prostitución*"⁶³. Os obxectivos principais desta asociación son: defender a igualdade entre mulleres e homes, e combater a explotación sexual de mulleres, homes, nenas e nenos, xa sexan de trata ou explotación de calquera índole. A súa Xunta Directiva está composta por mulleres.

No momento da entrevista tiñan 55 asociadas, 3 traballadoras a xornada completa e 1 a media xornada, 2 profesionais independentes (avogada e psicóloga), 4 voluntarias e 3 estudantes en prácticas (dúas do ciclo formativo de integración social e unha educadora social).

As actividades e servizos que prestan son os seguintes:

- Asesoramento e Intervención xurídica, social, sanitaria, psicolóxica ao colectivo de persoas prostituídas ou en risco de prostituírse e a mulleres inmigrantes.
- Formación

⁶³ <http://faraxa.com/>

Para elo contan cunha unidade móbil (furgoneta de intervención “in situ”) e o Centro de Día.

O xeito de financiarse desta asociación é a través das cotas das asociadas e a través de subvencións de diferentes organismos: Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade. Tamén da entidade privada de “A Caixa”.

Sobre o método de recollida de datos desta asociación cabe reflectir o que elas explican: *“Hai que ter en conta que estes datos son recadados moi pouquiño a pouco, a medida que se vai coñecendo ás persoas, ou por medio da observación, ou de terceiras persoas, xa que nunca ou case nunca preguntamos datos directamente a modo de interrogatorio, senón que cando vamos coñecendo ás persoas son elas mesmas as que nos van contando cousas da súa vida, ou ben cando lles axudamos a pedir algunha axuda ou servizo, que entón si se precisan datos máis concretos, firmes e de primeira man. Polo que moitos deles son estimacións”*.

Médicos do Mundo comezou a traballar en Vigo no ano 2001, é “*unha asociación independente que traballa para facer efectivo o dereito á saúde para todas as persoas, especialmente para aquelas que viven en situación de pobreza, inequidade de xénero e exclusión social ou son vítimas de crises humanitarias*”⁶⁴. Os obxectivos xerais desta asociación son: Actuar no ámbito da saúde coas poboacións en situación de pobreza e exclusión social, así como en situacións de crise humanitaria; atender a toda persoa en situación de sufrimento físico ou moral por violación dos seus dereitos humanos; realizar accións de sensibilización como medio para o cambio social así como para superar as desigualdades e a inxustiza e denunciar as causas que as ocasionan e contribuír a implantar unha cultura de solidariedade, xustiza e paz.

A súa Xunta Directiva a nivel nacional está composta por 7 mulleres e 5 homes. A presidenta da Xunta Directiva a nivel galego é unha muller. No momento da entrevista, en Vigo teñen a 3 mulleres contratadas, 30 voluntarias, e 3 mulleres e 1 home noutras situacións (prácticas, persoal independente, etc.).

⁶⁴ <http://www.medicosdelmundo.org/index.php>

Médicos do Mundo finánciase, a nivel estatal, a través das cotas das persoas asociadas (40%), a través de subvencións de diferentes organismos (60%): Administración Local, Xunta de Galicia, Ministerios, Plan Nacional de Drogas, Fondo Social Europeo. Aclaran que: *"Realmente, por traballar con persoas que se prostitúen non se recibe ningunha subvención, non existen, pero como á vez son inmigrantes ou drogodependentes, etc., recibense as subvencións para traballar con elas dende estas outras cuestións"*.

A continuación, analizamos os datos procedentes de ambas organizacións relativas ás mulleres prostituídas da cidade de Vigo.

Ante a cuestión de cantas persoas prostituídas hai en Vigo, ningunha das asociacións sabe de que cifra se pode falar. *Médicos do Mundo* ten un debate aberto na asociación sobre o número de persoas que se prostitúen en toda Galicia. As cifras que barallan son moi dispares, pensan que pode haber dende 14.000 a 6.000 "prazas de prostitución" (que non é o mesmo que persoas, xa que unha praza pode estar cuberta por unha ou varias persoas), pero realmente non o saben. Esta asociación atende a 253 persoas repartidas en 2 clubs, 5 bares e 4 pisos, ademais das persoas que atenden na rúa.

Faraxa afirma coñecer ou ter noticias de 634 persoas que se prostitúen en Vigo (351 que acudiron ao seu centro, 102 en clubs, 127 en pisos, 7 no barrio da Ferrería e 47 en Beiramar).

Destas mulleres, *Médicos do Mundo* considera que arredor do 75% é vítima de trata, mentres que *Faraxa* afirma que o 90% están nesta situación *"aínda que moitas delas non o recoñezan"*. Consideran que conseguir esa declaración pola súa parte é a súa loita:

"Debido a que todo volve, e coa crise económica, que todo o xustifica, está volvendo a resignación, e con isto, ao conformismo, o cal fai que se chegue a tolerar ou a menosprezar o que lles pasa ou pasou a moitas mulleres que estiveron ou están na prostitución. Moitas consenten ser prostituídas por desesperación, chegando a pensar que o fan debido a que todo o mundo ten que buscarse a vida, e ímolo admitindo e tolerando sen darnos conta,

ata poder chegar a pensar que unha persoa elixe esa situación, cando é todo o contrario, ningún elixe ser explotada”.

No ano 2012, *Faraxa* atendeu a 461 persoas no seu Centro de Día, 341 son mulleres prostituídas, das cales 55 son españolas e o resto estranxeiras. Nese mesmo ano, *Médicos do Mundo* atendeu a 235 mulleres prostituídas, das cales 33 son de nacionalidade española e o resto estranxeiras.

Hai que explicar que estas cifras non deben ser sumadas, xa que o territorio de actuación do que se está a falar é o mesmo, polo que moitas destas persoas posiblemente sexan atendidas polas dúas organizacións paralelamente.

Táboa 10.6: Mulleres prostituídas atendidas por Faraxa no 2012 (até 15 novembro) por sexo e nacionalidade.

Nacionalidade	Mulleres
Brasil	122
España	38
Nixeria	43
República Dominicana	8
Arxentina	7
Colombia	34
Venezuela	5
Paraguai	33
Uruguai	2
Romanía	20
Ucráina	2
Angola	1
Bolivia	4
Bosnia	1
Chile	1
Costa de Marfil	1
Cuba	1
Ecuador	2
Marrocos	4
Perú	5
Portugal	4
Rusia	2
Senegal	1
Total	341

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Faraxa

En canto á nacionalidade das mulleres atendidas en 2012 por *Faraxa*, destacan as procedentes de Latinoamérica, representando ao 66% da poboación que atende esta organización. Dentro deste grupo a maioría son procedentes do Brasil, seguido polas colombianas e as paraguayas. O seguinte grupo máis numeroso é o das españolas (14%), seguido polas africanas (13%), onde as de nacionalidade nixeriana son a maioría. Despois está o grupo das procedentes de Europa do Leste (6%), no que destacan as de Romanía. Por último, está Europa Occidental, representada unicamente por Portugal (1%) (táboa 10.6).

Táboa 10.7: Mulleres prostituídas atendidas por Médicos do Mundo no 2012 por sexo e nacionalidade

	Mulleres
Europa Occidental	11
Portugal	11
Europa del Este	110
Romanía	108
Ucráína	2
Latinoamérica	69
Arxentina	1
Brasil	31
Chile	1
Colombia	14
Ecuador	7
Paraguai	2
Perú	1
República Dominicana	3
Uruguai	2
Venezuela	7
África Subsahariana	24
Angola	1
Congo	1
Costa de Marfil	1
Guinea Ecuatorial	2
Nixeria	19
España	21
Total	235

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Médicos do Mundo

Respecto a *Médicos do Mundo*, a táboa 10.7 amosa que o 43% das mulleres atendidas en 2012 son procedentes de Europa do Leste, con Romanía ao fronte, en segundo lugar, Latinoamérica (29%), encabezada por Brasil, seguido por Colombia e Ecuador. Despois están España (13%) e África (10%). Neste último continente a maioría son nixerianas. Por último, Europa Occidental (Portugal) é o 5% da poboación atendida por esta organización.

Respecto das mulleres prostituídas de nacionalidade nixeriana, cunha porcentaxe tan elevada, a técnica de mobilización social de *Médicos do Mundo* comenta:

"É moi curiosa a porcentaxe de mulleres nixerianas en Vigo, xa que hai nixerianas en outros lugares de Galicia, pero non é tan significativo. Isto quere dicir que podería existir unha rede aquí mesmo en Vigo"

Táboa 10.8: Mulleres prostituídas atendidas por Faraxa no 2012 (até 15 novembro) por sexo e idade

Idade	Mulleres
<25	120
25-54	212
>54	9
Total	341

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Faraxa

A maioría das persoas que son prostituídas en Vigo son mulleres entre 25 e 54 anos, segundo o rexistro de *Faraxa*, despois está o grupo de mulleres de menos de 25 anos (táboa 10.8).

Táboa 10.9: Mulleres prostituídas atendidas por Médicos do mundo no 2012 por sexo e idade

Idade	Mulleres
<18	3
18-24	62
25-34	97
35-44	36
45-54	29
55-64	7
65-74	1
Total	235

Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados por Faraxa

Segundo a base de datos de *Médicos do Mundo*, a maioría son mulleres entre as franxas de idade dos 18 aos 54 anos. Cabe resaltar que, segundo os seus datos, hai tres mulleres menores de idade que están sendo prostituídas na cidade de Vigo (táboa 10.9).

O 95,34% das mulleres atendidas por *Faraxa* até novembro de 2012, teñen persoas ao seu cargo.

Respecto ás dificultades que *Faraxa* e *Médicos do Mundo* atopan para o desenvolvemento, ambas coinciden nas súas opinións, aínda que expresadas de diferente xeito. Nestes intres ambas resaltan as súas dificultades económicas.

Outro punto importante no que están de acordo é que opinan que o feito de que a prostitución non estea considerada como violencia de xénero xera graves dificultades no seu traballo:

"Que a prostitución non estea considerada violencia de xénero, nin sequera en casos de agresións por parte dos clientes" di a presidenta de *Faraxa*

"Na administración pública, en moitos servizos non atenden ás persoas prostituídas. Unha das razóns é que a maioría son estranxeiras, están en situación irregular e non teñen papeis. Outra razón é que consideran que non é unha problemática que podan abordar dende, por exemplo, un Centro de Información á Muller, non consideran a prostitución violencia de xénero", di a técnica de *Médicos do Mundo*, introducindo o terceiro punto nas dificultades que ten a súa organización, as relacións coa Administración Pública, e que tamén comparte *Faraxa*:

"A dificultade das xestións e dos trámites administrativos, como é conseguir a tarxeta sanitaria para as persoas en situación irregular, o taxazo (as taxas dos xulgados), asistencia xurídica gratuíta, etc."

A última das dificultades está relacionada coa visión que a poboación ten en xeral sobre o fenómeno da prostitución, Verónica de *Médicos do Mundo* resúmeo dicindo:

"Outro problema tamén importante é o descoñecemento da realidade da prostitución, que vai dende cousas tan sinxelas como o descoñecemento numérico (non sabemos con exactitude cantas persoas hai prostituíndose), ata cousas como quen son os donos dos clubs, quen se lucra coa prostitución, cousa que é un delito, quen é vítima de trata, de tráfico, os perfís dos clientes"

E Faraxa apunta:

"A falta de formación e sensibilización en violencia de xénero do persoal das administracións (Xulgados, Servizos Sociais, etc.).

A dobre moral, o rexeitamento social e os prexuízos da sociedade de cara a este mundo"

En canto aos cambios que experimentou o fenómeno da prostitución nos últimos anos, a visión da Presidenta da asociación Faraxa é a seguinte:

"Cambiou para peor. Hai máis vítimas de trata, as persoas teñen que facer máis servizos por menos cartos, están máis hacinadas nos pisos, obríganlas a consumir drogas, sobre todo cocaína, ata o punto de que, se non consumen, non poden traballar nos pisos. Isto o fan para que consuman cos clientes e así véndenlles tamén a coca a eles e fan dobre negocio. Tamén aumentaron as prácticas de risco, teñen que facelo sen preservativo, non hai máis que coller un periódico e ler os anuncios de contactos onde se anuncian estas prácticas"

Mentres que a técnica de *Médicos do Mundo*, destaca que dende que ela empezou a traballar neste ámbito, en 1998, os cambios que atopa nos perfís das persoas que se prostitúen son os seguintes:

"...Os perfís das mulleres son completamente diferentes. Antes había dous tipos: as mulleres drogodependentes que se prostituían para consumir drogas e mulleres españolas e portuguesas maiores e con poucas posibilidades de poder integrarse no mundo laboral. Despois diso e ata agora, o 90% eran estranxeiras en Vigo, por exemplo, Brasil, Romanía e Nixeria son as nacionalidades que máis se ven. Agora mesmo parece que a cousa volve cambiar e vense de novo moitas mulleres autóctonas, polo tema da crise económica, aumentan as drogodependencias outra vez..."

Tamén comenta que a visión que ten a sociedade cara á prostitución tamén cambiou, e explica: *"... tende á normalización, e esta normalización non é boa, xa que está relacionada co cambio de visión que ten a sociedade de cara á sexualidade, pero non como algo positivo, como froito dunha educación sexual, en valores, en afectos,... senón como un obxecto máis de consumo vendido pola industria sexual.*

Sobre todo para os homes, para eles é algo moi cotiá, é algo moi común para eles, para calquera home, ter entrado nun local de prostitución nalgún momento da súa vida. Para as mulleres é algo que non se considera ata que por algunha causa entran en relación con este mundo, entón para elas resulta sorprendente o normal que é para os homes, e entón é como se entraran en shock.

Respecto ao apoio recibido por parte das Administracións Públicas, ambas entrevistadas teñen unha opinión moi crítica ao respecto. A presidenta de Faraxa di que :

"A pesar de que se avanzou moito neste terreo, xa que contamos cun protocolo Galego para a Atención de Víctimas de Trata de Persoas, segue sendo insuficiente ou escaso para a elevada demanda existente".

E a técnica de Médicos do Mundo engade, aclarando que esta é a súa opinión persoal e non a da organización na que traballa:

"Parece que non lles interesa entrar no fondo da cuestión. Fanse políticas para traballar coas mulleres, pero: e os tratantes, e os proxenetas, e, sobre todo, os clientes?

Por exemplo, hai una forte preocupación pola saúde das persoas que se prostitúen, por se teñen enfermidades de transmisión sexual, cando son eles, os clientes, as que as transmiten, cando a prevalencia de VIH é moito menor nas prostitutas que no resto da poboación.

O foco das políticas públicas está posto na muller que "se prostitúe" e non no contexto da prostitución, onde interveñen outros factores que propician que a prostitución exista: proxenetas, clientes-demandantes, a sociedade en xeral..."

A presidenta de *Faraxa* quere engadir e destacar:

"... a urxente necesidade de crear un centro de emerxencia para vítimas que queren deixar a prostitución e para as que queren denunciar na cidade de Vigo, xa que ao non estar consideradas como vítimas de violencia de xénero non poden acceder aos centros dirixidos a esas mulleres. Ademais, están os homes e os transexuais que, como non son mulleres, tampouco son aceptados en ningún centro.

Despois está o das axudas, que son moi lentas en resolverse. Necesítase que sexan máis áxiles. Ademais, non hai axudas nin alternativas de ningún tipo para persoas en situación irregular, e neste mundo hai moitas persoas nesta situación. Tamén estaría ben que se ofertaran cursos pagados como alternativa á prostitución".

11. CONCILIACIÓN

A conciliación da vida laboral, familiar e persoal é unha estratexia para facilitar a consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes coa finalidade de acadar unha nova organización do sistema social e económico onde mulleres e homes poidan compatibilizar o emprego, a familia, o ocio e o tempo persoal.

Para iso, é preciso un cambio social que propicie un modelo de organización social corresponsable, onde as e os distintos axentes sociais asuman o seu papel motor e establezan estratexias dirixidas a harmonizar as necesidades e intereses de mulleres e homes.

Neste sentido, a conciliación da vida laboral, familiar e persoal precisa do desenvolvemento de recursos e servizos sociais que faciliten o coidado e atención das e dos menores; das persoas maiores, enfermas e dependentes; da organización dos tempos e dos espazos de traballo; do establecemento de medidas nas empresas que permitan ás persoas traballadoras desenvolverse en todas as facetas da vida; así como traballar intensamente para modificar os roles tradicionais de xénero que impiden que mulleres e homes poidan implicarse de forma corresponsable na vida familiar, laboral e persoal.

Nos últimos anos, a nivel europeo, puxéronse en marcha unha serie de normativas dirixidas a compatibilizar a vida laboral e familiar das persoas traballadoras. Neste sentido, a nivel estatal aprobáronse diversas leis. En primeiro lugar, a *Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras*; a *Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia* e finalmente a *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. É nesta última onde se establece o permiso de paternidade autónomo do da nai producíndose un cambio de consideración nas normativas relacionadas coa incorporación das mulleres ao mercado laboral,

pasando da consideración duns dereitos proteccionistas baseados en concepcións puramente biolóxicas como a maternidade, onde se determinaba que a responsabilidade familiar era exclusiva das mulleres como nais biolóxicas, a unha acepción máis ampla, onde os homes tamén son suxeito de dereitos e obrigas.

Tamén a nivel autonómico mediante a *Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia* se regulan os *bancos municipais do tempo* e os *plans de programación do tempo da cidade*, medidas que serán de xestión municipal e coas que se pretende mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Para realizar a análise deste apartado, ao igual que noutros, atopamos dificultades debido á inexistencia de datos relativos á cidade de Vigo, así como desagregados por sexo, polo que optamos por indagar nas estatísticas oficiais publicadas a nivel provincial. A continuación expóñense os datos relativos ás excedencias por coidado de familiar, ás excedencias por coidado de fillas e fillos a nivel provincial e os recursos e servizos dirixidos á conciliación da vida laboral, familiar e persoal existentes a nivel municipal.

A excedencia como indicador de corresponsabilidade

A excedencia por coidado de familiar fai referencia á suspensión do contrato de traballo, sempre por solicitude do traballador ou traballadora, co fin de prestar atención á súa familia. A lei contempla diferentes duracións da excedencia segundo o parentesco. Así, a duración será distinta cando se trata de fillas ou fillos ou doutras persoas da familia. Esta prestación non económica se pode gozar de forma fraccionada, levando consigo a reserva do posto de traballo no transcurso do primeiro ano.

A continuación amosamos os datos sobre excedencias por coidado de persoas familiares segundo sexo da persoa perceptora.

Táboa 11.1: Excedencias totais por coidado de familiar, segundo sexo do perceptor na Provincia de Pontevedra

Ano	Mulleres	%	Homes	%	Total
2009	168	91	16	9	184
2010	162	91	16	9	178
2011	193	91	18	9	211
Total	523	91	50	9	573

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da www.seg-social.es/estadísticas

Observando a táboa 11.1 relativa ás excedencias por coidado de familiar (incluíndo tanto as orientadas ao coidado de fillas e fillos coma ao coidado doutras persoas da familia) desagregada por sexo, evidenciase que 9 de cada 10 persoas que solicitan ditas excedencias son mulleres, dato que nos está a indicar que os homes seguen tendo pendente a súa incorporación ao ámbito doméstico e dos coidados.

Táboa 11.2: Excedencias por coidado de fillas e fillos, segundo sexo do perceptor na Provincia de Pontevedra

Ano	Mulleres	%	Homes	%	Total
2009	139	95	8	5	147
2010	136	92	12	8	148
2011	154	93	12	7	166
Total	429	93	32	7	461

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da www.seg-social.es/estadísticas

No caso das excedencias por coidado de fillas e fillos, amosa un panorama similar ao anterior, as mulleres continúan a ser as responsables dos coidados de fillas e fillos.

A análise da táboa 11.2 reflicte unha maior brecha entre sexos á hora de gozar dunha excedencia con esta finalidade, sendo o 93% das mulleres as que suspenden temporalmente o seu contrato de traballo para dedicar ese tempo ao coidado de fillas e fillos.

Táboa 11.3: Excedencias por coidado de familiar, segundo sexo do perceptor na Provincia de Pontevedra

Ano	Mulleres	%	Homes	%	Total
2009	29	78	8	22	37
2010	26	87	4	13	30
2011	39	87	6	13	45
Total	94	84	18	16	112

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web da Seguridade Social

Analizando as excedencias por coidado dun familiar que non sexa filla ou fillo, unha comparativa dos anos 2009, 2010 e 2011 evidencia o aumento no número de excedencias concedidas, se ben é certo que no ano 2010 descendieron para incrementarse no 2011 (táboa 11.3).

O patrón da evolución difire segundo o sexo. Así, no caso das mulleres, que asumen o 84% do total das solicitudes de excedencias, o ano 2011 supón un incremento de 9 puntos porcentuais respecto do anterior. Como se pode comprobar a diferenza entre ambos sexos á hora de solicitar excedencias segue a ser moi importante.

Dos datos expostos despréndese que a asunción de responsabilidades dos homes á hora de solicitar unha excedencia por coidados, segue a ser unha tarefa pendente tal e como reflicten os datos, amosando unha maior porcentaxe cando se trata de proporcionar coidados a familiares que no caso de coidados a fillas ou fillos. A pesar das normativas legais que permiten que homes e mulleres poidan acollerse a estas medidas de conciliación, seguen a ser as mulleres as que maioritariamente as solicitan.

11.1. RECURSOS NO CONCELLO DE VIGO PARA A CONCILIACIÓN.

Na actualidade, a organización do traballo na cidade, os seus servizos, os horarios, e as formas de organización familiar non favorecen que mulleres e homes poidan conciliar a vida laboral, familiar e persoal. Tendo en conta esta premisa, é fundamental que os gobernos locais se impliquen e promovan as condicións necesarias mediante a creación de servizos de

apoio á conciliación: escolas infantís, colexios con servizos de conciliación, servizos de ocio e tempo libre para menores, etc. co obxectivo de potenciar un espazo e un contorno que favoreza que homes e mulleres poidan acadar o dereito social a conciliar de xeito que redunde no benestar e nas condicións de vida da cidadanía.

Servizos Sociocomunitarios.

A continuación analízanse os servizos e recursos que o Concello de Vigo ten a disposición das mulleres e homes da cidade.

Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI).

É un servizo municipal que consiste no coidado persoal das fillas e fillos menores de dez anos. A duración máxima é de 4 horas no horario comprendido entre as 7,00 a 23,00 horas, de luns a venres.

Os seus obxectivos son: contribuír á harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia; favorecer a incorporación da muller ao emprego; fomentar a formación académica e ocupacional das mulleres, potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: ANPAS, movemento veciñal, asociacións culturais, etc; acadar tempo propio e persoal, específico para cada muller. Neste servizo teñen preferencia as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Durante o ano 2012 realizáronse un total de 3.177 servizos, dos cales 3.167 (o que supón un 99,7%) foron a mulleres, cunha representación significativa de persoas inmigrantes, e 10 a colectivos (o 0,3%). Sendo os meses que coinciden cos períodos de vacacións escolares nos que máis servizos se solicitaron e se levaron a cabo.

Estes servizos comprenderon un total de 9.202 horas e 30 minutos. Estes datos supoñen un incremento de 2.922 horas, aproximadamente, respecto ao ano 2001.

Táboa 11.4: Características das usuarias 2012

Idade das usuarias

Tramos de idade	Nº mulleres	%
18-25 anos	9	13
26-34	26	39
35-44	29	43
+45	3	5
Total	67	100

Estado civil das usuarias

Estado civil	Nº mulleres	%
Solteira	37	55
Casada	14	21
Separada	11	16
Divorciada	3	5
Viúva	2	3
Total	67	100

Situación económica das usuarias

Situación económica	Nº mulleres	%
Precaria	21	31
Baixa	28	42
Media baixa	18	27
Total	67	100

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade . Concello de Vigo 2012

Unha análise do perfil das usuarias revela que 8 de cada 10 teñen entre 26 e 44 anos, respecto ao seu estado civil a maioría están casadas (55%), e 7 de cada 10 atópanse nunha situación económica baixa ou precaria (táboa 11.4).

Apréciase certa diferenza respecto ao perfil do ano 2001, no que a idade media estaba entre os 33 e os 40 anos, o estado civil maioritario era separada e a situación económica, precaria.

Táboa 11.5: Idade das nenas e nenos beneficiarias/os do servizo

Idades	Nº nenas e nenos	%
0-2	32	30
3-5	33	31
6-8	28	27
9-12	11	10
+12 e con discapacidade	2	2
Total	106	100

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade . Concello de Vigo 2012

En referencia ás idades, o tramo de 0 a 8 anos recolle o 88% das nenas e nenos beneficiarios. As e os menores con idades comprendidas entre 9 a 12 anos son minoría xunto coas nenas e nenos con discapacidade (táboa 11.5).

Táboa 11.6: Motivo para solicitar a prestación

Motivos	Nº servizos	%
Incompatibilidade horaria	2509	78,9
Xestións administrativas e entrevistas de traballo	8	0,2
Enfermidades menores, nais	164	5,2
Formación e educación	496	15,7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Concellería de Igualdade . Concello de Vigo 2012

Dentro dos motivos que recolle o servizo como criterio para ofrecer a prestación, o máis esgrimido polas usuarias, é a incompatibilidade horaria nun 79% (o mesmo que no 2001), evidenciando a discrepancia entre os horarios escolares lectivos e os horarios de traballo (táboa 11.6).

Ludotecas Municipais

O Concello xestiona dúas Ludotecas municipais. Un dos requisitos para poder facer uso delas é a idade: os e as menores deben ter entre 7 e 12 anos, polo que as familias con menores de ata 6 anos non poden beneficiarse deste servizo. Ambas dispoñen de 50 prazas a cubrirense por estrita orde de chegada, o cal fai que nos períodos de vacacións escolares resulte complicado facer uso destas Ludotecas.

Sinalar a existencia doutros recursos organizados tanto polas institucións públicas como polas entidades sociais do municipio como son a oferta de campamentos urbanos nos períodos vacacionais e os centros de día para maiores.

Servizos socioeducativos.

Nos últimos anos, nos centros educativos estanse a implantar novos servizos que xorden como resposta ás necesidades específicas relacionadas coa organización familiar e a incompatibilidade dos horarios laborais das nais e pais: apertura matinal antes da hora de comezo das clases; apertura polas tardes coa realización de actividades extraescolares; comedores, e campamentos durante períodos vacacionais.


A posta en marcha destes servizos responden ás novas necesidades que se articulan arredor da escola, esixindo a contribución de moitas persoas para que de forma programada e sistemática funcionen.

Neste senso, a continuación descríbense os servizos que dende o ámbito educativo e escolar ofrecen os centros públicos vigueses co obxectivo de facilitar a conciliación.

- **Educación Infantil 1º ciclo: dos tres meses aos tres anos.**

Escolas Infantís Municipais: E.I.M.

Gráfico 11.1: Porcentaxe de nenas e nenos matriculados no curso 2012-13 en E.I.M.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados polo Concello de Vigo.

Seis son as escolas que o Concello xestiona na cidade ofrecendo servizo durante o período lectivo, do mes de Setembro ao mes de Xullo, cun horario de 07:30 a 21:30. A media de prazas por escola é de 35.

Escolas Infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia: E.I.

Conta a cidade de Vigo con 6 escolas que acollen un total de 468 prazas no curso 2012-13.

Cada unha destas escolas ofrece servizo do mes de Setembro ao mes de Xullo, nunha franxa horaria que abarca dende as 07:30 da mañá ata as 21:30 da noite, aínda que cada unha ten o seu propio horario.

Todas estas escolas contan con servizo de comedor e con instalacións destinadas a dito servizo.

Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar.

Atópanse na rúa Palencia e na parroquia de Valadares. Os seus horarios son de 7:30h a 19:30 horas. No caso de Valadares, a súa maior asistencia de menores dáse de 9:00 a 16:00 horas. Conta cun número total de 102 prazas, das que, na actualidade, 48 son ocupadas por nenas e 57 por nenos.

• **Educación Infantil 2º ciclo: dos 3 aos 6 anos.**

A cidade conta con 49 entidades nesta categoría, 9 Escolas de Educación Infantil e 40 Centros de Educación Infantil e Primaria. O total de alumnado matriculado no curso 2011-12 ascende a 7.978 menores, sendo o 48% nenas e o restante 52% nenos; dese total, 157 (2%) son menores de procedencia estranxeira, dos cales o 53% son nenas e o 47% nenos, case invertíndose as porcentaxes por sexo en relación aos datos totais.

Escolas de Educación Infantil: E.E.I.

O Concello de Vigo conta con 9 escolas desta categoría en Vigo, cun horario de clases de 09:00 a 14:00. Máis da metade ten servizo de comedor de 14:00 a 16:00, e ofertan actividades extraescolares en case a totalidade, a desenvolver na súa maioría das 16:00 ás 18:00.

Deste xeito, as familias viguesas con menores de 3 a 6 anos teñen a posibilidade de prolongar a estancia da nena ou neno na escola dende as 09:00 horas da mañá ata as 18:00 horas da tarde.

Centros de Educación Infantil e Primaria: C.E.I.P.

Esta categoría está representada por 40 centros na nosa cidade, dos cales o 100% conta con servizo de comedor, nalgún caso con dúas quendas, con horario de 14:00 a 16:00, xa que a xornada lectiva adoita ser das 09:00 ás 14:00.

O 65% dos CEIP dispoñen do servizo de recepción do alumnado antes do comezo do horario lectivo, denominado segundo os centros como: "Aula matinal"; "Kanguras", " Madruga"; "Espertar", polo que as familias con fillas e fillos neste tramo de idade matriculados nun CEIP poden acceder a este servizo a partires das 07:30 e/ou 08:00h, unha hora antes do comezo das clases. Para aquelas nenas e nenos que non fagan uso do comedor escolar, algún centro ofrece un servizo de gardería de 14:00 a 15:00.

A totalidade dos centros contan con actividades extraescolares, normalmente organizadas pola ANPA, desenvolvéndose dende o final do horario do servizo de comedor, ata as 18.30 ou 21.30 horas, segundo o centro. Rematar apuntando que o 45% dos centros dispoñen de transporte para o alumnado, o cal supón unha grande vantaxe.

12. PARTICIPACIÓN E TOMA DE DECISIONS

A participación cidadá na comunidade maniféstase de moi diversas maneiras, respondendo aos intereses de cada persoa e co obxectivo de saberse en representación fronte ao Goberno e outras institucións.

A dimensión de xénero permite visualizar con claridade a exclusión das mulleres do espazo público e político. Nos ámbitos onde existen recursos (políticos, económicos, culturais.....) os homes manteñen unha posición hexemónica, favorecida pola existencia dun sistema de dominio patriarcal que se foi consolidando ao longo dos séculos e segue a manter ás mulleres nunha posición estrutural de desvantaxe e onde hai privilexios para uns hai tamén subordinación e déficit de dereitos para outras.

Numerosos son os datos que ao longo do tempo veñen mostrando os desaxustes existentes entre os niveis de participación feminina nos movementos e organizacións sociais e políticas e a escasa presenza nos órganos de dirección, poñendo de manifesto a necesidade de articular medidas que promovan unha maior presenza das mulleres co obxectivo de acadar a paridade en todos os niveis de representación socio-política.

Extensa é a normativa tanto no ámbito internacional como comunitario, español e autonómico respecto á necesidade de integrar a participación equilibrada de mulleres e homes no poder e a toma de decisións. Non obstante, a existencia de dita normativa non permitiu equilibrar a presenza de mulleres e homes nas diferentes esferas da vida e, en especial, o seu acceso ao poder e a toma de decisións, polo que será coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes cando se produza un salto cualitativo e cuantitativo respecto á garantía institucional do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Tamén a nivel autonómico, a aprobación da Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, comportou un novo escenario legal para as mulleres galegas.

A elaboración deste apartado sobre a participación social e política de mulleres e homes en Vigo ten como referente fundamental os aspectos recollidos en ambas leis e nel se plasman os resultados obtidos da análise dos distintos ámbitos sociais de participación: Corporación Municipal; Goberno Municipal; Administración Local; Partidos Políticos con representación municipal; Sindicatos; Cámara de Comercio; Colexios Profesionais e Asociacións Empresariais e Movemento asociativo de mulleres.

12.1. PARTICIPACIÓN NA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Na Corporación do municipio de Vigo, atópanse representadas tres formacións políticas: Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Bloque Nacionalista Galego-BNG e Partido Popular-PP.

Táboa 12.1: Composición por sexo e partido político da Corporación Municipal 2011

	Mulleres	%	Homes	%	Total (100%)
PSOE	4	36	7	64	11
BNG	1	33	2	67	3
PP	5	38	8	62	13
Total	10	37	17	63	27

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web do Concello

Unha análise da composición por sexo da corporación resultante das eleccións municipais de 2011 (táboa 12.1) amosa que está conformada por un 37% de mulleres e un 63% de homes. Se ben a diferenza máis acusada atópase no BNG (33% fronte a 67%) e a menor no PP (38% fronte a 62%), a representación masculina practicamente dobra a feminina, afastándose dunha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Táboa 12.2: Composición por sexo da Corporación Municipal no intervalo 1991-2011

Ano	Mulleres	%	Homes	%	Total
1991	6	22	21	78	27
1995	8	30	19	70	27
1999	9	33	18	67	27
2003	9	33	18	67	27
2007	12	44	15	56	27
2011	10	37	17	63	27
Total	54	33	108	67	162


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Interior

Por outra banda, o perfil actual da muller viguesa con funcións de carácter decisorio, informativo e consultivo é de 42 anos de idade media, con descendencia, licenciada e con outra ocupación. Así mesmo, o home ten entre 46 e 47 anos, con descendencia, licenciado e con outra ocupación.

Ampliando o período temporal da análise dende o ano 1991 ata o 2011 (táboa 12.2), vese cómo o número de mulleres, que parte dun 22%, se incrementa lixeiramente ata o ano 2003 no que se estanca cun 33%; e volve aumentar no 2007 acadando un 44%, para decrecer 7 puntos no ano 2011.

A entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, tivo un impacto importante na representación de mulleres e homes da corporación municipal viguesa, de forma tal que a presenza da muller aumentou nun 11% respecto á de 2003, pasando de ser 9 a 12 mulleres, de xeito que as mulleres conforman o 44% da corporación fronte ao 56% de homes. Do 2007 ao 2011 é o único período no que se cumpre o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo o cal, as persoas de cada sexo non deben superar o 60% nin ser menos do 40%.

Gráfico 12.1: % mulleres e homes na Corporación Municipal 2007 e 2011



Fonte: Elaboración propia a partir de datos das web dos partidos


Tomando como criterio de observación as tres formacións políticas nos anos 2007 e 2011 (gráfica 12.1), sinalar que o Partido Popular é a única formación que non variou na súa representación dos sexos, 38% de mulleres fronte 62% de homes. Por outra banda, o Partido Socialista mantivo o número de mulleres e incrementou o de homes, pasando de representar as mulleres un 44% a un 36%; á inversa do acontecido no Bloque Nacionalista Galego, que mantivo o número de homes e diminuíu o de mulleres, pasando a representación destas do 60% ao 33% no 2011. Destacar que a única formación política que en ningún momento acadou unha presenza equilibrada de mulleres e homes é o Partido Popular, mentres que só o Bloque Nacionalista Galego superou a súa porcentaxe de mulleres respecto á de homes (ano 2007).

Participación no Goberno Municipal

O equipo de goberno actual da cidade de Vigo está composto por 4 mulleres (36%) e 7 homes (64%).

Dende unha perspectiva cualitativa, amosamos a composición do goberno municipal de Vigo sinalando se é un home (cor gris) ou muller (cor verde) quen ostenta o cargo de cada concellería (gráfica 12.2)

Gráfico 12.2: Composición por sexo do Goberno Municipal



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do Concello


O posto de máxima responsabilidade, a Alcaldía, está ostentado por un home. Das 10 concellerías, 4 son dirixidas por mulleres e 6 por homes, representando un 40% e 60% respectivamente, polo que se pode dicir que, a nivel cuantitativo, o reparto das concellerías no Concello de Vigo respecta a lexislación vixente en materia de igualdade. Se observamos a cualidade, decatámonos dun certo dualismo: Por unha banda, hai certas áreas (Medio Ambiente; Urbanismo; Economía, Facenda e Patrimonio) responsabilidade de Concelleiras que amosan unha ruptura nas asignacións tradicionais do “feminino” e “masculino”. Non obstante, noutras (Xuventude; Educación; Cultura e Políticas de Benestar) seguen a reproducirse os estereotipos de xénero.

Considerando o Goberno na súa totalidade, compre sinalar a existencia dunha fenda de xénero -36% mulleres e 64% homes-; a pesar de que a Administración Local e Autonómica conta con políticas de xénero amplamente desenvolvidas. Non se acada unha presenza equilibrada e permanente de mulleres e homes nas diferentes esferas da vida, especialmente, na esfera do poder e da toma de decisións.

Participación na Administración Local

A Administración local da cidade de Vigo ten 1.198 persoas no seu equipo de persoal, sendo 29% mulleres e 71% homes; é, polo tanto, un equipo de persoal masculinizado, atopándose lonxe de acadar o 40%-60% do principio de presenza equilibrada (gráfica 12.3).


Gráfico 12.3: Porcentaxe por sexo do Equipo de Persoal.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados polo Concello de Vigo.

O estudo da distribución por sexos do equipo de persoal municipal en cada grupo profesional reflicte os seguintes datos (gráfica 12.4)

Gráfico 12.4: Porcentaxes de mulleres e de homes en cada grupo profesional



Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados polo Concello de Vigo.

- O grupo profesional A1, que esixe para o seu acceso estar en posesión dunha titulación de grao, doutoramento, licenciatura, arquitectura ou enxeñería, está representado por un 47% de mulleres e un 53% de homes.
- O grupo profesional A2, ao que se accede cunha diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou título de grao, está representado por un 60% mulleres fronte a 40% homes
- Os grupos profesionais C1, C2 e Grupo E requiren: título de bacharelato, formación profesional de 2º grao/ título de graduado en ESO/agrupacións profesionais. Atópanse masculinizados, nun 74%, 77% e 78% respectivamente.

Só os grupos A1 e A2 respectan o principio de presenza equilibrada, nos restantes grupos de cada 4 persoas traballadoras 3 son homes e 1 muller, o que sitúa as mulleres maioritariamente no desempeño de labores para as que se precisa un nivel de formación mais elevada, dato que reflicte que a maior formación das mulleres incrementa a súa empregabilidade.

Descrición da proporción de mulleres e homes nos Servizos máis destacados.

Os servizos masculinizados son:

- **Oficinas varias**, 27 persoas, 30% mulleres, 70% homes.
- **Tesourería**, 2 persoas, 100% homes.
- **Policía Local**, 363 persoas, 11% mulleres, 89% homes.
- **Planeamento e Xestión**, 2 persoas, 100% homes.
- **Cultura**, 3 persoas, 33% mulleres, 67% homes.
- **Deportes**, 3 persoas, 100% homes.
- **Educación**, 43 persoas, 21% mulleres, 79% homes.
- **Medio Ambiente**, 13 persoas, 38% mulleres, 62% homes.
- **Vías e Obras**, 26 persoas, 4% mulleres, 96% homes.

Os servizos feminizados:

- **Secretaría Xeral e Secretaría Xeral de Urbanismo**, 9 persoas, 78% mulleres e 22% homes.
- **Negociados**, 31 persoas, 84% mulleres, 16% homes.
- **Intervención Xeral**, 17 persoas, 71% mulleres, 29% homes
- **Gabinete Alcaldía**, 29 persoas, 72% mulleres, 28% homes.
- **Planificación e Organización**, 3 persoas, 67% mulleres, 33% homes.
- **Benestar Social**, 44 persoas, 89% mulleres, 11% homes.
- **Desenvolvemento Local e Emprego**, 3 persoas, 67% mulleres, 33% homes.
- **Igualdade**, 8 persoas, 100% mulleres.
- **Normalización Lingüística**, 2 persoas, 100% mulleres.
- **Participación Cidadá**, 4 persoas, 100% mulleres.
- **Sanidade**, 3 persoas, 67% mulleres, 33% homes.
- **Servicio de Atención Cidadá**, 11 persoas, 73% mulleres, 27% homes.
- **Xuventude**, 4 persoas, 75% mulleres, 25% homes.

Os servizos con representación equilibrada son:

- **Xefaturas**, das 17 persoas que as ocupan, 53% son mulleres e 47% homes.

- **Área de Cultura, Festas e Museos**, 2 persoas, 50% mulleres, 50% homes.
- **Mobilidade, Transporte e Seguridade**, 21 persoas, 52% mulleres, 48% homes.
- **Patrimonio Histórico**, 11 persoas, 55% mulleres, 45% homes.

Dun xeito congruente coa análise establecida ata este punto, a paridade nos servizos é deficiente, só 4 dos 26 servizos analizados posúen unha relación 60-40. Dende unha óptica cuantitativa, o servizo analizado con mais persoal (Policía Local) é o que máis fortemente masculinizado está, xunto con *Vías e Obras*. Noutro polo atopamos a *Benestar social e Negociados*.

12.2. PARTICIPACIÓN NOS PARTIDOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN MUNICIPAL

Os partidos políticos revélanse como uns dos vehículos da participación da cidadanía no ámbito público, con capacidade para perpetuar ou modificar os estereotipos de xénero que desembocan nunha adxudicación de áreas de responsabilidade en función do sexo. Por iso, é crucial coñecer a súa composición, afondando na participación das mulleres nos diferentes órganos de decisión como medio que visibiliza a súa presenza na toma de decisións. Os partidos son os principais responsables do acceso das mulleres e do incremento da súa presenza no poder político, polo que a continuación imos analizar as estruturas de poder nos partidos representados no Concello de Vigo

Partido Socialista de Vigo

Táboa 12.3: Composición por sexo da Comisión Executiva do PSOE 2012

	Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%
Presidencia	0	0	1	100	1
Secretaría Xeral	0	0	1	100	1
Secretarías	10	50	10	50	20
Vicesecretaría Acción Electoral	0	0	1	100	1
Vogalías	5	63	3	37	8
Total	15	48	16	52	31

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do partido

Das 31 persoas que compoñen a Comisión Executiva do PSOE de Vigo (táboa 12.3), o 48% son mulleres e o 52% homes, ocupando eles o 100% dos cargos cun único posto, a Presidencia, Secretaría Xeral e Vicesecretaría de Acción Electoral. Porén, as 20 Secretarías están ostentadas ao 50% por mulleres e homes, non así as Vogalías, que están representadas nun 63% por mulleres. Se ben a presenza de mulleres é equilibrada respecto á dos homes, o grao de responsabilidade asumido por unhas e por outros non o é; falamos dunha segregación vertical xa que os cargos de máxima responsabilidade non son competencia de mulleres, aínda cando en números totais mostra unha participación de 48%-52%.

Bloque Nacionalista Galego.

Táboa 12.4: Composición por sexo. BNG 2012

	Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%
Executiva Local	5	45	6	55	11
Consello Local	15	43	20	57	35
Total	20	44	26	56	46

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do partido

O BNG en Vigo conta cun 45% de mulleres e un 55% de homes na súa Executiva Local e cunha porcentaxe similar (43%-57%) no caso do Consello Local. Cumpre desta maneira co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes (táboa 12.4)

Partido Popular Vigo

Táboa 12.5: Composición por sexo Xunta Directiva P.P 2012

	Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%
Presidencia	0	0	1	100	1
Vicepresidencia	0	0	1	100	1
Secretaría Xeral	0	0	1	100	1
Vicesecretaría Xeral	1	100	0	0	1
Vicesecretarías	3	43	4	57	7
Vicesecretaría Área	0	0	4	100	4
Total	4	27	11	73	15

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web do partido

Das 15 persoas que compoñen a Xunta Directiva do PP de Vigo, o 27% son mulleres e o 73% homes, ocupando eles o 75% dos cargos cun único posto, a Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría Xeral, estando só a Vicesecretaría Xeral rexida por unha muller. As Vicesecretarías están ostentadas nun 43% por mulleres e nun 57% por homes, mentres a Vicesecretaría de Área está na súa totalidade rexida por homes (táboa 12.5)

Como resumo, pódese dicir que a participación máis equilibrada en relación ao sexo das persoas compoñentes dos órganos decisorios de cada partido político atópase no PSOE e no BNG. Pola contra, existe unha fenda de xénero nas estruturas internas de poder do PP. Compre sinalar que, en ningún partido político dos analizados, é responsabilidade dunha muller os cargos de máxima representación e poder: Presidencia, Vicepresidencia ou Secretaría Xeral.

12.3. PARTICIPACIÓN NOS SINDICATOS

Analizaremos os sindicatos con maior representación no municipio vigués: Unión Xeneral de Traballadores (UXT), Comisiones Obreiras (CCOO) e Confederación Intersindical Galega (CIG).

Unión Comarcal da U.G.T. Vigo

A Unión Comarcal da U.X.T. de Vigo comprende un total de 26 concellos. A Comisión Executiva está composta por 7 representantes cumprindo o principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes (43% de mulleres e 57% de homes). A pesar desta realidade, a atribución das secretarías segundo a súa área de actuación reflicte certo grao de segregación horizontal, ao estar asignadas as áreas de Igualdade, Muller e Formación a mulleres, respondendo aos tradicionais roles de xénero. Non obstante, destacar que unha muller ten a responsabilidade da secretaría de Organización, de gran peso dentro da mesma.

Unión Comarcal de CC.OO. Vigo

A Comisión Executiva da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo está composta por 11 representantes, dos cales o 45% son mulleres e o 55% homes, presentando así a menor fenda de xénero das tres organizacións analizadas. Destacar que a Secretaría Xeral, cargo de máxima responsabilidade, está ocupado por unha muller.

Unión Comarcal da C.I.G. Vigo


A Comisión Executiva da Unión Comarcal da C.I.G. de Vigo está constituída por un 35% de representación feminina e un 65% masculina, non habendo, polo tanto, unha representación paritaria de mulleres e homes nos seus postos de poder dentro da estrutura; recaendo tamén a Secretaría Comarcal nun home.

Para rematar indicar que tódolos sindicatos inclúen entre os seus obxectivos a igualdade entre mulleres e homes e a loita contra todo tipo de discriminación da muller no ámbito laboral, pero na súa estrutura seguen a desvelarse certas diferenzas por razón de xénero.

12.4. PARTICIPACIÓN NA CÁMARA DE COMERCIO

A Cámara Oficial de Comercio Industria e Navegación de Vigo é unha corporación de dereito público que ten como fins a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, industria, servizos e navegación actuando como órgano consultivo e de colaboración coas administracións públicas, así como a prestación de servizos ás empresas para que poidan mellorar a súa competitividade.

Gráfico 12.5: Porcentaxe de mulleres e homes representantes do Pleno e Vogais cooperantes.



Fonte: Elaboración propia a partir datos da web da Cámara de Comercio de Vigo.

O Pleno da Cámara de Comercio de Vigo o integran un 13% de mulleres e un 87% de homes. Unha porcentaxe baixa, aínda que lixeiramente superior ao 10% de mulleres que forman parte do Comité executivo (gráfica 12.5).

Táboa 12.6: Composición por sexo do Comité Executivo

	Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%
Presidencia	0	0	1	100	1
Vicepresidencia	0	0	2	100	2
Tesourería	0	0	1	100	1
Vogalías	1	17	5	83	6
Total	1	10	9	90	10

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web da Cámara de Comercio de Vigo

O Comité Executivo conta, nos seus postos de máxima responsabilidade, cun 100% de homes, estando as mulleres ao cargo de Vogalías nun 17% fronte ao 83% de homes nas mesmas, o que evidencia unha estrutura fortemente masculinizada.(táboa 12.6)

A presenza da muller nos órganos decisorios da Cámara de Comercio é mínima e delimítase ás áreas de vogalía, importantes pero as de menos responsabilidade na capacidade decisoria do Comité Executivo.

12.5. PARTICIPACIÓN NA DIRECCIÓN DA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS

Organización asociativa sen ánimo de lucro, e con sede en Vigo, ten como obxectivos a defensa, representación e participación dos intereses do empresariado da provincia.

Táboa 12.7: Composición por sexo da Dirección da CEP

		Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%	
Presidencia		0	0	1	100	1	
Presidencia de Honor		0	0	1	100	1	
Vicepresidencia		1	17	5	83	6	
Tesourería		0	0	1	100	1	
Contadoría		0	0	1	100	1	
Asesoría presidencia e órganos de goberno		0	0	2	100	2	
Secretaría Xeral		0	0	1	100	1	
Secretaría Xeral adxunta		0	0	1	100	1	
Vogalías	Industria	0	0	13	100	13	41
	Servizos	0	0	8	100	8	
	Comercio	1	12,5	7	87.5	8	
	Territorial	2	17	10	83	12	
Total		4	7	51	93	55	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Memoria 2011 da web da CEP

A composición do Comité Directivo non garda os mínimos parámetros de presenza equilibrada, contando cun 7% de mulleres fronte a un 93% de homes. Desta porcentaxe de mulleres, un 25% ocupa un posto na pirámide de responsabilidade do Comité como é unha Vicepresidencia e o outro 75% son representantes de Vogalías.

No tocante á representación por sectores de actividade segundo o sexo (gráfica 12.7) as 3 mulleres existentes sitúanse nas vogalías de *Comercio* e *Territorio*. Non obstante, en todas as vogalías son maioría os homes nunha porcentaxe moi elevada.

Táboa 12.8: Distribución da Presidencia nas asociacións adheridas á CEP

Sector	Nº asociacións	Mulleres	%	Homes	%
Industria	20	0	0	20	100
Servizos	33	3	9	30	91
Comercio*	24	5	22	18	78
Territorial	22	6	27	16	73
Total	99	14	14	84	85%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da web da CEP

*Unha presidencia está pendente á data da publicación da Memoria.


A Confederación conta con 99 asociacións adheridas, pertencentes aos catro sectores de actividade: Industria; Servizos; Comercio; Territorial, sendo máis numerosas no sector Servizos (33%) e menos no sector Industria (20%). Unha análise por sexo da presidencia destas 99 asociacións (táboa 12.8) amosa que é ostentada maioritariamente por homes, nun 85% fronte ao 14% de mulleres, de xeito tal que o 100% das asociacións de Industria teñen un home como presidente; o 91% das de Servizos, o 78% no caso das de Comercio e o 73% nas do sector Territorial, sector este último que aglutina as asociacións de empresarios territoriais non específicas doutro sector, onde hai máis mulleres ocupando a presidencia, acadando o 27%.

12.6. PARTICIPACIÓN NOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Considéranse obxecto de análise neste capítulo aqueles Colexios Profesionais cuxo ámbito territorial é Vigo e aqueles de ámbito provincial, autonómico ou estatal que teñen sede ou delegación en Vigo e a súa propia Xunta Directiva ou de Goberno. De tal xeito que as entidades tidas en conta son as seguintes:

Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Pontevedra, Graduados Sociais de Pontevedra, Doutores Enxeñeiros Industriais, Avogados, Axentes da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, Xestores Administrativos, Axentes Comerciais, Enxeñeiros Industriais de Galicia, Mediadores de Seguros de Pontevedra, Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, Químicos de Galicia, Economistas de Pontevedra, Procuradores de Vigo, Instituto de Censores Xurados de Contas de España.

Gráfico 12.6: Composición porcentual por sexo das Xuntas de Goberno dos Colexios Profesionais.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos extraídos das web dos C.P.

Compre destacar que as denominacións destes colexios profesionais son masculinas, dificultando a visibilización de mulleres e homes no seu seo. Nas 15 entidades estudadas, o total de integrantes das Xuntas de Goberno ou Directivas son 134 persoas, das que o 24% son mulleres e o 76% homes (gráfica 12.6)

Táboa 12.9: Composición por sexo do Comité Directivo nos Colexios Profesionais

	Mulleres	%	Homes	%	Total: 100%
Presidencia	2	33	4	67	6
Decanato	1	14	6	86	7
Vicepresidencia	0	0	5	100	5
Vicedecanato	1	17	5	83	6
Delegación	0	0	5	100	5
Deputada/deputado	3	50	3	50	6
Subdelegación	2	67	1	33	3
Secretaría/Vicesecretaría	3	17	15	83	18
Tesourería	4	40	6	60	10
Contadoría	1	20	4	80	5
Intervención	0	0	2	100	2
Vogalías	11	22	38	78	49
Biblioteca	0	0	2	100	2
Administración	4	57	3	43	7
Reserva	0	0	3	100	3
Total	32	24	102	76	134

Fonte: Elaboración propia a partir de datos das web dos Colexios Profesionais

Unha análise por cargo directivo (táboa 12.9), amosa que algúns postos só teñen representación masculina: Vicepresidencia, Delegación, Intervención, Biblioteca e Reserva. E outros teñen maioría de representantes femininas: Subdelegación e Persoal de Administración. O cargo de deputado/deputada é o único que aparece como ostentado de maneira equilibrada (50%mulheres-50% homes); nos que máis desigualdade numérica entre sexos hai, son os Decanatos (14% mulheres-86% homes), os Vicedecanatos e as Secretarías/Vicesecretarías (17% mulheres-83% homes). Esta brecha de xénero difumínase nos cargos de Deputada/Deputado (como xa comentamos antes); Tesoreiro/Tesoreira e Persoal de Administración.

12.7. PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO

O asociacionismo é un aspecto fundamental para promover a participación activa de calquera sociedade democrática.

*"A asociación permite ás persoas recoñecerse nas súas convicións, perseguir activamente os seus ideais, cumprir tarefas útiles, atopar o seu posto na sociedade, facerse oír, exercer algunha influencia e provocar cambios. A cidadanía, ao organizarse, dótese de medios máis eficaces para facer chegar a súa opinión sobre os diferentes problemas da sociedade ás persoas que toman as decisións políticas. Fortalecer as estruturas democráticas exteriores á esfera parlamentaria reverte no fornecemento e na dotación dun sentido concreto ao concepto da Europa dos cidadáns e das cidadás"*⁶⁵

En opinión de Virginia Maquieira (Maquieira,1995) *"as asociacións representan nun espazo colectivo onde as mulleres poden, por primeira vez na súa vida, ver que a súa traxectoria individual responde a unha dimensión colectiva da vida, que se trata dun artificio social e político. Nelas, teñen lugar unha obxectivación dos problemas que dá lugar a unha gran capacidade transformadora que permite, en moitos casos, tránsitos cara á cidadanía"*.

Neste senso, a cidade de Vigo destaca polo seu gran poder asociativo, fronte a outras principais cidades de Galicia. Na actualidade, conviven case medio milleiro de asociacións de tipoloxía moi diversa. Entre outras características que as poidan definir, unha é a circunstancia de que a grande maioría das asociacións ten o seu nacemento e operística na propia cidade fronte unha minoría que son delegacións de organizacións cidadás de ámbito máis extenso: galego ou estatal.

⁶⁵ Texto recollido no Dictamen 118/98 do Consejo Económico y Social Europeo sobre o papel das asociacións na conservación da democracia.

Inmerso neste vasto tecido asociativo, atópanse as asociacións que teñen como obxectivo, explícito ou implícito, acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e a estas asociacións son as que agrupamos baixo a denominación de movemento asociativo de mulleres e/ou feminista, movemento que conta cun longo percorrido e activismo na cidade de Vigo.

Para Murillo de la Vega e Rodríguez Prieto, as organizacións de mulleres son moi diversas e plurais, hai grandes distancias entre unhas e outras no percorrido que realizan, no pensamento, e na forma de levar a acción á práctica. Explican que *"as organizacións de mulleres se caracterizan porque se constitúen para procurar ás mulleres, dunha ou outra forma, espazos e lugares plurais e alternativos aos limitados que lles ofrece o ámbito doméstico, porque son espazos para pensar entre mulleres e para mulleres... procurando lugares de ocio, culturais e de benestar, ofrecendo tamén servizos (vinculados moitas veces aos servizos suministrados no ámbito doméstico: saúde, ocio...), propios do Estado de Benestar. En moitos casos, representan un lugar onde dispoñer dun espazo para si, onde manter relacións sociais con outras mulleres fora da mirada masculina"* (Murillo de la Vega y Rodríguez Prieto, 2003).

Co obxecto de recabar información sobre o seu funcionamento, deseñamos unha entrevista semiestruturada e presencial, que administramos a un total de 47 asociacións de mulleres e/ou feministas.

Para chegar a esta mostra, en primeiro lugar contactouse coas 71 asociacións rexistradas e incluídas na Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, destas se confirmaron en funcionamento 64, das que resultaron ilocalizables ou non se puido realizar a entrevista a 17.

Obxectivos das asociacións.

Entre os obxectivos que perseguen as diferentes asociacións entrevistadas podemos diferenciar aquelas que:

- Contemplan como obxectivos mais específicos os relativos ao fomento do asociacionismo de mulleres, ás actividades a prol das mulleres e á participación social e política; apoio á creación de grupos de encontro entre mulleres para mellorar a súa satisfacción; eliminación da violencia contra as mulleres e a concienciación social; establecemento de relacións e redes sociais e facer valer os dereitos das mulleres; traballar pola consecución da igualdade de oportunidades e trato para as mulleres; loitar pola igualdade no mundo laboral, etc.
- As que recollen como obxectivo xeral das asociacións dinamizar á parroquia e promover as xuntanzas entre as veciñas prioritariamente; promover un punto de encontro (local social) e xestionar as solucións aos problemas veciñais; fomentar a convivencia da xente do barrio dinamizando a súa vida a través de eventos e actividades sociais, culturais e de ocio. Tamén as que loitan por enlazar culturas; proporcionar apoio e acompañamento; estimular e desenvolver a cultura, o deporte, a arte e a gastronomía.

Tipos de actividades realizadas.

As actividades que desenvolve o movemento asociativo de mulleres e/ou feminista proporciónanos información útil sobre os seus intereses e os porqués da súa existencia. Dende esta perspectiva amósase a táboa que reflicte as principais actividades que realizan:

Táboa 12.10: Tipoloxía das actividades do movemento asociativo de mulleres e/ou feminista de Vigo

Actividades culturais	34	12,32%
Manualidades	31	11,23%
Actividades Físicas	31	11,23%
Actividades musicais e artísticas	28	10,14%
Actividade Igualdade Oportunidades / Violencia Xénero	26	9,42%
Cursos, charlas e conferencias	26	9,42%
Excursións e saídas	25	9,06%
Ceas ou xornadas gastronómicas	20	7,25%
Memoria e envellecemento activo	16	5,80%
Informática	14	5,07%
Actividades. deportivas	9	3,26%
Alfabetización adultas	8	2,90%
Apoio escolar e ludoteca	8	2,90%

Fonte: Elaboración propia a partir do cuestionario semiestructurado do estudo

As *actividades culturais*, que son as máis representativas, o 12,32%, engloban cinefórum, romarías, festas tradicionais como o magosto, San Xoán, noite das Letras galegas, viaxes culturais a distintas cidades, xogos intersociais, cociña internacional, idiomas como inglés, galego, italiano, alemán, club de lectura, sendeirismo cultural, visitas ao entorno da cidade de Vigo e outras.

As de *manualidades*, constitúen o 11,23%, reúnen as actividades manuais tales como manualidades en xeral, bolillos, tapizado, obradoiro de monicreques, pintura sobre escaiola, corte e confección, patchwork, swarovsky, coiro, reciclaxe e restauración, arte floral, cestería, macramé, cerámica, bordados, etc.

As *actividades musicais e artísticas* son o 10,14%, engloban as clases de pandeireta, piano, gaita, percusión, canto coral, orfeón, sevillanas, danza oriental, baile moderno, ballet, baile de salón, baile galego, danzas do mundo, ensaio novo (gospel), pintura en tea, pintura ao óleo, pintura á auga, teatro, etc.

As *actividades físicas* representan o 12,30% e comprenden ioga, tai-chí, chikung, ximnasia de mantemento, batuka, cachibol, ximnasia abdominal hipopresiva, saídas en bicicleta, etc, son realizadas polo 11,23% das asociacións.

Actividades de *sensibilización en igualdade de oportunidades* como os talleres de difusión da actividade feminista nas escolas, institutos e entre mulleres, as exposicións itinerantes sobre o labor feminista, os cursos e módulos do mesmo nome,etc, así como as actividades de *prevención e sensibilización da violencia de xénero*, constitúen 9,42%

Os *cursos, charlas e conferencias* sobre con diversas temáticas (violencia de xénero, igualdade, coeducación, saúde, sexualidade, menopausa, hábitos de vida saudables, deporte, desenvolvemento persoal, autoaxuda...etc) representan o 9,42%.

As *actividades de memoria e avellentamento* activo son case o 6%, están dirixidas para o colectivo de persoas maiores de 65 anos, que queren ter unha vida activa e non deixar mermar as súas habilidades mentais e sociais. Aquí atopamos actividades como risa activa, ximnasia para maiores de 65, memoria, axilidade mental.

As *excursións e saídas* con fins culturais e festivos (visitas museos, patrimonio arquitectónicos, exposicións...etc) viaxes a pobos e cidades, ceas convivencias, etc. representan o 9,06% e 7,25% respectivamente.

As *actividades deportivas federadas*, son o 3,26%, e engloban ximnasia rítmica, fútbol, fútbol sala, xadrez, petanca, chave, tenis, tiro con arco, patinaxe, etc.


En *apoio escolar/ludoteca*, figurarían as actividades que prestan reforzo ao estudo regrado das nenas e nenos para os niveis educativos de primaria, ESO, ciencias e letras, xunto coas de alfabetización de adultas constitúen o 2,90%.

Poder e Toma de decisións.

Nesta apartado analízase o poder e toma de decisións nas vogalías da muller como entidades que están inseridas dentro das asociacións veciñais, culturais e deportivas e que teñen unha importante representación dentro do movemento asociativo de mulleres da cidade.

A mostra obtida de vogalías da muller neste estudo (30), permítenos analizar o poder ou influencia en canto á participación destas na entidade marco, polo que a continuación analizamos a súa representatividade na xunta directiva de cada entidade.

Gráfica 12.7: Representación feminina nos cargos da Xunta Directiva



Fonte: Elaboración propia

Nun 3% das asociacións veciñais con vogalía da muller, as mulleres posúen representatividade en todos os cargos principais da xunta directiva, é dicir, hai mulleres na presidencia, vicepresidencia, secretaría e tesourería. Nun 32% non hai mulleres nos cargos principais da xunta directiva, o que significa que estes están absolutamente masculinizados. Por outra banda, 1 de cada 4 teñen unha representatividade equilibrada (gráfica 12.7)

Ata este punto amosamos datos cuantitativos. Non obstante, no tocante a súa percepción en relación ao maior ou menor peso que as vogalías da muller teñen nas asociacións veciñais, as respostas foron as seguintes:

Táboa 12.11: Opinión sobre o poder das Vogalías dentro das asociacións

Ten máis poder	11
Ten menos poder	8
Ten o mesmo poder	7
Ns/Nc	4
Total	30

Fonte: Elaboración propia

En torno a esta cuestión non se atopaba uniformidade nas opinións. O 38% de vogalías da muller que responderon que tiñan máis peso ou poder que antes engadiron que este factor é directamente proporcional á persoa que ostenta a representatividade da mesma. Non obstante, houbo quen opinou que o poder seguía estando relacionado co recoñecemento por parte do resto de integrantes da xunta directiva: *"...nótase o respecto que nos teñen ás integrantes da vogalía, pero estamos en minoría fronte ao resto da Xunta Directiva."*

Outras persoas entrevistadas, aínda que opinaron que o poder se mantiña exactamente igual que antes (23%), dependía de quen estivese na Presidencia: *"...igual de mal, non foi a peor pero tampouco a mellor"; "eu conto, informo, e aí quédase a cousa."*

Outras respostas aludían a unha certa involución desta vogalía respecto dos avances en materia de igualdade que houbo hai 10 anos: *"...hai un retroceso, a esta vogalía non é á que se lle dá máis importancia actualmente, contan máis as festas populares, o mantemento das instalacións..."*

O peso das vogalías tamén depende, segundo outras opinións, da unidade do colectivo feminino dentro e fóra da asociación. Nalgúns caso, a diferenza de opinión dentro da vogalía non xera un crecemento da mesma, senón polo contrario, unha ralentización dos avances, amosando diferentes correntes opostas.

Outra cuestión formulada foi se lles parecía positivo ou, pola contra, negativo ter unha vogalía da muller, ao que atopamos as seguintes representatividades de discursos:

Táboa.12.12: Opinión sobre se é positivo/negativo ter unha Vogalía da Muller

É positivo	22
É negativo	1
Ns/nc	7
Total	30

Fonte: Elaboración propia

O 73% das enquisadas valoran positivamente a existencia das vogalías da muller: *"Tense máis consideración nos aspectos concernentes á muller"; "As mulleres se unen e fan máis forza", "Hai máis integración, máis mulleres na directiva e parece que hai máis apoio"; "Mantense porque hai diferentes temas que son tabú: Violencia de xénero, SIDA e VIH, malos tratos..."*

1 das 30 vogalías entrevistadas manifestou atoparse en contra: *"Non debería existir, debería ser unha vogalía da cidadanía. Ten peso polos cursos, pero debería promover a actividade cidadán, a participación activa de todas e todos"*

Fontes de financiamento

As asociacións fináncianse, maioritariamente, a través de cuotas, matrículas de actividades e subvencións.

A maior parte das asociacións combinan o modo *cuotas* coas *subvencións*. Só un 10% finánciase ademais con pagos de matrículas para as actividades ou pagos por prestación de servizos como poden ser: aluguer de instalacións propias para eventos deportivos, reunións, impartición de actividades, etc. Outras formas que empregan algunhas asociacións para obter financiación son a realización de mercadillos artesáns, ceas solidarias, exposicións, rifas, etc.

Respecto á procedencia das subvencións recibidas polas diferentes asociacións entrevistadas, atopouse que o Concello de Vigo aparece como a principal administración que subvenciona ao maior número de asociacións de mulleres e ou feministas.

Desta forma, o 98% do total de asociacións entrevistadas que explicitan recibir subvencións, o fan do Concello de Vigo. Na súa meirande parte, estas diríxense á promoción da muller e correspóndense co programa “Ser muller é unha boa idea” que fomenta actividades encamiñadas a dinamizar a vida das mulleres.

Tamén a Deputación de Pontevedra subvenciona a 6 de cada 10 asociacións financiadas a modo de cursos de curto ciclo. A Xunta de Galicia sitúase en terceiro lugar, axudando economicamente a 4 de cada 10 entidades estudadas que responderon ter como fontes de financiamento á Administración.

13. CONCLUSIONES

ESTRUTURA DEMOGRÁFICA

- A decembro do 2012 a cidade de Vigo conta cunha poboación de 295.623 habitantes correspondendo un 52% deste total a mulleres e 48% a homes. A **densidade demográfica** é de 2.724,5 habitantes por quilómetro cadrado, dato que multiplica por 12 a densidade da provincia de Pontevedra e por 29 á galega.
- O maior número de habitantes concéntranse no núcleo urbano (68,93% da poboación total), non obstante, Vigo segue mantendo unha importante zona rural, onde a división tradicional en **parroquias** atópase presente. As parroquias aglutinan ao 31,07% da poboación viguesa -16,02% de homes e 15,05% de mulleres-.
- A **poboación estranxeira** constitúe o 5% da poboación total de Vigo (49,9% mulleres e 50,1% homes). As dúas zonas xeográficas que aportan maior poboación son *América Central e do Sur* (48%) e a *Unión Europea* (36%). Ao observar este aspecto na poboación de mulleres, os datos amosan que o 42% de mulleres estranxeiras residentes en Vigo proceden da *U.E.* e o 39% da *América Central e do Sur*. No caso dos homes 6 de cada 10 estranxeiros proceden de *América Central e do Sur* e 3 da *U.E.*
- O **saldo migratorio** existente en Vigo é positivo, o que significa que o número de altas no Padrón supera o de baixas. Non obstante, no estudo evolutivo, atópase unha forte recesión na última década, próxima a unha redución do 50% no saldo migratorio combinado (externo e interno). A explicación atópase na redución, nun 86%, do número de persoas que veñen á cidade dende o estranxeiro, feito que se combina coa diminución (dun 91%) das saídas de habitantes da cidade a outros municipios da provincia de Pontevedra.

- A **pirámide** da poboación de Vigo amosa unha estrutura regresiva, cun acusado incremento nunha cúspide fortemente feminizada. O proceso de envellecemento da poboación queda reflectido nos tramos de idade mais salientables en cada ano de estudo: no ano 1991 foi a poboación de 15 a 19 anos; no 2001 os tramos de 20-24 ao igual que os de 25-29; mentres que no último ano estudado, 2011, o segmento de 35 a 39 anos é o mais expansivo. Esa morfoloxía define elevados índices de envellecemento, fundamentalmente para as mulleres, de dependencia senil e unha diminución no índice de recambio da poboación activa.
- O 22% dos **fogares** existentes no municipio están compostos por unha persoa proxenitora con descendencia a cargo. Tomando este dato como absoluto, 8 de cada 10 destes fogares son monomarentais e 2, monoparentais.

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

- As porcentaxes de **alumnas e alumnos** en todo a **educación post-obrigatoria** son paritarias. Nos estudos de *Bacharelato* as alumnas superan en 4 puntos aos alumnos (52% e 48% respectivamente). Nos *Ciclos formativos de grao medio* os alumnos superan ás alumnas en 12 puntos porcentuais (44%-56%), mentres que en *grao superior* a distancia é sensiblemente menor (47%-53%). Nos *estudios universitarios* atopamos a maior diferenza (14 puntos), de cada 100 persoas matriculadas en estudos de grao 57 son mulleres e 43 homes.
- As **especialidades e familias profesionais** polas que optan alumnas e alumnos marcan unha clara feminización e masculinización dalgunhas das mesmas, que se corresponden cunha posterior segregación do mercado laboral. En xeral, obsérvase dende unha perspectiva temporal, que as ramas/especialidades mais feminizadas diminúen na súa feminización, mentres que este proceso non ocorre á inversa, a masculinización de gran parte dos ámbitos formativos mantense estable ou reforzada.

- O **profesorado da ensinanza non universitaria** é maioritariamente feminino (68% profesoras e 32% profesores). Unha análise por niveis educativos amosa que en Educación Infantil é onde existe unha feminización mais marcada, mentres que nos ciclos formativos as porcentaxes son paritarias e orientadas a unha maioría masculina. Este maior número de docentes mulleres en toda a ensinanza non universitaria diminúe en canto a cargos directivos ostentados (61% mulleres en cargos directivos e 39% de homes). Esta maioría de profesionais mulleres no ámbito da educación invértese ao observar o **profesorado da Universidade**, o 40% son mulleres e o 60% homes, da mesma forma os niveis de maior categoría ou xerarquía son ocupados por homes.

MERCADO LABORAL

- Dende as dúas últimas décadas a **poboación activa** do municipio Vigués incrementouse nun 40%. Este incremento é debido fundamentalmente á entrada de mulleres no mercado laboral, xa que en números absolutos as mulleres que dende o ano 1991 ao 2011 se incorporan á poboación activa triplican á incorporación do número de homes, pasando de porcentaxes do 38% de poboación activa no primeiro ano de referencia ao 48% no 2011.
- En relación á **poboación ocupada** a evolución é semellante á da poboación activa. Mentres que a porcentaxe de mulleres ocupadas no 1991 era do 34%, os datos do 2011 reflicten que de cada 100 persoas ocupadas, 49 son mulleres.
- As **profesións** máis demandas polas mulleres revela como a case totalidade das actividades profesionais correspóndense co sector servizos, historicamente feminizado e vinculado a estereotipos e roles de xénero.

- Os contratos iniciais rexistrados na cidade de Vigo indican que as **modalidades nas que se contratan** ao maior número de persoas son: a contratación *eventual e por circunstancias de produción*; os contratos por *obra ou servizo*, e, por último, os contratos de *interinidade*. As porcentaxes diferenciais entre mulleres e homes na primeira modalidade son semellantes para ambos sexos, respecto dos contratos por *obra/servizo* para os homes significa o 36% de todas as contratacións, mentres que para as mulleres supón un 26%. É en *interinidade* onde se aprecian ás maiores diverxencias: de cada 100 mulleres contratadas, 21 o son a través desta contratación. No caso masculino, de cada 100 contratados, 10 o fan nesta modalidade.
- O número de **persoas paradas** incrementouse nun 63% dende o ano 2006 ao 2012. Non obstante, as porcentaxes de mulleres e homes parados variaron ostensiblemente. Mentres que no ano 2006 de cada 100 persoas paradas, 64 eran mulleres, no 2012 o eran 54. Os datos do paro concéntranse, tanto no 2006 como no a ano 2012, nas e nos maiores de 25 anos. Non obstante, durante este período temporal, e observando a este segmento de poboación na súa totalidade, diminúe en 12 puntos as diferenzas entre o paro nesta poboación de mulleres e homes, pasando do 66% ao 54% nestes 6 últimos anos.
- O 60% do paro concéntrase no **sector** servizos. Neste sector a poboación parada é fundamentalmente feminina, acadando un 63,70% de paro sectorial
- Respecto da relación entre **paro e nivel de estudos**, o grupo máis numeroso son as persoas con certificado de escolaridade. A medida que aumenta o nivel de estudos descende o nivel de paro, coa excepción das mulleres en paro con titulación universitaria que son máis numerosas que as que teñen a titulación inmediatamente anterior (BUP/Bacharelato/COU).

- O 60,75% de **poboación inactiva**, contabilizada no ano 2012, está composta por mulleres. Non obstante, esta porcentaxe no 1991 foi do 70,48%, o que significa que na poboación inactiva as mulleres seguen a ser maioría, pero cunha clara tendencia á baixa.

SAÚDE

- Na última década, en Vigo, a diferenza entre a **mortalidade** feminina e masculina foi diminuindo. Mentres que no ano 2001 o diferencial era de 1,7 puntos, no 2011 descende ata o 0,7.
- Nos últimos dez anos aumenta a **esperanza de vida** dos homes e mulleres de Vigo. Non obstante, para as mulleres sitúase nos 86 anos, mentres que para os homes está nos 80.
- As enfermidades relativas a: *Sistema circulatorio, tumores, e sistema respiratorio* son as principais **causas de defunción** a nivel provincial no ano 2009. Este mesmo dato desagregado por sexo non varía na orde para o colectivo de mulleres. No caso dos homes, os *tumores* sitúanse como primeira causa de defunción, seguido das enfermidades do *sistema circulatorio* e, en último lugar, as enfermidades do *sistema respiratorio*. As mulleres triplican aos homes nas mortes por *trastornos mentais e do comportamento*.
- A **transmisión do VIH**, amosa diferentes patróns para mulleres e homes. No caso das mulleres, o *uso de drogas inxectables* significa o 55% das infeccións, e a *transmisión heterosexual* o 36%. Para os homes, a *transmisión por uso de drogas inxectables* é do 73%, mentres que a *transmisión heterosexual* representa o 19%.
- As **Interrupcións Voluntarias do Embarazo** na provincia de Pontevedra increméntanse nun 39% no intervalo 1991-2001 e nun 11% entre os anos 2001 a 2011. 8 de cada 10 mulleres que se someten a un IVE sitúanse no intervalo dos 20 aos 39 anos de idade

- De cada 10 persoas atendidas polos **Programas para a atención das persoas drogodependentes de Vigo** 8 son homes e 2 mulleres.

BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

- As mulleres constitúense como **demandantes maioritarias dos servizos sociais** municipais de Vigo, non tanto en función das súas necesidades persoais, senón que en moitas ocasións actúan como voceiras das necesidades e demandas das súas familias.
- As mulleres son maioría como **beneficiarias das prestacións sociais**, representan o 65% das perceptoras de axudas de emerxencia social municipal e o 59% das axudas de emerxencia da Xunta de Galicia. Pola contra, é na RISGA onde presentan menor diferenza, constitúen o 55% fronte ao 49% dos homes.
- A **prestación media por desemprego** das mulleres é menor á dos homes en 779 euros/ano, debido fundamentalmente ás súas escasas cotizacións derivadas das súas condicións de contratación.
- As mulleres seguen acolléndose á **prestación por maternidade** nun 97,9% dos casos, dato que pon de manifesto que, a pesar da normativa legal existente en materia de igualdade, a situación non se modificou e segue pendente a incorporación dos homes ao ámbito dos coidados.
- A **pensión media** das mulleres é menor á dos homes en 3.625 euros/ano. No tocante ás pensións non contributivas, as mulleres representan o 62,53% do total das persoas perceptoras, presentando un valor moito máis elevado na pensión non contributiva por xubilación (77,74%).

DEPORTE

- A Concellería de Deportes de Vigo e o Instituto Municipal de Deportes puxo en marcha un **Programa Municipal de Escolas Deportivas** co obxectivo de promover a práctica de diversas modalidades deportivas, dirixido ao alumnado e ás persoas maiores de 18 anos, no que se matricularon, durante o ano 2012/2013, un 58% de homes e un 42% de mulleres.
- A **participación** nas Carreiras Populares organizadas dende o Concello de Vigo é eminentemente masculina (88,7%). O 56% das mulleres participantes teñen entre 35 a 49 anos, o 34% son mozas de entre 20 a 34 anos e, de forma residual, atópanse as mulleres de mais de 50 e menos de 60 (8%) e as maiores de 60 anos (3%).
- As cifras de **persoas federadas** na cidade de Vigo amosan que as mulleres constitúen o 32%, e os homes o 68%. A análise por sexo destas licencias revelan que a *hípica* é a única modalidade onde hai máis mulleres federadas que homes (71% de mulleres), seguida de tenis, balonmán e surf. Pola contra, os homes destacan en ciclismo, tenis e balonmán.
- De cada 100 persoas **federadas** na categoría *sénior*, 75 son homes e 25 mulleres, mentres que na categoría *alevín* a proporción é paritaria. As mulleres que practican deporte federado teñen na súa maioría entre 20 e 35 anos, seguidas das de 11-12 anos; sendo a categoría das máis pequenas, de 7-8 anos, a que conta con menos federadas

VIOLENCIA DE XÉNERO

- Durante o ano 2012 tramitáronse na Comisaría do Corpo Nacional de Policía de Vigo 526 **denuncias** por violencia de xénero, o que implica unha media de case 2 denuncias diarias. Estas denuncias amosan unha oscilación mensual, presentando porcentaxes máis elevadas as relacionadas cos meses da época estival e o Nadal, feito que pode estar a indicar que as especiais circunstancias que acontecen nestes períodos teñen unha repercusión directa na relación de parella e na lectura que o agresor fai delas.
- As **víctimas de violencia** son maioritariamente españolas (73%). A procedencia máis elevada das mulleres estranxeiras a constitúen as orixinarias de América Latina e a Unión Europea. Respecto ás idades, destaca en primeiro lugar o tramo 35-44 anos seguido polo de 25-34. Resaltar que as mulleres con idades comprendidas entre os 18 e os 24 anos, presentan un incremento de 13 puntos porcentuais dende o ano 2006 ata o ano 2012.
- Os **agresores** son de nacionalidade española (75%). América Latina é a procedencia maioritaria dos agresores estranxeiros. O número máis elevado sitúase entre os 35-44 anos, seguido dos de idade media (45-54). Resaltar que nos últimos catro anos apreciase un incremento progresivo dos agresores máis novos (18-24 anos).
- O Corpo Nacional de Policía de Vigo tramitou 346 **Ordres de Protección** entre xaneiro e decembro de 2012, das cales, o 60,50% foron atendidas polo Corpo Nacional de Policía e o 39,50% pola Policía Local.
- A **Rede Municipal de Vivendas tuteladas** dependente do Concello de Vigo, tivo unha ocupación dende febreiro de 2009 até finais de febreiro de 2013 de 35 persoas, das que 14 son mulleres e 21 son fillas e/ou

fillos. A maioría das usuarias son de nacionalidade estranxeira (57,14%) e proceden fundamentalmente dos países iberoamericanos.

- O **Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia** estivo ocupado no ano 2012 por un 54,17% de mulleres, das cales, máis da metade (57,69%) ten responsabilidades ao seu cargo. A procedencia maioritaria das usuarias é española, destacando en primeiro lugar as orixinarias de Vigo (48,09%) seguidas das do resto da Provincia de Pontevedra (30,76%). As mulleres estranxeiras que ingresaron no Centro de Emerxencia constitúen o 42,31%, destacando a procedencia de América Central e do Sur e as europeas co 19,23% e 13,46% respectivamente.
- No tocante á **relación co agresor**, destaca con valores máis elevados, a convivencia en parella (67,31%), seguida dos maridos (21,15%). As demais formas de convivencia presenta valores máis baixos.
- Os datos aportados polas dúas organizacións que traballan con **mulleres prostituídas** en Vigo, *Faraxa* e *Médicos do Mundo* indican que no ano 2012 a asociación Faraxa atendeu a 341 mulleres prostituídas das cales 55 son españolas e o resto estranxeiras. Nese mesmo ano, Médicos do Mundo atendeu a 235 mulleres prostituídas, das cales 33 son de nacionalidade española e o resto estranxeiras
- En canto ás mulleres de **nacionalidade estranxeira** atendidas por Faraxa, destacan as procedentes de Latinoamérica (66%), sendo as brasileiras as maioritarias, seguidas das colombianas e as paraguaias. O seguinte grupo máis numeroso é o das españolas (14%) e as africanas (13%). O grupo menos numeroso resultan as procedentes de Europa do Leste (6%), fundamentalmente de Romanía e de Europa Occidental representada unicamente por Portugal (1%).

- Médicos do Mundo revela que o 43% das mulleres atendidas en 2012 **proceden** de Europa do Leste, con Romanía ao fronte, en segundo lugar Latinoamérica (29%), encabezada por Brasil, seguido por Colombia e Ecuador. Despois están España (13%) e África (10%). Por último Europa Occidental (Portugal) é o 5% da poboación atendida.
- No tocante á **idade** das mulleres prostituídas en Vigo, segundo o rexistro de Faraxa, a maioría están entre os 25 e 54 anos, seguidas do grupo de mulleres de menos de 25 anos. No tocante a Médicos do Mundo, a maioría das usuarias se sitúan na franxa de idade dos 18 aos 54 anos.

CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

- 9 de cada 10 persoas que solicitan **excedencias** tanto para o coidado de fillas e/ou fillos como para o coidado doutras persoas da familia son mulleres, dato que está a indicar que os homes seguen tendo pendente a súa incorporación ao ámbito doméstico e dos coidados.
- O **Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia** (SADI) é un recurso municipal que ten entre os seus obxectivos contribuír á harmonización da vida laboral, familiar e persoal das mulleres. O perfil das usuarias revela que 8 de cada 10 teñen entre 26 e 44 anos, na súa maioría están casadas (55%) e 7 de cada 10 atópanse nunha situación económica baixa ou precaria.
- Nos últimos anos, estanse a implantar nos **centros educativos** da cidade, unha serie de servizos para dar resposta ás novas necesidades relacionadas coa organización familiar e a incompatibilidade dos horarios laborais das nais e pais.

PARTICIPACIÓN E TOMA DE DECISIONS

- A **Corporación Local de Vigo**, en datos do 2011, non se atopa equilibrada en número de mulleres (37%) e homes (63%). Ao longo da última década só o ano 2007 amosa datos equilibrados en relación ao sexo das persoas integrantes da Corporación, aínda que cunha porcentaxe levemente superior de homes (44% de mulleres e 56% de homes)
- O **Goberno Local** comparte as porcentaxes masculinizadas da Corporación, non obstante, as Concellerías amosan equilibrio na súa distribución (40% de Concelleiras e 60% de Concelleiros)
- A **Administración Local** en canto ao seu equipo de persoal atópase fortemente masculinizado (29% de traballadoras e 71% de traballadores). Non obstante, o grupo A2 presentan datos equilibrados con maior representación feminina (60% de traballadoras), o A1 é paritario, mentres que nos grupos C1, C2 e E é onde se amosa a maior masculinización
- Os **Partidos Políticos** con representación municipal que gardan porcentaxes paritarias respecto do sexo nas súas estruturas internas son o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Pola contra, o Partido Popular amosa unha estrutura masculina na súa Xunta Directiva (27% de mulleres e 73% de homes)
- Os **Sindicatos** con maior representación na cidade de Vigo presentan unha participación equilibrada nos seus órganos executivos no caso da Unión Xeral de Traballadores e de Comisións Obreiras, non así na Confederación Intersindical Galega que define porcentaxes dun 35% de mulleres con cargos decisorios e un 65% para homes.

- Os órganos decisorios do **tecido empresarial, comercial e profesional** da cidade reflicten unha forte masculinización. Así, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación conta cun 10% de mulleres no seu Comité Executivo, a Confederación de Empresarios cun 7%, mentres que a participación de mulleres nos Colexios Profesionais con Delegación en Vigo é dun 24%
- A cidade de Vigo conta cun amplo e arraigado **tecido asociativo de mulleres** na necesidade de canalizar a participación e os intereses das mesmas. Os seus obxectivos xiran en relación á dinamización das mulleres, dos territorios e de colectivos específicos, para o que deseñan e poñen en marcha actividades e programas culturais, artísticos, de lecer e formativos en materia de xénero e igualdade de oportunidades. Este tecido asociativo, nun 98%, recibe algún tipo de financiación por parte do Concello de Vigo.

14. BIBLIOGRAFÍA

- Alba Pérez, T. *Las asociaciones de mujeres como sujeto social*.
- Área de Juventud, Educación y Mujer.(2005).*Participación y Asociacionismo de mujeres. Apuntes para la igualdad*. Cabildo Insular de Tenerife.
- Aróstegui Santamaría, E. y Urbano Aljama, A. (2004). *La mujer drogopendiente: Especificidad de género y factores asociados*. Universidad de Deusto.
- Avento Consultoría, S.L. (2009). *Diagnóstico de situación de mujeres y hombres y líneas de actuación en el ámbito deportivo de Getxo*. Getxo.
- Asociación Mujeres Politólogas. (2007). *Informe diagnóstico de la situación de las mujeres en Granada*. Ayuntamiento de Granada.
- Barandía Ortiz de Zárate, Amaia. (2005). *Situación social de las mujeres en Navarra. Gobierno de Navarra*. Navarra.
- Comisión de Derechos de la Mujer e Igualdad de Oportunidades del Parlamento Europeo. (2003). *Proyecto de informe sobre las mujeres y el deporte*.
- Comisión Mujer y Deporte 2002-2006. (2006). *Mujeres en los órganos de gobierno en las organizaciones deportivas españolas*. Comisión Mujer y deporte. Comité Olímpico Español.
- Concellería de Igualdade. (2012). *Memoria do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI)*. Concello de Vigo.
- Confederación de Empresarios de Pontevedra. *Memoria 2011*. Confederación de Empresarios de Pontevedra. Vigo.

- Consejería de Justicia y Administración Pública. Junta de Andalucía. (2008). *Informe sobre la violencia de género en España y en Andalucía*.
- Consejo Económico y Social. (2012). *Tercer informe sobre la situación de las mujeres en la realidad sociolaboral española*. Madrid.
- Corona Aguilar, A. (2004). *Importancia de las asociaciones de mujeres en la lucha contra la exclusión social*. Universidad Pablo de Olavide
- Corona Aguilar, A. *Si ganamos nosotras, gana todo el mundo. Importancia de las asociaciones de mujeres en la lucha contra la exclusión social*. Universidad Pablo de Olavide.
- Chuang CH, Liebschutz JM, Horton NJ, Samet JH. (2010). *Association of violence victimization with inconsistent condom use in HIV-infected persons. AIDS Behav.*
- De Miguel Álvarez, A. (2012). *La prostitución de mujeres, una escuela de desigualdad humana*. Revista Europea de Derechos. 19/1^{er} semestre 2012. Páginas 49-74.
- Delegación de Igualdad. *Mujeres y participación social: Estudio del Movimiento Asociativo de Mujeres en la provincia de Granada*. Diputación de Granada
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. (2011). *Informe VIH-sida en Galicia*. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.
- Elizondo Lopetegi, A. y Martínez Hernández, E. (2005). *Participación política de las mujeres: Presencias y ausencias en la política vasca*.

- Elizondo Lopetegui, A. *La participación política de mujeres en Euskadi: Datos y reflexiones*. Universidad del País Vasco.
- Emakunde (2011). *Cifras mujeres y hombres en Euskadi 2011*. Instituto Vasco de la Mujer.
- Equipo de Estudios de Género. (2008). *La presencia de mujeres y hombres en los ámbitos de toma de decisión en Euskadi*. Departamento de Ciencia Política y de la Administración.
- Federación Española de Municipios y Provincias. (2007). *Estudio del impacto de la Ley orgánica 3/2007, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres en la representación de mujeres en el ámbito local*.
- Federación Española de Municipios y Provincias. (2011). *Guía para la incorporación de la perspectiva de género a la gestión local*.
- Fernández Vilariño, M. A. y López Villar, C. *La participación de las mujeres en el deporte. Un análisis desde la perspectiva de género*. Universidade de Vigo y Universidade de A Coruña.
- Fundación Isonomia. (2007). *Claves de la intervención social desde el enfoque de género*. Fundación Isonomia.
- Gallego Noche, B. (2008). *La investigación biográfica-narrativa en un estudio sobre la situación de las mujeres en el deporte*. Revista de investigación educativa, vol.26, núm 1. Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagógica. Murcia. España.
- Gallego Noche, B. e Esteberanz García, A. *Mujeres que abren camino en el deporte: Factores influyentes en las situaciones de igualdad y discriminación*. Universidad de Sevilla.

- Gobierno de Navarra. *Diagnósticos para la realización del I Plan de Igualdad de Oportunidades para mujeres y hombres de la Comunidad Foral de Navarra.*
- GPI consultores. (2005). *Estudio sobre la conciliación de la vida familiar y la vida laboral: situación actual, necesidades y demandas.* Instituto de la Mujer. Observatorio para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres.
- Grupo Iceberg, asesoramiento deportivo, S.L. (2007). *Análisis y valoración de la práctica de actividad física y deporte de la mujer en Gipuzkoa.* Donostia.
- Grupo Iceberg, asesoramiento deportivo, S.L. (2008). *Estudio: Sobre la participación en el deporte Federado en Gipuzkoa.*
- Infante Castrillo, N. *Asociaciones de mujeres y ciudadanía activa. La aportación en el período 2007-10.* Fórum de Política Feminista. 2011.
- Instituto Andaluz de la Mujer. (2010). *Aproximación a la realidad de mujeres y hombres en Andalucía 2010.* Junta de Andalucía. Consejería para la Igualdad y Bienestar Social. Andalucía.
- Instituto de la Mujer. (2007). *Estudio del Impacto de la Ley Orgánica 3/2007, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres en la representación de mujeres en el ámbito de la política Local.* Ministerio de Igualdad. Secretaría General de Políticas de Igualdad. Federación española de municipios y provincias. Área igualdad.
- Instituto de la Mujer. (2008). *Las mujeres en cifras 1983-2008.* Madrid.
- Instituto de Medicina Legal de Galicia. *Memoria das actividades realizadas polo Instituto de Medicina Legal de Galicia 2011.* Instituto

de Medicina Legal de Galicia. Consellería de Presidencia Administraci3ns P3blicas e Xustiza. Xunta de Galicia.

- Instituto Nacional de Estadística. (2010). *Encuesta de empleo del tiempo 2009-2010. Avance de resultados.*
- Lagarde, M. *Mujeres cuidadoras. Entre la obligaci3n y la satisfacci3n.*
- Likadi. (2008). *M3dulo 3: G3nero y salud. Unidad de igualdad y g3nero.* Instituto Andaluz de la Mujer.
- Ministerio de Sanidad y Consumo. *Informe salud y g3nero 2005.* Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud. Madrid. Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Moure Fern3ndez, L., Antol3n Rodr3guez, R., Puialto Dur3n, M.J. y Salgado 3lvarez, C. (2010). *H3bitos alimentarios de las mujeres en relaci3n con el nivel de conocimientos sobre el climaterio en Enfermer3a Global.* Revista electr3nica cuatrimestral de enfermer3a.
- Observatorio de Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres en Asturias. (2012). *Situaci3n de las mujeres y hombres en Asturias.* Instituto Asturiano de la Mujer.
- Rigat-Pflaum, M. (2008). *Los sindicatos tienen g3nero.* Fundaci3n Friedrich Ebert.
- Rodr3guez S3nchez, M.S. (2008). *Menopausia: Mitos y realidades.* Academia de Ciencias de Enfermer3a de Bizkaia.
- Rohlf, I. (2007). *G3nero y salud: diferencias y desigualdades.*
- San Jos3, B. (2002). *Reflexiones sobre la funci3n social de las asociaciones de mujeres.*
- San Jos3, B. (2002). *Reflexiones sobre la funci3n social de las asociaciones de mujeres.*

- San José, B. *De la impotencia de Antígona al empoderamiento de las mujeres en el Sº XXI*. Proyecto EQUAL Mass Mediación.
- Sarrible, G. *Reproducción e imagen de la mujer. Crítica de género en demografía*. Universitat de Barcelona. Facultat de Ciències Polítiques. Departament de Sociologia.
- Secretaría del Plan Nacional Sobre el SIDA. *Documento de consenso de la Secretaría del Plan Nacional sobre el SIDA/GESIDA sobre la asistencia en el ámbito sanitario a las mujeres con infección por el VIH*. Grupo de expertas y expertos del plan nacional sobre el SIDA y de GESIDA.
- Servizo de Educación. (2011). *Guía de Centros Públicos. Educación infantil, primaria e secundaria*. Concello de Vigo.
- Servizo de Planificación Estratégica. (2011). *Uso social del tiempo con perspectiva de género en Victoria-Gasteiz*. Ayuntamiento de Victoria-Gasteiz.
- Servizo Galego de Igualdade. (2011). *Proxecto Elas*. Consellería de Familia e Promoción do Emprego. Xunta de Galicia.
- Traba Díaz, A. y Varela Caruncho, L. (2009). *Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo*.
- Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. (2001). *Estudio socioeconómico de área de Vigo*.
- Uría Urraza, M. (2008). *Presencia de mujeres en los órganos de representación política, en la administración pública y en los ámbitos sociales*. Instituto Asturiano de la Mujer.
- Valedor do Cidadán. (2011). *Percepción cidadá sobre a calidade de vida. Aplicación ao municipio de Vigo e comparativa con outras*

ciudades europeas. Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo. Concello de Vigo.

- Vicente López, J. M. (2011). *Libro blanco de envejecimiento activo*. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Secretaría General de Política Social y Consumo. Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). Madrid.
- Lei 2/2007, de 28 de marzo, *do traballo en igualdade das Mulleres de Galicia*
- Lei 3/2007, de 22 de marzo, *para a igualdade efectiva de mulleres e homes*
- Lei 39/1999, de 5 de novembro, *para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras*
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, *de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, *de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*.

WEBGRAFÍA

http://centros1.pntic.mec.es/ies.maria.moliner3/geo/piramide/p_excel.html

<http://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

<http://hoxe.vigo.org/>

<http://isonomia.uji.es/docs/spanish/publicaciones/publicaciones/quequeremos/images/VOLUMEN3/Libro08.pdf>

<http://sociales.cchs.csic.es/jperez/index.html>

<http://traballo.xunta.es/publicacions-e-estadisticas>
<http://traballoeibenestar.xunta.es/>

<http://webdelprofesor.ula.ve/economia/hmata/Notas/Pir%E1mide%20de%20Poblaci%C3n.pdf>

<http://www.diccionariosdigitales.net>

http://www.emakunde.euskadi.net/u72-publicac/es/contenidos/informacion/pub_guias/es_emakunde/adjuntos/guia_genero_es.pdf

<http://www.eumed.net/cursecon/2/dem.htm>

<http://www.foro-ciudad.com/pontevedra/vigo/mensaje-9447920.html>

http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=51&recurso_id=640

<http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

<http://www.ine.es/>

<http://www.maiv.org/>

<http://www.mardeons.com/>

<http://www.montesvalladares.com/?lang=ga>

<http://www.mujiresenred.net/spip.php?article1395>

http://www.navarra.es/home_es/Navarra/Asi+es+Navarra/Navarra+en+cifras/Demografia/genero.htm#comienzoContenido

<http://www.turismodevigo.es/>

<http://www.vigoenfotos.com/>

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120423/AnuncioC3B0-180412-0001_gl.html

<https://igualdade.xunta.es>

www.adif.es

www.aena-aeropuertos.es

www.aetg.org

www.apvigo.com

www.bng-galiza.org/vigo/

www.ppdevigo.com/

www.psdeg-psoe.com/

www.camaravigo.com

www.cep.es

www.cgac.es

www.coapipontevedra.com

www.cograsop.com

www.coitivigo.es

www.colquiga.org

www.delineantesvigo.com

www.economistas.org/pontevedra

www.edu.xunta.es

www.emmavigo.org

www.esmuvigo.es

www.e-trad.org

www.euroinnova.es/

www.galicia.ccoo.es
www.galizacig.com
www.ugtgalicia.org
www.gestores.net
www.icavigo.es
www.icjce.es
www.icoiig.es
www.icpm.es
www.ige.eu
www.igualdade.org
www.mecd.gob.es
www.mediadoresdeseguros.com
www.seg-social.es/estadísticas
www.terrasatlanticas.es
www.vigo.org
www.vigo.psa-peugeot-citroen.com
www.vigobus.com
www.vitrasa.es
www.wikipedia

15. ENTIDADES COLABORADORAS

- Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"
- Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga "Alborada".
- Asociación Faraxa.
- Asociación Gallega Amigos del Rocío
- Asociación Madres Latinas
- Asociación de Mulleres "Dorna"
- Asociación de Mulleres "Lúa", Bembrive
- Asociación de Mulleres "Pedra Vella"
- Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo.
- Asociación de Mulleres "Rosalía Castro" Cabral;
- Asociación de Mulleres "Xestas" Bembrive
- Asociación Multicultural de Mujeres
- Asociación "Nós Mesmas"
- Asociación de Viudas Demócratas de Vigo
- Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo.
- Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero
- Colectivo Violeta
- Concellería de Deportes do Concello de Vigo.
- Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.
- Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo
- Concellería de Educación do Concello de Vigo
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Coordinadora Local da Marcha Mundial de Mulleres
- Departamento de Benestar do Concello de Vigo.
- Departamento de Persoal do Concello de Vigo.
- Departamento de Traballo Social do Hospital Xeral de Vigo.
- Escola Infantil Valadares.
- Escola de Mulleres Solidarias de Vigo
- Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
- Federación Galega de Ciclismo.
- Federación Galega de Espeleoloxía.
- Federación Galega de Judo e D.A.

- Feministas Independentes Galegas
- F.O.A.N.P.A.S., Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais.
- Grupo Municipal BNG do Concello de Vigo.
- Grupo Municipal PP do Concello de Vigo.
- Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo.
- Instituto Galego de Estatística, I.G.E.
- Instituto Nacional de Estadística, I.N.E.
- Marivic García Rodríguez. Mestra Nacional de Judo. Técnica de Nivel III, árbitra autonómica e especialista en Judo Infantil e en Defensa Persoal Feminina e cinturón negro 4º DAN.
- Marta Souto González
- Médicos do Mundo
- Mulheres Nacionalistas Galegas
- Punto de Información Zona Coia. Asociación de Mulleres Dorna.
- Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos
- Secretaría da Muller da CIG
- Secretaría da Muller UGT
- Secretaría de Dirección da Xerencia de Atención Primaria de Vigo.
- Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Servizo de Educación do Concello de Vigo.
- Subdelegación do Goberno en Pontevedra. Unidade contra la violencia sobre la Mujer.
- Subdirección Xeral de Familia e Menores. Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia.
- Unión Xeral de Traballadores, U.X.T.
- Vicky Alonso, Xogadora da División de Honra Club AMFIV
- Vogalía da Muller da A.VCD Xestas de Bembrive
- Vogalía da Muller da A.VCD Lavadores
- Vogalía da Muller da A.VCU Beade
- Vogalía da Muller da A.VV A Nosa Terra, Alcabre
- Vogalía da Muller da A.VV A Unión Matamá
- Vogalía da Muller da A.VV Cabral-Feira
- Vogalía da Muller da A.VV Calvario
- Vogalía da Muller da A.VC Casco Vello

- Vogalía da Muller da A.VV Castrelos "Monte da Mina"
- Vogalía da Muller da A.VV Cristo da Victoria
- Vogalía da Muller da A.VV Cultural R. San Mamede, Zamáns
- Vogalía da Muller da A.VV Dr.Fleming
- Vogalía da Muller da A.VV Fonte do Galo
- Vogalía da Muller da A.VV Pontenova-Freixo
- Vogalía da Muller da A.VV Rosalía de Castro, A Salgueira
- Vogalía da Muller da A.VV San José Casás, Bouzas
- Vogalía da Muller da A.VV San Miguel de Oia
- Vogalía da Muller da A.VV San Paio de Navia
- Vogalía da Muller da A.VV San Xurxo, Saiáns
- Vogalía da Muller da A.VV Sárdoma
- Vogalía da Muller da A.VV Teis
- Vogalía da Muller da A.VV Val do Fragoso
- Vogalía da Muller da C.CR Cabral
- Vogalía da Muller da C.RAC Coruxo
- Vogalía da Muller da C.VC Valladares
- Vogalía da Muller da Federación A.VV. "Eduardo Chao"
- Vogalía da Muller da U.VCD Candeán
- Xerencia de Proxectos de Educación (Estatísticas Educativas). Área de solucións tecnolóxicas Sectoriais. Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Consellería de Educación.